BIBLIOTECA XERAL SANTIAGO

Public. Diaria-30

A NOSA TERRA

PERIÓDICO GALEGO SEMANAL

Espérpéntico debate sobre o cumprimento da lexislación lingüística — 4

Valoracións do sector despois de pechar as portas pesqueiras Marrocos — 7

Pedro de Llano explica o seu cesamento por Cuiña — 8

A campaña eleitoral nas Bascongadas en clave española — 16

A galega, "unha literatura de Frai Perico y su borrico" — 21

3 DE MAIO • 2001 • ANO XXIV • IV XEIRA — FUNDADO EN 1907 — Nº 985 • 200 PTA

Os cidadáns reviven os litíxios polo uso do idioma

Testemuñas dunha imposición

A responsabilidade é de quen nomeou a Múgica

En Enrique Múgica o Governo Aznar decia defender un candidato a *Defensor del Pueblo* que chegaba de extramuros do PP. A quen querian enganar? O xuiz de paz elexido era máis que nada de guerra. A biografia de Múgica revelaba sen moita investigación un barulleiro sionista, voluntário nos foros internacionais en que fose necesário acusar aos palestinianos de todas as desgrazas de Oriente Próximo; identificado con Afonso Armada na teoria de parar o golpe militar con outro golpe, baixo a carroceiria a penas primoriveirista dun *governo de concentración*. Se alguén no cúmio socialista defendeu a via policial quimicamente pura para Euskadi ese foi Múgica. O Governo considerou estas condicións por riba das demais, sobre todo o seu aliñamento a prol da solución comisarial para o País Basco. A circunstáncia de sofrer o asasinato dun irmán facíao acredor a todas as solidariedades democráticas e a nengunha confianza como executor equilibrado dunha institución do Estado.

Adelgázanse as razóns para dubidar que Múgica encargase presuntamente informes xurídicos favorábeis, pagados a conta da administración, para negarse a recorrer a Lei de Extranxeiria desde a oficina de *Defensor del Pueblo*. A Múgica córrelle o relóxio da resposta airada sen que aparezan as prometidas explicacións. Tamén do Governo se espera unha explicación. Aznar coidaba poder cargar na conta do PSOE todos os remos que Múgica rompese no cargo e agora atópase con que é a institucion pública do *Defensor del Pueblo* a que recebe un golpe gravísimo na credibilidade da cidadania.♦

Borobó

A nacencia do socialismo en Galicia. Pablo Iglesias "O Galego"

Unha historia ilustrada dun dos capítulos máis emblemáticos dunha Galicia diferente. O relato dunha testemuña privilexiada.



EDITORIAL GALAXIA

Convocada pola CIG e UGT para o 15 de Xuño

Un 1º de Maio protagonizado pola folga xeral

PAULA BERGANTIÑOS

A NOSA TERRA

Empresa Xornalística Editora:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
PRESIDENTE:
Cesáreo Sánchez Iglesias.
CONSELLEIRO DELEGADO:
Xosé Fernández Puga.
VOGAIS:
Xosé Mª Dobarro,
Alberte Ansede,
Antolín Fernández,
Manuel Veiga,
Xosé Castro Ratón,
Xan Costa,
Xan Carballa e
Miguel Barros.
SECRETARIO:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López

Redacción:
Gustavo Luca de Tena,
Xan Carballa, Manuel Veiga,
Horácio Vixande,
Arantxa Estévez, Carme Vidal,
Paula Castro, Paula Bergantiños,
César Lorenzo Gil.
EDICIONS ESPECIAIS:
Xosé Enrique Acuña.
DESEÑO DE MAQUETA:
Xoselo Taboada.

Colaboradores:
MADRID:
Manuel Seoane.
BARCELONA:
Iria Varela.
PORTUGAL:
Gonçalo Nuno.
SANIDADE:
María Alonso.
CULTURA:
Xoán M Estévez,
Celso López Pazos,
Manuel Vilar, Lupe Gómez,
Óscar Losada, Gonzalo Vilas,
Xosé M. Eiré Val,
Xosé Mª de Castro Erroteta,
Xesus González Gómez, Manuel
Rivas, Borobó.
LECER:
Eva Montenegro Piñeiro.

Fotografía:
Andrés Panaro.
Xosé Marra,
Voz Notícias.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro,
Carlos Silvar, Gonzalo Vilas,
Suso Sanmartín, Ana Pillado
Vega.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subs.anosaterra@terra.es

Vendas:
Xosé M. Fdez. Abraldes

Redacción e Administración:
Rua do Príncipe 22, baixo.
36202 Vigo
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
REDACCION:
(986) 43 38 86 - 22 24 05
Fax (986) 22 31 01
Correo Electrónico:
info@anosaterra.com
ADMINISTRACION. SUBSCRIPCIONS E PUBLICIDADE:
(986) 43 38 30*

Imprenta:
E.C. C-3 1958

Depósito Legal:
C-963-1977

ISSN:
0213-3105

Non se mantén correspondéncia sobre orixinais non solicitados.

Está permitida a reprodución sempre que se citar procedéncia.

Manifestación celebrada na Estrada contra o Decreto de Bilingüismo, promulgado en 1979, que en troques de potenciar o galego regulaba o seu uso e amparaba as denúncias contra os mestres que impartían aulas en lingua própria. XAN CARBALLA

Cregos, mestres, xornalistas e outros cidadáns reviven os seus litíxios polo uso do idioma

Testemuñas dunha imposición *que nunca existiu*

A. ESTÉVEZ

Será unha lenda a que di que os galegos padeceron a imposición do castelán durante séculos? Podiamos expresarnos no noso idioma tanto a nível oral como na escrita e non nos decatamos? Terá razón o rei cando asegura que foron as outras línguas as que fixeron seu o castelán? Non imos viaxar até a época dos Reis Católicos, nen a recoller as reivindicacións do Padre Sarmiento, nen a ler os poemas de Rosalia de Castro. Non é preciso.

Non ten setenta anos, nen viviu os tempos do franquismo. Sabela Costoia é unha moza da Coruña, que tras rematar a sua carreira, foi buscar traballo á cadea *Telepizza*. Ao entregar a solicitude de emprego no estabelecemento, o encarregado comproba que está en galego e explícalle a obrigatoriedade de falar en castelán neste estabelecemento. Cando Sabela xustifica a sua atitude, comunícanlle que a solicitude fica invalidada. Estamos en Decembro de 1996. Tivo os seus efeitos a campaña desatada contra a cadea de pizzas por colectivos en defensa da língua: hoxendia a carta do menu destes locais está redactada en ambos idiomas.

"Na empresa privada non só existe a imposición do castelán, senón que é moi difícil facer valer os direitos lingüísticos", explica Concha Costas, presidenta da *Mesa pola Normalización*. Un ano máis tarde do acontecido coa moza coruñesa esta asociación denunciaba un suceso semellante nas probas de selección de *Aldan Decoración*, empresa que conta con duas tendas en Santiago. Durante a entrevista e ante a resposta afirmativa dun candidato á cuestión de se falaba en galego normalmente, a responsábel da tenda informouno de que ali "non se falaba en galego".


Lois Taboada, mestre galeguista.

> A Sabela Costoia rexeitáronlle, hai só catro anos, unha solicitude de emprego en *Telepizza* por falar en galego.

"O me habla usted en castellano o no sigo atendiendo su llamada", "No disponemos de operadores que entiendan el gallego" ou "Mal que le pese estamos en España y nuestro idioma es el castellano". Estas son algunhas das respostas do variado repertório dos operadores do 1003 de Telefonica cando o usuário fala en galego. Nas alturas desta denúncia, en 1999, a compañia Telefónica aseguraba que dispuña dun servizo de atención en todos os idiomas do Estado.

Aparte os conflitos cotiás nas compañias de servizos, tanto no rexistro civil, como na xustiza en xeral ou no Exército déronse e danse atrancos para a normalización. Problemas moi sérios tivo o

Pasa á páxina seguinte

Vén da páxina anterior

mozo Brais Fernández Álvarez ao rexeitar as notificacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza por vir en castelán e de *La Coruña*. Avisábano como imputado nun suposto delicto de negativa á prestación social substitutória. Ao devolver a notificación e exixila en galego en reiteradas ocasións estaba xogando cunha orde de busca e captura, que chegou finalmente. Falamos do ano 1998.

Penaltis e vergoñas no seminário

Espazo esmagador para o galego dos adolescentes do rural resultou ser o seminário, no que estudaron tantos nos anos cincuenta e sesenta, e cuxas interioridades describe Afonso Eiré na novela *Amigos sempre*. A prática do futbol era utilizada polos curas para quitar o *mal hábito*. Ao escoitar unha palabra, falta; unha frase longa en galego custaba un penalti. Se alguén se rebelaba, caso do Veiga, –"non sei o castellano ¡carallo!, e as palabras quédanme na boca"–, recebia un



Manuel Espiña, pioneiro do uso do galego na igrexa.

moquete do cura e remataba no chan.

A Manuel Espiña, que non é un personaxe literário senón un sacerdote e profesor na Universidade da Coruña, nos tempos en que dirixia o seminário de Belvis, os aspirantes a curas baixábanlle a cabeza. "Dáballes vergoña apresentarme a sua família porque eu falaba galego. Despois comecei facer as reflexións nocturnas en galego e, ao dia seguinte da visita, non daba saudado a tanta xente, todos querian apresentarme aos seus pais".

Espiña é un deses "atrevidos", en palabras do historiador Francisco Carballo, que realizaba materiais litúrxicos en galego nos anos 60. Tras o Concilio II, en 1966, comezouse a adaptación do idioma da misa, o latin, ás línguas vernáculas. "Conseguiuse en 1969 que o galego fora aceitado por Roma. Tardouse tanto porque tiñan que estudar os casos dunha morea de línguas. A lentitude tamén se explica no clero do país, que no ano do Concílio, respostaban a un inquérito do *Faro de Vigo* que a língua vernácula da Galiza era o castelán. Hoxendia a galeguización dos ofícios relixiosos é case inexistente pero déronse pasos como que os bispos de Tui, Ourense e Lugo demanden dos cregos o uso do galego", explica Carballo.♦

Páxinas *toleradas* e datas esquecidas

"Tolerado se non nos pasabamos da raia". Dese xeito descrebe o xornalista Raimundo Garcia Domínguez *Borobó* a situación do galego na prensa durante o periodo franquista. Otero Pedrayo, Ben-Cho Sei (Xosé Ramón Fernández) e Eu-ben Sei (Manuel Beiras) foron algunhas das sinaturas que aparecian no xornal *La Noche*, ao que estivo vencellado Borobó, primeiro como xornalista e, despois, como director. "Permitíase nalgunhas colunas, mentres que a maior parte da información redactábase en castelán". Da mesma xeración, Francisco Fernandez del Riego, con 88 anos, foi un dos primeiros en respostar ás declaracións do rei. Ninguen mellor que el para lembrar o soterramento do galego nos anos do franquismo. Eis algunhas datas esquecidas no discurso do monarca.

1940: Artigo 1 da orde ministerial do rexistro civil: "Tratándose de españois, os nomes deberán consignarse en castelán". Asimesmo todos os funcionários terán que expresarse neste idioma senón "quedarán ipso facto destituídos sen ulterior recurso".

1942: *El Ideal Gallego* dá conta de que "o governador da província multou a várias viciños por falar en público en galego".

1951: O Director Xeral de Prensa Juan Aparicio López, quen pensaba que o galego era máis perigoso que o euskera e o catalán pola conexion americana, ordeou verbalmente aos directores dos xornais que non acollesen nas suas páxinas texto algun escrito en galego. Pouco despois comunica de ofício que quedaba proibida a publicación de calquer "nota, comento ou artigo" na língua própria.

No último dia dese ano Gómez Román entra na Real Académia e Otero Pedrayo encarrégase da resposta. Pero unha disposición guvernativa proibe que o fagan en galego. Asimesmo Francisco Fernández del Riego ten que editar a sua primeira *Historia da Literatura galega* en castelán.

1955: Cataláns, bascos e galegos solicitan no congreso da UNESCO de Montevideo a protección, respeito e fomento dos idiomas próprios. Del Riego lembra nas suas memórias que a denuncia "magoou" á comisión española formada entre outros por Manuel Fraga.

1963: Instáurase o *Dia das Letras Galegas* tras a autorización do Ministerio de Educación.

1968: Unhas 3.700 persoas, entre as que se atopan Uxio Novoneira, Xosé Luís Franco Grande, Bernardino Graña, Camilo José Cela, quince sociedades americanas e várias asociacións galegas demandan a introdución do galego no ensino oficial. A demanda bate co siléncio.

1983: O Parlamento aproba a Lei de Normalización, ainda que o Tribunal Constitucional non aceita "o deber de coñecer o galego".♦

'Suspendéronme de soldo en 1980 por dar clase en galego'

"No ano 1969 destináronme á escola en Bretoña. Ainda que estudara en castelán a min parecíame unha traizón chegar ali e non dar as clases en galego. Supoño que resultaria pintoresco porque unha equipa da televisión francesa veu gravarme", sinala o escritor e mestre lucense Paco Martin que, ante a carência de materiais escolares en galego, ia elaborando os seus próprios e adiantándose ao que serian os primeiros libros en galego na escola, *Lua Nova*, da sua autoria. Doutra xeración, Lois Taboada, mestre ourensán, lembra aos seus 83 anos que comezou a exercer no ano 1941 e impartiu clases durante máis de trinta anos na parróquia de Boimorto no concello ourensán de Vilamarin. "Tiña que dar as clases en castelán. Fora da aula expresábame en galego. Miña muller tamén era mestra e tiñamos moita relación cos curas, quen sempre argumentaban que o galego non se falaba en Ourense, pasando por alto que os nenos vianse obrigados a falar en castelán", conta Taboada, que se integrou nas *Mocidades Galeguistas* en 1932.



Xosefa Baamonde.

> Impartir clase en galego custoulle a Xosefa Baamonde seis meses de suspensión de salário e emprego en 1980.

Se a nengun mestre se lle ocurria impartir aulas en galego nos anos cuarenta, facelo durante a transición tampouco estivo exento de riscos. Se non que llo conten a Ramón Varela, X. Manoel Penas e Xosefa Baamonde, mestres que padeceron expedientes nos anos 1979 e 1980. "Traballaba en Rois e dous pais de alunos, un deles secretário do concello, denunciaron que eu daba clase en galego. Daquela, Outubro de 1980, estabamos en vísperas da aprobación do Estatuto pero ainda nos rexiamos pola Lei de Educación do franquismo que non permitia o galego nas aulas. Asi que estes dous pais fixeron unha boa argumentación e a delegación de Educación abriume expediente", conta Xosefa Baamonde.

Esta profesora lembra que o inspector encarregado do seu caso pertencia ao Partido Galeguista. "Nen a el nen ao ministério lles interesaba un conflito como aquel, estabamos xa na transición", di. A finais de Xaneiro de 1981 celebrábase unha manifestación en Padrón apoiando a mestra represaliada. Até o verán de 1981 Xosefa Baamonde estivo suspendida de emprego e só cobraba o 30% do salário, unhas 20.000 pesetas mensais. O expediente resolveu contra ela unha falta grave e o translado de centro de ensino. "Cheguei ao novo centro da Coruña e moitos profesores víanme como se tivera cornos, pero para evitar os conflitos xa se permitia que o 50% das aulas foran impartidas en galego. E nengun centro acadaba esa porcentaxe", sinala Xosefa Baamonde.♦

Morrer docemente

A opresión, o silenciamento, o ocultamento superestrutural que o galego padeceu non é cousa que se remonte aos 40 anos de ditadura franquista, como alguns queren facernos crer. Nen sequer ao século xx. Afunde as suas raiceiras na "Doma e Castración de Galiza" decretada polos Reis Católicos, política continuada logo polos seus sucesores.

A situación actual do galego non é algo casual, nen unha decisión dos cidadáns, como quere teorizar Regueiro Tenreiro. É froito dun fenómeno histórico colonialista; un proceso cruento, dooroso, esnaquizador dun povo, pero tamén de persoas con nomes, apelidos e vida de seu ao longo da história. Non é unha imposición abstracta, polo tanto, é algo concreto que, ainda hoxe, ten nefastas consecuéncias que podemos enumerar, cuantificar.

Consecuéncias que están vivas, perenes na vida de moitos e que, a moitos outros lles foron transladadas, transmitidas tanto pola conciéncia de povo como pola imposición e asoballamento históricos que non se borra en xeracións.

Poderíase pasar por alto a afirmación real de que o español non nos foi imposto se esta fose unha desputa académica ou un bríndis a unha língua coma o español no seu dia de festa.

Pero non é nen unha cousa nen outra. É o reflexo dunha política que, de novo, pretende aniquilar ás línguas minorizadas da península. Non hai máis que ollar as propostas eleitorais do PP a respeito do euskera no País Basco ou a retirada de rótulos bilíngües en Nafarroa. Ou o documento redactado polos *populares* bascos e cataláns en 1997 e dado a coñecer xa hai meses nestas páxinas. Nel deseñábase toda unha estratéxia contra o euskera e contra o catalán, con nomes e apelidos dos arietes: persoas e colectivos.

Co galego a política é outra porque o PP controla os resortes institucionais e lexislativos. É quen de, cun pretendido discurso normalizador e o control informativo, dar a imaxe dunha auséncia de conflito lingüístico ao instalarnos no ceo do "bilingüismo harmónico". O diñeiro da normalización utilízase para acalar voces e mercar conciéncias. As leis para promocionar e defender o galego convértense en normas de segunda que, mesmo declaran publicamente, non son para cumprir. A defensa do galego utilízase como exclusión do politicamente correcto.

Dentro de pouco, se ainda segue no poder, a direita española dirá (están xa comezando a pór en prática a teoria con este fin) que se o galego se extingue é por culpa dos próprios galegos que abrazamos o español con entusiasmo. Nestes momentos, certamente, non se pode afirmar que exista unha lexislación contrária ao galego. Pero compren accións positivas para pór a funcionar na sociedade e no uso público as disposicións legais promulgadas a prol sua.♦

A NOSA TERRA



A. PANARO / Arquivo

Á deputada do BNG Mª Pilar Garcia Negro, á direita, foille imposíbel, unha vez máis, debater co governo, que utiliza ao conselleiro da Presidéncia Pita Varela como ariete, sobre o cumprimento da lexislación lingüística.

Un debate sobre o cumprimento da lexislación pon de manifesto as concepcións dos grupos parlamentários

Tres visións sobre a política lingüística

A.E.

O debate non tivo desperdício. Tratábase de analisar o cumprimento lexislativo en matéria lingüística a proposta do BNG, e tanto o PP coma o PSdG-PSOE deixaron constáncia no Parlamento das suas posturas. Sabidas as do PP, surpresiva a do PSdG-PSOE. Moi reveladoras ambas.

"Preocúpannos as múltiples normativas existentes, preocúpanos o cuestionamento da autoridade lingüística do Instituto da Língua Galega e, mesmamente, da Real Académia Galega. Preocúpanos tamén a utilización das distintas normas en publicacións, na prática docente e en libros de texto. Resultan tamén preocupantes actitudes sectárias de carácter individual ou colectivo que poidan despertar o rechazo da nosa língua".

Estas son as preocupacións do PSdG-PSOE sobre o cumprimento da lexislación en matéria lingüística, segundo o seu secretário de organización, Antón Louro. Un deputado para o que, á Xunta, o que haberia que perguntarlle é por "cuestións graves", como a "confusión que se cria coa utilización de múltiples normas lingüísticas" e nos "próprios centros docentes" onde hai xente que utiliza "normativas que pouco teñen que ver coa nosa". Louro pergúntalle á Xunta cantos expedientes abriron por esta cuestión ou por utilizar libros de texto "que non son libros de texto escritos en galego".

Esta intervención producíase no pleno do 18 de Abril no Parlamento. A cuestión a debatir era o "cumprimento da lexislación en matéria lingüística por parte da Xunta de Galicia", froito dunha interpelación da deputada do BNG Maria Pilar Garcia Negro.

Poñia de manifesto a deputada nacionalista o incumprimento da lei a respeito da toponímia, denunciando a "insubmisión e rebeldia a este respeito por parte do governo municipal da Coruña" e solicitando da Xunta que "aclare a sua posición ao respeito". Tamén afirmaba Garcia Negro na sua intervención que non se cumpre a lei nas entidades locais "sendo unha lei de segunda clase que pode ser burlada con toda tranquilidade".

Solicitaba da Xunta a deputada nacionalista información sobre os incumprimentos legais nas suas publicacións, nos anúncios ou nos grandes cartaces publicitários. Interrogou tamén ao Governo sobre os resultados das xestións realizadas coa universidade ou a igrexa para que use o galego, "tendo competéncias exclusivas sobre a primeira entidade e dándolle cuantiosas axudas á segunda institución".

Denunciou tamén o incumprimento das matérias que no ensino se deben impartir en língua galega e nos meios de comunicación, onde se incumpren os convénios asinados, pero entrégaselles igualmente aos meios o diñeiro público ainda que descende o uso do galego na maioria dos casos á metade do pactado.

Lei de segunda fila

"Vostede sae aqui e di o que se lle ocorre", retrucoulle o deputado de EdG, Pazos Varela a Pita. Pazos puxo de manifesto que ainda que se multiplican os orzamentos adicados teoricamente á normalización lingüística "non hai nengun seguimento, nengun control de como se gastan". Bateu, de novo, no ferro do incumprimento da toponímia por parte das distintas administracións, acusando á Xunta de usala deturpada en libros, mapas, etc.

A respeito do ensino, indicou como a mesma Xunta recoñece o incumprimento de até un 50% en determinados tramos educativos, denunciando que a Xunta distribuiu polos centros vídeos en castelán "en matérias que obrigatoriamente teñen que ser dadas en galego, concretamente bioloxia e xeoloxia, afirmando a empresa que os teria realizado en galego se asi lle fose solicitado".

Tamén lle botou en cara ao PP o rexeitar unha proposta para utilizar selos de correos plurilíngües, proposta aceitada en todo o Estado. Ou outra proposta para que o galego figurase tamén na sinalización das autoestradas.

Para rematar, o deputado de EdG acusou a Pita de desvirtuar totalmente o debate como fai sempre e ao PP de considerar que a Lei de Normalización Lingüística "é unha lei de segunda que non hai que facer cumprir e só é necesário convencer".♦

A resposta de Xaime Pita

Ao único que respostou Xaime Pita foi que, no caso da Coruña, "é un tema sobre o que se pronunciaron os tribunais e son eles competentes para velar polo seu cumprimento". Nengunha respota concreta máis á interpelación nacionalista. Iso si, afirmou que facia unha "avaliación positiva, sen acadar o obxectivo final porque é moi difícil de acadar". A continuación fixo un cántico da política lingüística do Governo Fraga. Afirmou que se constituiron 424 servícios municipais de normalización (Galiza ten 315 concellos) e que o galego foi a língua que máis medrou: "enténdena o 98,39%; fálana o 89,2%; léena o 68,4%, e escrébena o 52,9%". O aumento, segundo o conselleiro, a respeito de 1993 é significativo: un pouco máis do 1,2% entre os que o entenden; 2,8% máis entre os que o falan; 22,5% entre os que o len e un 25,8% máis entre os que o escreben.♦

A. EIRÉ

Reflexións en Maio

É necesário debater sobre o cumprimento lexislativo a prol do galego? Se as leis, desde o Estatuto á Lei de Normalización Lingüística, recollen a necesidade dunha discriminación positiva a prol do galego e as alarmas dispáranse falando de retrocesos no seu emprego e mesmo de desaparición con data da caducidade, algo está a fallar. Ou as leis non son adecuadas para o fin con que foron criadas (normalización lingüística), ou non se cumpren, ou son utilizadas nun senso deturpador e un espírito contrário ao da própria norma. Ninguén dubidará que, 20 anos despois de aprobarse o Estatuto, é un bon momento para realizar un repaso da situación e que o Parlamento é o lugar adecuado para comezar ese debate reflexivo.

Pero, polo que se pudo comprobar ao longo destes 12 anos, o PP non quer debatir. E moito menos da língua. A sua política do "bilingüismo harmónico" basease en que hai auséncia total de conflito, mentres o galego vai esmorecendo adicado institucionalmente a funcións protocolares. O debate, para o PP, xera conflito, impide a sua política renarteira de sustituir progresivamente o galego polo español coa apariéncia de que se apoia a língua própria.

A política do PP é sabida, málias emascarala, e tamén o seu parlamentarismo bufón, cunha contestación de Pita Varela que foi un contínuo insulto. O conselleiro da Presidéncia non só acusou a Garcia Negro de "ter un discurso quitado de antes da existéncia da língua galega", senón que afirmou que "saiu aqui a falar quen non defende baixo nengun aspecto a língua galega". Desquiciado como sucede a cotio cando sube á tribuna afirmou que a deputada do BNG ten unha língua própria que non é o galego, argumento ditirámbico que usa con frecuéncia nos debates sobre o noso idioma.

Máis preocupante é a intervención de Antón Louro, que non só acusou aos nacionalistas de "querer instumentalizar a língua", senón que existindo un incumprimento manifesto da lexislación actualmente e unha história de castigos directos polo uso do galego e imposición do español, Antón Louro está moi preocupado polas diferentes formas gráficas que se utilizan ou os diferentes libros de texto existentes en nome dunha pluralidade recoñecida constitucionalmente.

Débese a intervención de Louro á sintonia que persegue con Francisco Vázquez (até foi quen de ensalzar as iniciativas impulsadas desde o concello da Coruña en matéria lingüística), á política de Carlos Príncipe que se nega a falar en galego desde que pactou co BNG, ou aos pactos asinados entre PP e PSOE en Madrid? Recordemos que o voceiro socialista no Congreso, Jesús Caldera, defendeou o discurso da Coroa no que se afirmaba que o español nunca se impuxo.♦

O 1 de Maio estivo protagonizado
polas críticas ao Governo central e a división entre UGT e CCOO

CIG e UGT convocan unha folga xeral para o 15 de Xuño

Non foi a primeira celebración do Dia da Clase Traballadora do século unha máis. Este 1 de maio do ano 2001 vai quedar marcado para a história porque ese dia non só se anunciou por parte da CIG e UGT e convocatória dunha folga xeral para o 15 de Xuño, senón que UGT e Comisións rachan, de feito, a sua unidade de acción apresentada todos estes anos coma o grande logro sindical. Imponse unha nova dinámica.

A precariedade laboral e a política guvernamental: reforma laboral e das pensións, marcaron o 1 de Maio, mália a existir tres convocatórias diferentes. Pero se nas da CIG por unha banda e CUT, CGT e CNT, o rexeitamento á política guvernamental foi unánime, nas de UGT-CCOO non só diferiron as suas consignas e os discursos dos seus líderes, senón a valoración dos decretos lei promulgados por Aznar.

Consecuéncia desa política guvernamental, "cunha reforma laboral permanente e interminábel", en palabras do secretário xeral da CIG, Fernando Acuña, é a convocatória da folga xeral para o 15 de Xuño. Unha folga xeral impulsada pola CIG e UGT, que non vai coincidir coa xornada de loita que o sindicato ugetista vai celebrar posibelmente en Outubro en todo o estado. Tanto a CUT coma a CGT e a CNT anunciaron tamén que se sumarán a esta convocatória de loita, adiantada ao final da Primavera para "non embazar a campaña eleitoral".

As condicións laborais levaron a que as mobilizacións deste 1 de Maio fosen as máis importantes dos últimos 12 anos. Na imaxe a máis importante das celebradas na Galiza, a da CIG, que rematou na Porta do Sol de Vigo. PAULA BERGANTIÑOS

Adiantándose tamén ás razóns que tanto desde o PP coma desde CCOO van pór en circulación para tratar de facer fracasar a xornada de loita, o secretário comarcal da CIG en Vigo, Xosé Abraldes, perguntouse se "din que nós somos do BNG e UGT do PSOE. Daquela, Comisións, que pacta co Governo central e se nega a secundar a folga, de quen é? Loxicamente do PP".

As críticas de UGT a Comisións nos discursos finais das manifestacións non foron directas, pero nos discursos, por exemplo de Xesus Mosquera, o seu secretário xeral, existia un rexeitamento da política dos seus compañeiros de convocatória ao criticar a política guvernamental, particularmente a reforma do plano de pensións. Xoán Maria Castro, o secretário xeral de CCOO, pola sua banda, loubaba os acordos e o paso adiante que estes supoñian para os traballadores. O desacordo levou a que as manifestacións destes sindicatos estatais se visen moi mermadas, como en Vigo, lugar da manifestación central, onde os seus efectivos víronse reducidos un tércio a respeito do ano pasado.

As diferencias entre CCOO e UGT

Na Coruña CCOO e UGT non realizaron manifestación conxunta. Nesta localidade, ademais das posturas enfrontadas a nivel xeral, sepáraos os proxectos distintos a respeito da fábrica de armas Santa Bárbara. Pero as acusacións contra Comisións Obreiras foron unánimes por parte dos seus compañeiros de marcha en todas as cidades, sendo moitos os que os califican de "sindicato do PP", poñendo de manifesto as actuacións no ensino, na administración autonómica ou en sanidade.

Máis belixerantes era ainda un grupo de cadros que en Vigo decidiron abandonar Comisións e integrarse na CGT, que calificaban aos seus ex compañeiros como "vendidos" e "lacaios do PP". Berros que se intensificaron despois de rematar na Porta do Sol viguesa a manifestación da CUT, CGT e CNT. Na vez de disolverse, a maioria dos manifestantes decidiron seguir ocupando a praza ante a chegada da comitiva de UGT e Comisións, impedíndolles o paso durante 15 minutos entre insultos. Mentres tanto, desde Comisións clamaban pola "unidade". Ao final os manifestantes máis radicais optaron por retirarse, ainda que quedaron moitos escoitando os discursos de Mosquera e Castro. Intervencións que, neste caso, non tiveron o apoupamento que recebeu noutros lugares, como en Madrid, o representante de Comisións.

En Compostela, duas persoas encarapuchadas, aproveitaron o feito de que a manifestación da CIG pasaba por diante das dependéncias de *El Correo Gallego* para rachar cos cristais do trinque do xornal. Non é esta a primeira vez que se agrede ao rotativo compostelán. Agresión condenada imediatamente pola CIG e entendida como "lóxica" pola organización independentista AMI.

Estes dous feitos, foron as únicas novas que se sairon do guión dunha celebración que rachou de facto coa unidade de acción entre CCOO e UGT e que, segundo Fernando Acuña, "foi para a CIG a celebración máis importante e numerosa dos últimos 12 anos".♦

Delegación de alcaldes do Bierzo defende o galego en Bruxelas

Tras as xestións do eurparlamentário do BNG, Camilo Nogueira, unha delegación de alcaldes e edis do Bierzo cursa unha visita ao Parlamento europeu. O tres de Maio, os alcaldes e concelleiros mantiveron unha reunión coa Comisión das Línguas Minorizadas para defender o galego nunha zona que sofre ataques desde a *Junta de Castilla-Leon*, como a proibición do seu uso na rotulación das ruas. Á reunión só asistiron alcaldes de once concellos, ainda que si concelleiros doutros municípios. O rexedores ausentes (todos do PP) tiñan confirmada a sua presenza pero a intermediación do PP galego fixo que repentinamente todos enfermasen.♦

O PP galego constitue grupo próprio no Senado

O PP de Galiza constituiu un grupo territorial no Senado para "defender as demandas da comunidade" e para "galeguizar" as Cortes e o Parlamento. O ex conselleiro Vítor Manuel Vázquez Portomoñe será o portavoz do PP galego no Senado, que non é propriamente un grupo parlamentário, ainda que terá certa autonomia. O galego será o sexto grupo territorial do Partido Popular, despois do de Astúrias, Cantábria, Múrcia, Navarra e Valéncia.♦

O Governo central adia o AVE para o 2010

Ante unha pergunta do BNG no Senado, o Governo central recoñeceu que a alta velocidade non estará lista na Galiza deica o ano 2010 e corrixiu así a data de Cuiña do 2007. O ministro Francisco Álvarez Cascos tamén admitiu que o único proxecto de alta velocidade definido é o do corredor atlántico entre A Coruña e Vigo, e non as conexións coa Meseta. O anúncio dun tren de ancho europeu entre A Coruña e Vigo é máis críbel que o do tren a Madrid, xa que Cascos sinalou que o único proxecto en marcha de alta velocidade no Estado é o AVE entre Madrid e Barcelona cara a Franza, ademais da liña litoral galega. Por outra banda, Cascos sinalou que a conexión entre Ourense e Lubián é dificultosa e iso compromete o AVE entre Galiza e Castela.♦

Os CAF aproban unha unión confederal cos CAE

Os dias 28 e 29 de Abril celebrouse na Coruña a XVII Asemblea Nacional dos Comités Abertos de Faculdade (CAF) co lema *A alternativa nacionalista na defensa do estudantado galego*. A organización aprobou as suas liñas de actuación e escolleu a sua nova dirección que estará formada por 12 persoas ás que se unirán os responsábeis de cada campus. A decisión máis importante foi a de aprobar a sua unificación cos *Comités Abertos de Estudantes* (CAE) através dunha fórmula confederal. O Congreso desta única organización estudiantil poderia celebrarse a princípios do vindeiro curso.♦

AENA destina o 0,8% dos seus orzamentos aos aeroportos galegos

Unha pergunta parlamentária do BNG no Congreso permitiu coñecer que a Axéncia Española da Navigación Aérea, AENA, só destina o 0,8% dos seus presupostos a investimentos nos aeroportos galegos. O Governo central omitiu dados sobre os investimentos noutros aeroportos do Estado, en opinión do BNG para "que non fique patente a diferenza de trato". Igualmente, o Governo de Aznar informou que ligará o desenvolvimento das terminais galegas á evolución da "demanda local", o que significa a renúncia a facer unha oferta conxunta de servizos para que sexan máis competitivos frente ao Porto, como pedia o BNG. O Executivo central tamén informou que Lavacolla terá un sistema anti-néboa mellor que o do Porto e que en conxunto os aeroportos galegos recebirán vintenove mil millóns de pesetas en 2001. O esquema do Governo central para as terminais galegas implica que Vigo e A Coruña podan acoller voos europeus e Compostela inter-oceánicos.♦

O Ministério de Fomento licitará a circunvalación de Vigo

Despois de anos de retraso, o Ministério de Fomento decidiu entregar ao concello de Vigo o proxecto para concluir o segundo cinto de circunvalación da cidade, que tiña apartado desde habia anos, ainda acusaba ao concello do adiamento asegurando que era o município quen non aprobaba o proxecto. As negociacións que desembocaron no anúncio do acordo tamén permitiron introducir unha série de demandas do concello, como a conexión co parque tecnolóxico e co futuro polígono de Návia e a zona industrial de Citroën. Prevese que no verán se expoña o proxecto definitivo e que se liciten as obras ao longo deste mesmo ano de 2001, para concluir en dous anos.♦

OPINIÓN

A RESPEITO DO DEPÓSITO DE RESÍDUOS TÓXICOS EN OZA

CARLOS AYMERICH CANO

A Autoridade Portuária da Coruña está a construir un vertedeiro de resíduos tóxicos sobre a praia de Oza. Situa-se a escasos metros de miles de vivendas, do complexo sanitário da Coruña e de várias instalacións universitárias. É un depósito de resíduos contaminantes provenientes da dragaxe xeral do porto. Este depósito é permeábel ás marés, o que ven demonstrar a sua absoluta falta de isolamento e o perigo certo de contaminación da ria coruñesa. Van-se deitar aproximadamente 55.000 m³ de lamas contaminadas con PCBs, cádmio, chumbo, cobre, mercúrio e zinc, aos que ainda se deben somar os máis de 100.000 que se van botar na zona das Xacentes. Esta zona é un caladoiro tradicional da flota de baixura situado a escasas duas millas da Torre de Hércules.

P. BERGANITÑOS

'Somos os que nos consideramos atinxidos polo depósito de resíduos de Oza. Somos cidadáns e cidadás aos que Francisco Vázquez xa non nos vende nengunha moto. Ainda que sexa unha "*Harley Davidson*".

Semellante atentado á saúde pública e ao meio ambiente dun ecosistema xa gravemente danado pola falta de depuración de augas residuais está-se a perpetrar non só coa tolerância, senón mesmo coa cumplicidade aberta das diferentes Administracións.

A primeira responsabilidade é a da própria Autoridade Portuária. Alén da falta de transparéncia coa que actuou neste asunto, gastou importantes somas de cartos públicos en propaganda mentireira nos xornais da comarca. Ameazou con accións xudiciais ao único xornal que investigou pola sua conta sen limitar-se a facer seguidismo das consignas emitidas polos servizos de comunicación do Sr. Couceiro. Todo un exemplo de boa administración do erário público.

Seguidamente a Administración galega, incluída a Consellaria de Pesca, non adoptou iniciativa algunha a respeito deste vertido, nen tan sequer de simples investigación. Limitou-se a recoñecer nun informe datado o 3 de Xuño de 1999 a elevada concentración de substáncias contaminantes existente nas lamas do porto da Coruña.

Pola sua parte, o Ministério español de Meio Ambiente tampouco parece ter intención algunha de emitir a preceitiva declaración de impacto ambiental sobre o vertido de resíduos tóxicos en Oza. Por suposto, ainda menos de empregar as competéncias que por lei lle corresponden para paralisar esta actuación e esixir aos directivos do porto coruñés as responsabilidades en que puidesen ter incorrido por tan grave agresión ao meio ambiente.

Non podia faltar tampouco o Fiscal Chefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. O infausto Sr. Garcia Malvar, na sua liña habitual, mofou-se da intelixéncia dos cidadáns e animou-nos a denunciar este atentado ambiental. Omitiu, sen embargo, que, entre os seus deberes, está o de actuar de ofício e investigar acerca da máis que probábel comisión dun delito ambiental por parte do Presidente da Autoridade Portuária, o Sr. Couceiro.

Porén, se algunha Administración debe ser destacada nesta triste competición é, sen dúbida nengunha, o Concello da Coruña. Nun insuperábel exercício de cinismo político, os representantes municipais votaron a favor do vertedeiro de Oza na reunión do Consello de Administración da Autoridade Portuária do 27 de Xullo de 2000. Solicitaron máis tarde, o 3 de Febreiro deste ano, a concesión da bandeira azul para a praia de Oza. Finalmente, evaporados os devaneios ecoloxistas da concelleira de meio ambiente e deputada no Congreso, Sra. Marón, o próprio Francisco Vázquez declarou que "*si el puerto hace una obra de estas características es que adoptó todas las medidas legales y estudios pertinentes*". Para el, trata-se dun asunto "*ajeno al Ayuntamiento*".

E seguramente ten razón. Todo o que non sexa ornato e aparéncia é alleo ao Sr. Francisco Vázquez. Estamos perante o Alcalde que vendeu o seu siléncio a respeito da balsa de Oza a cámbio da promesa dun novo treito de paseio marítimo e da certeza de novas operacións imobiliárias especulativas nos terrenos da Autoridade Portuária. É un Alcalde, non o esquezamos, que ainda ten a sua cidade sen depuración de augas residuais, caso único no Estado español entre as do seu número de habitantes.

Mentres tanto, todas e todos os demais –asociacións de viciños, desportivas, culturais, sindicais, ecoloxistas, profisionais e políticas como o BNG– manifestámo-nos o 3 de Maio para reclamar o mínimo respeito para o meio ambiente e a saúde dos cidadáns. Somos os que si nos consideramos atinxidos polo depósito de resíduos de Oza. Somos cidadáns e cidadás aos que Francisco Vázquez xa non nos vende nengunha moto. Ainda que sexa unha "*Harley Davidson*".♦

CARLOS AYMERICH é deputado do BNG nas Cortes Xerais do Estado

OS DIREITOS DOS TRABALLADORES/AS

XOSÉ MANUEL LAGE TUÑAS

Vén o governo de Aznar de asinar o "Acuerdo para la mejora y el desarrollo de la protección social" logo de facer no mes de Marzo unha reforma laboral de carácter parcial, a través de Decreto-Lei, isto é, ás bravas, sen contar co conxunto dos axentes sociais e políticos do Estado.

Tanto a citada reforma como o último acordo social afectan de xeito negativo a moitos traballadores e traballadoras deste país, e maiormente a aqueles cotizantes do Rexime Especial Agrário e do de Traballadores do Mar. Ante isto cómpre poñer luz sobre as reformas que está poñendo en marcha o executivo de centro-direita.

En primeiro lugar destacar a integración dos reximes do agro e do mar no rexime xeral da seguridade social sen antes ter en conta os condicionantes e particularidades destes dous sectores, e polo tanto sen prever nengun tipo de bonificación ou similar. Se pasar a cotizar coma os autónomos forma parte das bondades intrínsecas deste acordo van listos os mariñeiros e gadeiros galegos, principais prexudicados pola reforma social do Partido Popular.

Un segundo aponte serve para explicar que este acordo exclue das posibilidades da xubilación anticipada aos traballadores por conta allea encadrados no Rexime Especial Agrário. Polo exposto podemos comprobar o grande interese da direita por potenciar os sectores produtivos básicos da Galiza e das suas bisbarras.

Hai só unhas semanas, no último retiro do Governo da Xunta, Fraga e o seu gabinete falaban dun plano para que os xóvenes regresaran ao campo, ás explotacións e se insertaran de novo na cadea produtiva do mundo rural. É necesário facer algun comentário máis despois de ver como lexislan os mesmos que predican?

Que dicer de como afectarán aos mariñeiros estes acordos governamentais, só cun governo insensíbel e no que a pesca non entra dentro das suas prioridades é posíbel este desaguisado, xusto cando está o sector a pasar por un dos momentos máis delicados na última década.

Non só os acordos son prexudiciais para uns sectores concretos senón que no plano xeral o traballador perde. O recoñecimento do direito á xubilación anticipada para quen teña cotizado con posterioridade ao 1967 supedítase a unha série de requisitos que restrinxen ese direito. Por poñer un exemplo, os coeficientes redutores do "Acuerdo" son moi altos e provocan unha perda enorme para un traballador ainda que este leve traballando 25 ou 30 anos. En definitiva, o direito do traballador á xubilación anticipada non queda contemplado, e o recurso á mesma obterase en condicións máis negativas: requirense máis anos de cotización, unha idade superior, e cunha maior penalización.

Pola contra nos países da UE e do noso entorno o que sucede é que a xubilación anticipada cando se ten cotizado un número considerábel de anos, ou non se penaliza ou a penalización é bastante menor.

A isto hai que sumarlle a derogación da disposición adicional décima do Estatuto dos Traballadores, eliminando asi a posibilidade que se lles daba aos convénios de pactar outras idades de xubilación á marxe do estabelecido con carácter xeral nas normas de Seguridade Social. (Esta disposición permitia a posibilidade de estabelecer, a través da negociación colectiva, un límite máximo de idade para traballar) Deste xeito elimínase un dos instrumentos básicos que mellor xogo dan á política de fomento do emprego: a renovación da povoación traballadora mediante o mecanismo de substitución dos maiores polos xóvenes.

Estamos ante a supresión dun direito histórico dos traballadores españois. Se temos en conta a tendéncia a ampliar o número de anos cotizados necesários para ter direreito ao 100% da pensión, a medida obrigará a moitos traballadores a pospoñer a sua xubilación. O Partido Popular acaba de romper unha parte importante do sistema de protección social instaurado nos últimos vinte anos.

Por último cabe facer duas observacións xerais. A primeira é que non parece moi coerente que cada pouco tempo se modifiquen as condicións sexan de acceso ou de cálculo das pensións, ou do acceso ao mercado laboral cunha lexislación cambiante e pouco clara. No primeiro caso acarrexa inseguridade e, sobre todo, desconfianza cara o sistema público, no segundo pode ser a mostra evidente dun governo de direitas, ao que a Europa social quédalle moi lonxe. A segunda ocórreseme ollando a campaña institucional da Xunta de Galicia: Galicia @ punto, pero con este panorama, Galicia a ponto de qué?♦

JOSE MANUEL LAGE TUÑAS é Secretário Executivo da CENG do PSdeG-PSOE. Membro do Comité Federal do PSOE

Dia das Letras Galegas



Don Eladio Rodríguez González

De Xoán Carlos Lagares

COLECCION ESENCIAS

A NOSA TERRA

Marcha celebrada en Ribeira antes de anunciarse que non haberá novo acordo pesqueiro. Voz Noticias

Cualificadas de bravatas as ameazas de Aznar a Rabat

O sector pesqueiro repróchalles á Xunta e ao Estado a sua pasividade ante a UE e Marrocos

H.V.

A decisión da Unión Europea avalada por España de renunciar a un acordo pesqueiro con Marrocos despois de dezaoito meses de negociación, foi mal acollida polo sector pesqueiro galego, que reprochou a Xunta e o Estado a sua pasividade cando non a complacéncia ante uns intereses alleos que o PP coñece e recoñece. Agora, as demandas céntranse en exixir que a recolocación da frota non signifique unha merma nas condicións laborais dos pescadores.

O aval do Estado español á renúncia comunitária de negociar con Marrocos un novo acordo pesqueiro desagradou profundamente ao sector na Galiza. Portugal ou Andalucia eran partidários de continuar as negociacións pero con obxectivos máis ambiciosos que a oferta marroquina, que unicamente se centraba na recolocación da frota artesanal en caladoiros sen recursos.

Con Marrocos aconteceu o que todo o sector levaba anunciando dezaoito meses: que non haberia acordo. Non era a primeira vez que a Unión Europea xestionaba unhas negociacións para que a sua consecuéncia fose que non se asinase acordo nengun. A mesma filla do presidente, Carme Fraga, desde o seu escano de deputada no Parlamento europeu denunciaba o "escándalo" da non consecución dun acordo pesqueiro con Groenlándia, ainda que a europarlamentária popular ignoraba intencionadamente que o seu partido era cómplice ao permitir esa situación. O temor do sector é que a condescendéncia coa que se comportou a UE anime a outros estados, como Mauritánia, a formular exixéncias que posteriormente aproveite a UE para renunciar tamén a asinatura deses acordos.

Na pesca, en Europa, a prevaléncia dos intereses dos estados do Norte sobre os do Sul é algo que denúncian figuras como o conselleiro de Pesca, Amáncio Landin. O portavoz da Mesa de Defensa da Pesca, Xabier Aboi corrixe estas afirmacións e asegura que a sumisión ten outras causas como o interese de España en utilizar a pesca como moeda de cámbio. "Non importa tanto ter un galego na Dirección Europea de Pesca como decidir a política pesqueira, e nese caso España deixa facer", asegurou Aboi.

Tamén non tivo boa acollida o anúncio de José María Aznar de sancións contra Marrocos. O sector cualificouno de bravata sen sentido, sobretodo despois da sua pasividade ao longo de dezaoito meses. "Iso si que é colonialismo, e do ráncio", indicou o portavoz da Mesa para a Defensa da Pesca, Xabier Aboi.

A Mesa de Defensa da Pesca, na que están representados armadores e pescadores, ademais doutros sectores sociais, ve complicidade do Estado español no fracaso do acordo marroquino. Esta organización considera sospeitosa a coincidéncia no anúncio de que non continuarian as negociacións coa prórroga de tres meses na vixéncia do convénio pesqueiro con Senegal. "O Estado español sumaria demasiados fracasos e algunha man fixo prorrogar este convénio", indica Aboi. A pergunta é, se o Estado español é quen de facer prorrogar un convénio, por que non impulsa a sinatura do acordo pesqueiro con Marrocos?

Por outra banda, en contraposición coas represárias anunciadas por Aznar, outras voces demandaron o cumprimento da lei nas relacións económicas de España con Marrocos. O PSOE andaluz exixiu que a pesca procedente de Rabat acate as mesmas medidas sanitárias que se impoñén ás frotas de bandeira española. A CIG sumouse á demanda e engadiu a exixéncia de control sobre o peixe fraudulento procedente de Marrocos.

Recolocación da frota

Parellamente á decisión de renunciar ao acordo pesqueiro con Marrocos, producíuse un baile cifras en torno ao número e porcentaxe de embarcacións que se van reubicar en caladoiros alternativos. Nengunha das fontes governamentais ou do PP que se pronunciaron sobre este aspecto baixou do 70% ao avaliar a número de embarcacións a recolocar, pero tampouco coincidiron as porcentaxes oferecidas polos distintos eidos administrativos. Ainda asi, o conselleiro de Pesca, Amáncio Landin, ainda non chamou ao sector para abordar a nova situación.

Cun esforzo diplomático relativo, sesenta ou setenta barcos son facilmente recolocábeis, o problema son as condicións laborais abordo. Para que os caladoiros alternativos sexan rendíbeis é preciso un recorte nos custos que afrontan os pesqueiros e os sindicatos sospeitan que os prexudicados serán os traballadores. Por esta razón, a CIG prepara unha táboa reivindicativa para que se definan unhas normas laborais para a recolocación da frota. "Se xa son duras as condicións nos barcos de bandeira española, moi piores son nos de Panamá, por iso queremos que a bandeira sexa española", indicou Xabier Aboi que ademais de ser o portavoz da Mesa de Defensa da Pesca, é secretário xeral de CIG-Mar.♦

Landin: 'Na UE priman intereses contrários a España e a Galiza'

O conselleiro de Pesca, nunha entrevista publicada polo Faro de Vigo o Domingo 29 de Abril, recoñeceu que no que atinxe á pesca, na UE "están primando os intereses dos países do Norte", intereses que, afirma, son "contrários a España e a Galiza". Landin non precisou cais son eses intereses, mais negou que España non presionase con todas as suas forzas. "Estou convencido de que se houbo as negociacións que houbo grazas ás presións de España desde o ano 96", asegurou o titular de Pesca.

As solucións que oferece o conselleiro son aguantar a situación, concentrar empresas e investir os cartos do acordo con Marrocos en convénios con terceiros países para recolocar a frota, ainda que o conselleiro preferiu adiar unha explicación máis detallada da posición da Xunta á espera de futuros acontecimentos.

Landin loubou a postura española durante as negociacións e criticou á Unión Europea no que se refire ao Libro Verde da Pesca e nos cámbios na Dirección Xeral de Pesca da Unión Europea. Pola contra, amosouse cauto con algunhas das desafortunadas fórmulas avanzadas desde o Governo central, pero evitou criticalas. A respeito do boicot suxerido por Aznar, o conselleiro dixo que "convén non esquecer que ali [en Marrocos] hai traballando empresas españolas e con capital galego". No que atinxe ás saídas laborais oferecidas polo ministro Arias Cañete, que consistian en recolocar aos traballadores do banco canário sahariano na hostaleria e no turismo, Amáncio Landin dixo: "como titular gordo é duro, pero a diversificación das zonas afectadas é o problema principal e está encol da mesa".

En efeito, Landin centra os seus esforzos na solución do problema empresarial e non tanto no dos traballadores do mar. Para as empresas propugna a concentración e a internacionalización, para os traballadores, o cámbio de mentalidade. O conselleiro reduciu a seiscentos o número de mariñeiros sen recolocar e afirmou que "o panorama mundial da pesca está a mudar e non podemos colocarnos de costas a iso, hai que adaptarse, ainda que non deixemos de loitar pola nosa presenza nos distintos caladoiros"; noutras palabras: o titular de Pesca propugna empresas mistas, bandeiras estranxeiras e tripulacións sometidas a outras condicións laborais, moito máis gravosas que as que rexen o panorama español.♦

Pedro de Llano

'Cuiña inaugurou en 1999 a casa reabilitada que agora utiliza para vetarnos'

PAULA BERGANTIÑOS

É O ARQUITECTO QUE, XUNTO CON PLÁCIDO LIZANCOS E ALFONSO SALGADO, SE COMPROMETEU NA RESTAURACIÓN DAS PALLOZAS E A CONSERVACIÓN DO PATRIMÓNIO CULTURAL E NATURAL DE PIORNEDO. COA ESCUSA DUNHA CONTROVÉRSIA ESTÉTICA, XOSÉ CUIÑA VEN DE ANUNCIAR QUE NON LLES FINANCIARÁ MÁIS PROXECTOS E APÁRTAOS DOS ANCARES. PEDRO DE LLANO, AUTOR DO LIBRO *ARQUITECTURA POPULAR EN GALIZA* EXPLICA NESTA ENTREVISTA AS RAZÓNS DESTE VETO E DÁ CONTA DO SEU TRABALLO EN PIORNEDO DURANTE UN CUARTO DE SÉCULO.



A. PANARO

Cando empeza o seu interese polo Piornedo?

Fun por vez primeira hai 24 anos, cando ainda non chegaba até alí a estrada. Era unha aldea de montaña absolutamente illada e virxe. Coa chegada das comunicacións, chegaron novos xeitos de construir e novas tecnoloxias. Unha das características da arquitectura popular é que a xente a vai transmitindo de xeración en xeración, pero de súpeto apareceron os bloques de formigón, a uralita, toda unha série de materiais que supoñen un tempo novo para a construción. Non podemos pretender que a xente siga vivindo nas pallozas como no século XII, pero a realidade é que eles empezaron a resolver os seus problemas sen coñecimento do que é o uso deses materiais. En quince anos o Piornedo transformouse en algo completamente diferente ao que eu coñecin.

Que fixo a Administración neste tempo?

O primeiro contrato co Piornedo asinouse hai 23 anos cando o primeiro governo autonómico me encarga un inventário das pallozas na Galiza –daquela máis de 270– e a restauración dalgunhas cubertas de Piornedo. Desde entón fixemos unha longa secuéncia de traballos, entre eles alguns divulgativos que foron galardonados a nível de Estado. No 1987 a Consellaria de Obras Públicas encárganos o estudo básico para a reabilitación integral de Piornedo que ao ano seguinte receberia o Prémio da Crítica. En 1991, cando estaba no Consello da Cultura Galega, elaboro unha proposta para unha Lei de Defensa do Meio Natural e do Património do Val dos Ancares que é rexeitado no Parlamento duas veces. Até o 1992 non recebemos o primeiro encargo de reabilitación da aldea por parte da Consellaria de Cultura. Nunca se chegou a levar a cabo por falta de orzamento, pero traballamos para a Consellaria de Turismo nun pequeno hotel que hai na entrada da aldea e en duas casas de turismo rural.

En que momento retoman o contacto coa Consellaria de Obras Públicas coa que agora xurde o conflito?

Hai cinco anos. Nós pensabamos que o primeiro que habia que facer era restaurar o conxunto de pallozas e os hórreos –que son o património histórico valioso que hai ali– pero eles querian reabilitar a aldea. Neste sentido plantexabamos conservar as características das construcións tradicionais do século XIX e da primeira parte do XX, limitándonos a correxer as intervencións posteriores. Pero existian outra série de edifícios que son atentados urbanísticos. A alternativa lóxica seria derrubalos pero iso era inviábel. A nosa proposta foi a de actuar dun xeito pragmático, intentar que aquelas construcións non afectaran á percepción do conxunto.

Como enfocaron o traballo?

Non se trata de facer arquitectura de autor, porque iso xa o fixeron os paisanos que construiron a aldea ao longo dos séculos. O noso papel é o de intentar que estas edificacións deterioren do xeito menos evidente o conxunto, limpalas e darlles un tratamento o máis puro e minimalista posíbel, sen ocultar que son construcións novas. Esta reabilitación ten que contar cos que habitan o lugar porque senón estariamos a facer unha escenografia para ensinar aos cidadáns mentres a xente, no interior das casas, vive nunhas deplorábeis condicións. A nosa proposta á Consellaria foi a de reabilitar, como primeiro paso, unha vivenda de cada grupo: a de Pedrete, tradicional, e a de Marqués. Nesta última os proprietários cortáranlle á palloza un sector importante, fixeran desaparecer un hórreo e construiran un caseto de formigón. Tiñamos un orzamento moi baixo de 5 ou 6 millóns. Os proprietários tiñan máis auga dentro da casa que fora e pasaban frio. Habia que conseguer cambiarlle a imaxe e ao tempo impermeabilizala. Esa foi a intervención que causa toda esta tormenta fictícia. A obra rematouse e, sen que se nos invite a nós, foi inaugurada no 1999 por Xosé Cuiña e Pérez Varela. Aproveitaron a ocasión para apresentar un plano para a defensa da arquitectura do meio rural de Galiza e puxeron esta actuación, sen falar de quen a fixo, como exemplo do que se ia facer.

Seguiron traballando para o gabinete de Cuiña?

Unha vez visto o resultado e de felicitarnos, encargáronnos o tratamento de toda aldea, ainda que nós seguiamos teimando no prioritário que era reabilitar as pallozas e os hórreos para volvelas ao seu primitivo estado. Neste momento hai 16 pallozas e seis hórreos restaurados con ese critério, un traballo que rematamos hai seis meses. Tamén entregamos o proxecto para toda a aldea, que saiu a concurso para unha empresa construtora hai un mes. Ao tempo tiñamos outros dous encárregos da Consellaria, a proposta nosa: a reabilitación de Vilarello para criar un museu vivo e unilo polos camiños primitivos con Piornedo, que está a tres quilómetros e que poderia funcionar como ponto de residéncia; e un plano especial para toda a parróquia de Donis.

Como valora entón a decisión de apartalos da intervención nos Ancares?

Deixando á marxe a linguaxe mafiosa utilizada por Cuiña, esta é unha agresión sen nome. Está desacreditándonos profesionalmente, criando confusión. A xente a estas alturas debe estar pensando que tiramos as pallozas ou que lles puxemos teitos de plástico cando o noso traballo foi supervisado polos servizos da Consellaria e aprobado polos seus técnicos. Pero, de súpeto aparece Cuiña e, frente a opinión dos que traballan para el, toma a decisión de "cesarnos" ou "facer que pasemos a mellor vida", como dixo. É gravísimo, máis se ven do vicepresidente do governo. É un comportamento feixista, de alguén que ainda non entendeu que é governante nunha democrácia e que atitudes despóticas como as del só son próprias dunha ditadura. Nós estamos nunha situación de indefensión absoluta. Despois de 23 anos de traballo, cando estabamos a ponto de poder rematar, despóxasenos de todo o que fixemos e deciden apartarnos. Foron moitos anos de andar de despacho en despacho para denunciar, sen éxito, as obras ilegais, os estragos ao meio...

Que razóns explican este veto?

Non as hai. É unha decisión que ven do seu xefe de Santiago. Este non é o meu primeiro conflito co Governo do PP. Tiven desacordos co Camiño de Santiago, o meu paso polo Consello da Cultura Galega foi unha cadea de problemas, tiven enfrentamentos pola declaración de Parque Natural dos Ancares, polo CGAC. Téñoos agora con ese disparate asbsoluto que é a Cidade da Cultura, coas miñas críticas á destrución sistemática do noso território desde que entraron no governo.

O seu nome tamén aparece na polémica a respeito da xestión da Oficina de Reabilitación de Compostela. Cal é a sua postura?

Hai duas maneiras de ver a cultura. Para uns só é o que pasou até o XIX. Para min non existe cultura senón é para mellorar as condicións de vida da xente do meu país, é dicer con miras ao futuro porque a arquitectura é algo vivo. En Compostela, como en calquer lugar, foi modificándose ao longo da história. Hai que conservar o casco histórico de Santiago, é unha das xoias da nosa civilización pero iso non quer dicer que haxa que momificalo utilizando materiais e espazos que non son do noso tempo. Dentro deses volumes que son as edificacións hai que intervir cun critério do século XXI, utilizando a tecnoloxia que temos ao noso alcance, con sensibilidade e respeituosamente, pero interpretando as normativas con flexibilidade. Eu teño duas obras públicas no casco histórico, o Consello da Cultura –premiada en várias ocasións como exemplo de reabilitación– e Casa Manolo, en Cervantes, que dan conta do que estou falando. Unha formulación dogmática restauracionista é negativa. A min estáseme perseguindo constantemente para que non poida traballar no casco histórico. Se fago públicos os meus desacordos é porque fun desouvido e incluso difamado atribuindo as miñas atitudes a presuntas relacións, que o señor Cuiña faime o favor de demonstrar que son absolutamente incertas.♦

PROGRAMACIÓN CULTURAL CAIXA GALICIA

PRIMEIRA QUINCENA MAIO 2001

1 de maio

Concertos

Banda de Música de Antas
Láncara (Lugo)
Banda de Música de Viveiro
A Pontenova (Lugo)
Banda de Música de Vilalba
Mondoñedo (Lugo)
12:00 horas
*Deputación de Lugo**

1 de maio

Concerto

Coro de Cámara Orfeón Terra a Nosa
Padrón
Auditorio Municipal
20:00 horas

2 de maio

Conferencia

Ciclo "Novo século, novos retos"
"Las etnias contra la ciudadanía"
Fernando Savater
A Coruña
Centro de Estudios Caixa Galicia
20:00 horas

Do 2 ó 20 de maio

Exposición

"A felicidade da nada"
Ourense
Aula Sociocultural Caixa Galicia

3 de maio

Cine

Cine Club Hai que velo
Ó final da escaleira
Peter Medak
Santiago
Aula Sociocultural Caixa Galicia
21:30 horas

3 de maio

Xornada literaria

Ciclo Contos para a memoria
Helena Villar Janeiro
Lugo
Centro de Maiores
18:00 horas

3 de maio

Tertulia

As tertulias do Café Moderno
"Internet. Novo territorio mediático"
Pontevedra
Café Moderno
19:30 horas
*La Voz de Galicia**

3 de maio

Conferencia

Ciclo: Eméritos en Galicia
"La nutrición de los sanos"
Gregorio Varela Mosquera
A Coruña
E.U. de Fisioterapia
19:30 horas

Do 3 de maio ó 24 de xuño

Exposición

"Os españois tamén fomos emigrantes"
A Coruña
Sala de Exposicións da Fundación Caixa Galicia

4 de maio

Concerto

Orquestra de Cámara do Conservatorio da Coruña
Pontedeume
Igrexa Parroquial de Santiago
20:30 horas

4 de maio

Concerto

Venres Musicais
Big Mama: Tableau de Blues
Pontevedra
Café Moderno
19:30 horas

4 de maio

Actividades

"Divírtete connosco"
Grupo San Miguel Arcanxo
A Garda
Centro de Educación Especial
"San Xerome Emiliani"
11:00 horas

Do 4 ó 20 de maio

Exposición

"Historia de Galicia"
Corcubión
Sala de Exposicións Municipal

5, 11 e 12 de maio

Cursos

"Estructuras de Hormigón Armado"
Vigo
Aula Sociocultural Caixa Galicia
*Colexio de Arquitectos**

5 de maio

Cursos

Curso Básico de Logopedia
Instituto da Linguaxe e Comunicación
Santiago
Aula Sociocultural Caixa Galicia

5 de maio

Concerto

Coro de Cámara Orfeón Terra a Nosa
Noia
Coliseo Noela
20:30 horas

5 de maio

Actividad

Actuación de maxia
Pedro Volta
Pontevedra
Aula Sociocultural Caixa Galicia
19:00 horas

5 de maio

Concerto

Concerto de Música Folklórica "XIV Edición da Mostra e Canción Coral"
Coral Renfe de Monforte de Lemos
Orfeón de Trives
Coral As Neves
Coral Amikus-Meus de Ávila
Valdoviño
Auditorio da Casa da Cultura
19:30 horas
*Asociación Cultural Recreativa A Froixeira**

6 de maio

Concerto

Coro de Cámara Orfeón Terra a Nosa
Porto do Son
Aula de Cultura
20:30 horas

6 de maio

Concerto

Ciclo Primavera Musical
Quinteto de Metais de Murcia
Sober
Casa da Cultura
*Concello de Sober**

7 e 14 de maio

Taller literario

Asociación de Escritores e Artistas Españois
Pontevedra
Café Moderno
20:00 horas

7 e 16 de maio

Concertos

Jovenes Intérpretes
Alumnos do Conservatorio
Santiago
Aula Sociocultural Caixa Galicia
19:00 horas

8 de maio

Conferencias

Ciclo Eméritos en Galicia
"La civilización de las máquinas"
Ferrol
Escuela Politécnia Superior
12:00 horas
*Colexio Libre de Eméritos**
*Universidade da Coruña**

8 de maio

Concerto

Orquesta Sinfónica Janefcek de Ostrava
Concerto dedicado a Caixa Galicia
Lugo
Círculo das Artes
20:30 horas
*Sociedade Filarmónica de Lugo**

Do 8 ó 10 de maio

Conferencias

Xornadas de Saúde Laboral e Medio Ambiente
Lugo
Aula Sociocultural Caixa Galicia Galicia
16:30 horas
*CC.OO.**

10 de maio

Xogos tradicionais

"De escola en escola cos xogos populares"
Bande (Ourense)
C.E.I.P. Xoaquín Lourenzo
10:00 horas

10 de maio

Publicación

Presentación: Revista de Economía de Galicia (edición facsimilar, 4 vols.)
Vigo
Aula Sociocultural Caixa Galicia
20:00 horas
*Editorial Galaxia**

10 de maio

Conferencia

Ciclo Eméritos en Galicia
"Claves de la arquitectura renancetista de Carlos V"
José Manuel Pita Andrade
A Coruña
Escola Técnica Superior de Arquitectura
12:30 horas
*Colexio Libre de Eméritos**
*Universidade da Coruña**

10 de maio

Xornada literaria

Ciclo Contos para a memoria
Xavier Alcalá
Ferrol
Centro de Maiores
18:00 horas

11 de maio

Concerto

Venres Musicais
Adrian Iaies: Tango Reflections
(pianista tango-jazz contemporáneo)
Pontevedra
Café Moderno
19:30 horas

11 de maio

Concerto

Real Filharmonía de Galicia
Director: Antoni Ros Marbá
Soprano: Petra Lang
Vigo
Concatedral
20:30 horas

11 e 12 de maio

Curso

"Alteracións do sono en atención primaria"
Dres. Javier Mejuto, Eduard Estivill, José Luis Moreno, Emilio Rodríguez y Rosa Peralta.
A Coruña
Aula Sociocultural-Médico Rodríguez
Instituto Médico Quirúrgico San Rafael

Do 11 ó 15 de maio

Exposición

"Historia de Galicia"
Rubiá
Colexio Nacional Comarcal

Ata ó 13 de maio

Exposición

"Historia de Galicia"
Porto do son

OBRA SOCIAL CAIXAGALICIA

FUNDACIÓN CAIXAGALICIA

As actividades que figuran neste avance poden sufrir modificacións
** Entidade colaboradora*

Máis información http://www.caixagalicia.es

A resposta ao BNG no Congreso sinala que os sismos de Lugo prodúcense pola deriva dos continentes

O Governo central ignora o informe encargado pola Xunta para explicar o aumento dos terremotos

G. LUCA

As causas do aumento dos terremotos en Lugo desde 1997 están no encontro entre a placa Africana coa Euro-Asiática sobre Ibéria, segundo explica o Governo Aznar a unha pergunta escrita do deputado do BNG Francisco Rodríguez no Congreso.

O Governo de Madrid sinala que o encontro de África con Europa produce un pulo en sentido Suloeste que pega contra outro de dirección Noroeste "e esta é causa de que exista un conxunto de fallas activas que son as responsábeis da actividade sísmica histórica e recente da rexión".

A resposta oficial sinala que foi identificada a falla causante da renovada actividade sísmica de finais do século pasado: "a identificación da falla responsábel desta actividade (indica que se trata) dunha falla de movimento inverso con orientación Noreste-Suloeste na sua beira máis ao Norte e que vai virando até descreber un arco que no extremo Sul ten dirección Noroeste-Suleste, nun risco aparelo á falla de Viveiro.

O pronunciamento do Governo era esperado desde a série de sismos de 22 de Maio ao 19 de Xuño de 1997 que causaron alarma na área comprendida entre o Miño en Belesar e Becerreá, sobre todo a partir dun rexisto de forza 5,2 na escala de Richter que derrubou moitas vivendas. En Xullo e Agosto do mesmo ano, a Xunta encomendou ao departamento de Xeofísica da Complutense e ao *Institut Jaume Almera* de Barcelona, do CSIC, un estudo sismolóxico.



O informe Córdoba-Dañobeitia recomenda estudar a alta incidéncia de epicentros á beira dos encoros. A.N.T.

Sobre a falla do Miño

Os resultados daquel informe non foron divulgados até Decembro de 1998, e neles chamábase a atención sobre o feito de que parte da actividade sísmica concentrábase arredor dos embalses sobre a falla do Miño, polo que se recomendaba unha investigación en profundidade sobre este aspecto.

Nunha das ilustracións do informe, xuntábase toda a información histórica sobre a actividade sísmica na Galiza e proxectábase sobre un mapa de rios e embalses. As concentración de epicentros á beira dos embalses, e particularmente arredor do enorme encoro de Belesar levaban aos autores do estudo a recomendar unha investigación de detalle.

O Governo Aznar reproduce unha explicación de carácter xeral repetida na extensa bibliografia sobre a morfoxénese dos relevos costeiros da Galiza (por exemplo Malod, 1982, ou Christine Vergnolle, 1987) que estudan o desprazamento das deformación do Suleste do país verbo do movimento relativo de Ibéria con relación á placa africana e á europea. Ignora a interpretación da Complutense e do *Jaume Almera* que se fixo a partir de 860.000 sismogramas e estabeleceu que os terremotos se deberian a un cruce de fallas superficial.

O Governo central salienta que a "nova estimación de valores lixeiramente altos da perigosidade de sísmica na Galiza, recomendaron un apartado na actual revisión da norma de Construción Sismo-resistente en vigor.♦

O BNG coida que a responsabilidade recae na empresa concesionária

O concello de Ames faise cargo dos danos dun incéndio provocado polo vertedoiro municipal

O governo municipal de Ames aceita que o incéndio provocado en montes propriedade de sete viciños debeuse ao estado do vertedoiro municipal e faise cargo das indemnizacións aos afectados. O BNG denúncia que se está a manter un vertedoiro incontrolado e a eximir de responsabilidades á empresa concesionária do servizo.

O vertedoiro de Ames fumega a cada pouco, o lixo acumulado expulsa lamaradas, os vertidos non están selados, a auga podre acumúlase e os produtos contaminantes amoréanse nun depósito incontrolado no que se depositan lixos dunha povoación cada vez máis grande. No mes de Agosto prendeuse lume nos montes de sete viciños e os danificados acusaron do incéndio ao estado do vertedoiro municipal. No pleno celebrado o pasado Venres dia 27 o governo municipal do PP asumia a responsabilidade e anunciaba que a póliza do concello ia ser a que se fixera cargo dos danos que ascenden a tres millóns de pesetas segundo o viciño e a case dous segundo o técnico municipal.

O BNG de Ames denunciou que este acontecimento está a por "ao descuberto a falta de política meio ambiental do governo municipal, o irregular funcionamento do vertedoiro municipal, e as responsabilidades políticas do governo popular de Astrai". Para o portavoz nacionalista, Xosé M. Fernández, o concello asume por esta decisión o pago dunha indemnización que corresponderia á empresa concesionária do servizo e acusa por iso ao PP de "facer deixación de responsabilidades por falta de control de recollida e almacenamento de vertidos" nun vertedoiro que, segundo sinala, está a incumpliar as directivas europeias e a lexislación autonómica sobre meio ambiente.

O informe do consello Consultivo, ao igual que o próprio governo municipal, recoñecen no informe emitido a raíz deste caso o lamentábel estado do vertedoiro. A proposta de resolución da alcaldia debatida no pleno extraordinário aceitaba que o incéndio prendera polo estado dun vertedoiro que, entre outras cousas, nen ten control de acceso nen está pechado ao exterior.♦

EN POLEIRO ALLEO

Xuíces, fiscais e editores

"O cinco de Abril celebrouse unha homenaxe a Mayor Oreja en Madrid" –escrebe Joaquín Leguina, deputado do PSOE no Congreso, nas páxinas do diário **DEIA**, de Bilbo–. Asistiron Governo, xuíces, fiscais, empresários, financeiros... e os directores da orquestra: donos e señores da prensa escrita, radiada e televisada próxima ao PP; todos xuntos e revoltos nunha homenaxe a un ministro do Interior e en apoio simultáneo a un candidato en plena campaña eleitoral. Unha demonstración de poder obscena e ameazadora. Por primeira vez na história da democrácia española, sobranceiros representantes de poderes constitucionais, obrigadamente independentes entre eles (Governo, Xudicatura, Defensor do Povo) e doutros poderes reais e actuantes na mal chamada sociedade civil (directores de meios, empresários, banqueiros), xúntanse para soster a un político en activo, aplauden a sua actuación pasada e botan un cuarto ás suas aspiracións eleitorais. Por que agora está ben saltarse as barreiras, e esquecer a debida independéncia institucional, para xuntar todas as forzas arredor dun proxecto político da direita? Que non veñan con esa falsificación de que o terrorismo apreta hoxe máis que nunca. Abondaria con lér as esquelas que foran redactadas polos matarifes en tempos de UCD e PSOE para botar por terra estas falsidades. Non debemos enganarnos: do que se trata é de re-escreber a história máis próxima. De re-escrebela coa imposición do silenzo, da *espiral do silenzo* que acompaña a todas as grandes campañas mediático xudiciais".♦

SEBASTIA & EL GAT INVISIBLE / EL TEMPS

A fronte anti-nacionalista

"Produciuse un desembarco español coma en tempos da Reconquista", comenta Manuel Tralle en **LA VANGUARDIA** de Barcelona. "Un acto do *Basta Ya!* foi a excusa para a apresentación da candidatura conxunta do PP-PSE, a chamada fronte constitucionalista ou, o que ven sendo o mesmo, anti-nacionalista. Pouco antes que entrasen collidos da man Mayor Oreja e Nicolás Redondo, tanto monta monta tanto, o bufón Albert Boadella fíxose o gracioso no video e calificou o nacionalismo de *exaltación dun vulgar acidente sexual*. Encarnizáronse até o ridículo con todos os que non pensan coma eles, desde Arzalluz deica Madrazo de IU. Despois sairon os totems: un Ibarrola con Chapela ou o exiliado Mikel Azurmendi, que declarou que non pensa falar euskera nunca máis por ser a única língua do mundo pola que se mata. Ao señor Savater tocoulle pechar o acto, como cadraba a quen asistia a sua festa particular, Saíndo, tiven un recordo para Ernest Lluch, porque aqui no Kursaal foi onde o mirei por derradeira vez. Un ten a sensación de que o seu sacrifício serveu de pouco: ninguén entendeu cousa".♦

Guerra contra os embalses na Índia

A revista da **COMISIÓN MUNDIAL SOBRE ENCOROS** informa da batalla do distrito de Ranchi, Estado índio de Iarhcand, contra a construcion de dous encoros. "Despois da policia dar unha tunda a un viciño da tribo Munda Adivasi, que protestaba contra a construción dunha das presas de Koel-Karo, cinco mil persoas xuntáronse diante da comisaria de Tapkara. Cando agardaban a saída dunha delegación que visitaba o cuartel, un grupo de 40 axentes cargou e, ao se defenderen os reunidos con pedras, a policia disparou con bala e causou oito mortos (entre eles dous cativos) e 22 feridos graves. Os manifestantes protestan pola construción de dous encoros sobre o rio Karo, Un deles en Básia, no distrito de Gumia e outro en Lohaximi, no Estado de Iarcanda que desprazan case 17.000 famílias de 250 aldeas; o 95% delas pertence a tribo Muda Adivasi. O Governo recusou a consulta pública do proxecto e desde 1985 a povoación desprazada pasou de colaborar coa Administración a unha oposición a morte. O número de cidadáns índios desprazados polos encoros ascende a 40 millóns".♦

Un ano despois

MANUEL CAO

O primeiro ano do governo Aznar con maioria absoluta ten despexado moitas dúbidas respecto do que seria a direita española governando cunha Constitución democrática e despois dun longo período de abstinéncia involuntária no exercício formal do poder.

O predomínio das tendéncias históricas cara o autoritarismo e o centralismo segue a marcar o carreiro e os ritmos das decisións principais. O modelo da Restauración do século XIX e a irrefrenábel saudade polos vellos tempos imperiais parece influír dun xeito excesivo nas novas xeneracións do PP ao intentar reproducir esquemas de dominación interna e de relacións externas que semellan fora de contexto espacial e temporal. A chamada "segunda transición" ven representar o valeiramento de facto da Constitución de 1978 como instrumento de encontro, convivéncia e progreso entre os diversos intereses políticos, sociais, económicos e territoriais. A desaparición do consenso como valor significativo e a recuperación da imposición e a manipulación das institucións sen límite formal ou moral de nengun tipo demostra o retorno do modelo político no que as institucións están ao servício dunha idea de España que é o valor supremo ao que se subordinan todos os demais. Esta idea é única e ven definida polas preferéncias dunha elite dirixente que governou ininterrompidamente o Estado e que se mantivo imune aos sucesivos fracasos económicos, perdas territoriais ou crises sociais.

O feito de que a democrácia tivera tantos problemas para instalarse en España non é casual. As características da burocrácia estatal e dos grupos de poder dominantes demostran que o seu predomínio só pode sosterse na imposición política e sociocultural derivada da ocupación histórica deses espácios de poder. Esta imposición vai tomando diversas formas ao longo da história sendo habitual a utilización da violéncia como instrumento para preservar esas posicións de domínio. A diferéncia doutras sociedades, a elite española non destaca pola sua capacidade tecnolóxica ou económica senón que estamos diante dun grupo de poder que se instala no mesmo por circunstáncias diversas e que pola própria inércia e febledade relativa das alternativas segue a manterse.

D. North compara a diferente evolución do império español e do británico e da sorte dispar dos povos que se foron independizando sinalando a importáncia das institucións e a permanéncia e/ou posibilidades de evolución das mesmas como elemento central explicativo do progreso económico e social. As institucións teñen unha importáncia clave no desenvolvimento económico e todo parece indicar que a direita española prosegue no sendeiro histórico cara a ineficiéncia, as estratéxias dexenerativas, a conflitividade e os xogos non cooperativos. O próprio North surprendiase de que os governos do século XVII fosen incapaces de poñer en marcha medidas, que eran ben coñecidas e que foran propostas en detalle polos reformadores, para modificar a inexorábel tendéncia ao declive e as sucesivas crises fiscais, comerciais e sociais.

> 'O predomínio das tendéncias históricas cara o autoritarismo e o centralismo segue a marcar o carreiro e os ritmos das decisións principais"

Todo indica que estas novas xeneracións voltan por camiños xa trillados e moi coñecidos e nen se molestan en recoller as ensinanzas máis básicas que oferece a história. Certamente, os grupos dirixentes actuais seguen a ser sustancialmente os mesmos coa sustitución do aparato lexitimador e propagandístico da Igrexa Católica –hoxe, ás veces, disfuncional– polo control total dos meios de comunicación. Os 13 anos de governo do PSOE foron insuficientes para modificar e democratizar as institucións, o que seria fundamental. A sensibilidade autonómica e o receo diante das institucións da sociedade civil entre a direita e a maioria dominante do PSOE revela as coincidéncias nas bases políticas, económicas e sociais e no modelo institucional a médio e longo prazo.♦

JUNIOR/MARINFOTO

Escolares de Marín protagonizaron unha mobilización o 26 de Abril para demandar a mellora no transporte escolar que presta a *Unión*.

Os pais e alunado do Morrazo demandan a normalización do transporte escolar mentres se albiscan negociacións

O xulgado de Pontevedra anula a contratación de esquirois na folga da *Unión*

H. VIXANDE

Unha senténcia da sala segunda do xulgado do social de Pontevedra anulou a contratación de traballadores na Unión para substituir a folguistas e recoñeceu asi a demanda apresentada pola CIG de tutela de liberdade sindical. O fallo declara nulos 42 contratos e impón á compañia de transportes unha indenización de un millón de pesetas que terá que pagar á CIG.

A CIG apresentara unha demanda de tutela de direitos de liberdade sindical pola contratación, entre o 17 e o 30 de Marzo, de 42 traballadores alleos á Unión para substituir a empregados en paro; é dicer, esquirois para facer o traballo dos folguistas, segundo definición da sala do social de Pontevedra. Consideraba o sindicato que se vulneraba o direito de folga e pedia o fin destes contratos.

O fallo outorga a razón ao sindicato porque entende que o direito á folga é premitente sobre o direito das empresas a contratar a traballadores mentres dure a folga. A senténcia asegura que "cando se utiliza como instrumento para privar de efectividade a folga, meiante a contratación de persoal que substitue aos traballadores en folga, deixa inermes a estes e pode privarlles materialmente dun dereito fundamental, valeirando o seu contido esencial". O xulgado botou man de senténcias do Tribunal Constitucional para avalar esta senténcia.

Na sua defensa, a Unión alegara que tiña que efectuar a contratación de traballadores ante o incumprimento dos servizos mínimos e aludia a unha orde do 26 de Xaneiro de 2001 da Xunta de Galiza que regulaba os servizos mínimos e a un decreto tamén da Xunta do oito de Febreiro que estabelecia a posibilidade da empresa subcontratar os servizos mínimos. Igualmente, a Unión botaba man da suposta ilegalidade da folga para xustificar as contratacións. O fallo emenda á empresa e afirma que a Xunta permitia subcontratar os servizos mínimos, pero non "a contratación de traballadores alleos á empresa para substituir aos folguistas". A senténcia tamén afirma que "non pode cualificarse de ilegal a devandita folga, pois é a empresa a que debe manter os servizos mínimos e se é preciso para iso acudir ao decreto da Xunta". A Unión dixo que recorrerá diante do Tribunal Superior.

Por outra banda, concluíron os xuízos polos máis de cuarenta despedimentos durante a folga e despois desta senténcia dase por seguro que o xulgado do social de Pontevedra fallará a prol dos traballadores. Tanto este fallo coma as próximas senténcias polos despedimentos significan un novo paso no longo conflito da Unión e a empresa perderia un arma importante que poderia escorar a folga a favor dos traballadores. De feito, xa se albiscan negociacións entre a CIG e o xerente de Monubs, Raul López, que poderian comezar de imediado.

Mobilizacións polo transporte escolar

A falta de normalidade no transporte escolar atendido pola Unión e en xeral por todas as compañias levou a que pais e alunado protagonizasen unha mobilización o pasado Xoves 26 de Abril para denunciar a cualidade do servizo. Poio, Marin, Moaña e Cangas centraron unha actividade reivindicativa de 52 coléxios na que se solicitou a substitución da empresa que ten a concesión do transporte escolar: Transportes A Unión.

A maioria das mobilizacións consistiron en cortes no tránsito ainda que algun caso a protesta tivo un carácter máis reivindicativo. Asi, o alunado dun instituto de ensino secundário de Marin leva máis de unha semana sen asistir ás clases.

As asociacións de pais e nais de alunos de vários concellos denúncian que a cualidade do servizo non só é mala debido á ao incumprimento dos servizos mínimos, senón tamén ao feito de que a Unión contratou a traballadores portugueses que carecen da licéncia para transporte escolar porque en Portugal non é obrigatória e polo descoñecimento destes das rutas que teñen que cobrir. As asociacións de pais e nais denunciaron, ademais, que o transporte escolar en xeral é de mala cualidade, independentemente da compañia que os preste.♦

Máis de médio billón de dólares se *blanquean* cada ano no sistema bancário internacional

Diñeiro negro, fundamento do crecimento e do império dos Estados Unidos

RAMÓN MACEIRAS

Distintas investigacións do Congreso dos Estados Unidos, alguns ex banqueiros e peritos bancários internacionais cadran en que os bancos estadounidenses e europeus "lavan" cada ano entre 500.000 millóns e un billón (con "b") de dólares de diñeiro negro, suma da cal a metade corresponde aos bancos estadounidenses.

O profesor James Petras realiza tamén unha investigación sobre o tema e acaba de publicar un primeiro avance sobre a mesma que revela o importantísimo papel que xoga o diñeiro negro no sostemento da balanza de pagos dos Estados Unidos e na taxa de beneficios da banca estadounidense. Asimesmo, Petras conclui que o diñeiro negro saqueado está na base do empobrecemento das ex repúblicas soviéticas, Latinoamérica e África.

As investigacións do Congreso estadounidense, citadas por Petras, revelaron que Citibank (primeiro banco dos Estados Unidos) proporcionara "servizos" a catro estafadores políticos: Raúl Salinas (por un monto de 80 a 100 millóns de dolares), Asif Ali Zardari (esposo da anterior primeiro ministro de Pakistán: mais de 40 millóns), O Hadj Omar Bongo (ditador de Gabón desde 1967: mais de 130 millóns), Abacha (fillo do xeral Abacha, ex ditador de Nixéria: mais de 110 millóns). En todos os casos Citibank violou todas as suas próprias normas e as directrices do Governo: non existia o perfil do cliente (exame dos seus antecedentes), descoñeciase a fonte dos fondos, ignorarase calquera tipo de delito no país de orixe do diñeiro. Polo contrário, o banco facilitou a saída do diñeiro dos respeitivos países con amaño a un formato preparado: criou compañas fictícias, facilitou nomes en clave, encamiñou os fondos a través de contas de concentración e investiunos logo en negócios lexítimos ou en bonos do Tesouro, etc. En nengun destes casos –nen en miles de outros– se praticaron as dilixéncias debidas por parte dos bancos (o banco privado está obrigado por lei a facer o necesário para garantir que non favorece o lavado de diñeiro) e nunca se encausou e xulgou a nengun dos responsábeis bancários. Mesmo despois da detención dos seus clientes, Citibank continuou facilitándolles servizos, a incluir o movimento de fondos en contas segredas e a provisión de empréstitos.

Petras cita ao senador estadounidense Levin, quen resume o asunto asi: "calcúlase que unha suma de entre meio e un billón de dólares, procedente dos meios da delincuéncia internacional, se move a escala internacional e depositase en contas bancárias. A metade desa cantidade vai parar aos Estados Unidos."

Segundo Petras, na última década, os bancos estadounidenses "lavaron" entre 2.5 e 5 billóns de dólares de diñeiro negro, que pasou a formar parte do circuito financeiro dos Estados Unidos. Non obstante, a afirmación do senador Levin refírese aos fondos de orixe delitiva segundo as leis dos Estados Unidos. Non inclue as transferéncias ilegais e os fluxos de capital aportados por dirixentes políticos corruptos, nen a evasión fiscal que levan a cabo empresas estranxeiras. Un destacado perito norteamericano en matéria de finanzas internacionais, Raymond Baker, colaborador do prestixioso Brookings Institute, estima que "o fluxo de diñeiro corrupto que sae das economias dos países en desenvolvimento (Terceiro Mundo) ou en transición (ex comunistas) e que vai parar ás arcas ocidentais é de entre 20.000 e 40.000 millóns de dólares por ano, e o fluxo xerado polas transaccións comerciais con prezos manipulados é de 80.000 millóns, se non mais. Pero a estimación mais prudente de Petras é de 100.000 millóns de dólares anuais, na soma de ambos conceitos, o que significa un billón de dólares nunha década. E desta soma a metade alomenos tivo por destino os Estados Unidos. Se incluísemos outros conceitos que forman parte da evasión de capitais a suma final seria moito maior. Este perito do Brookings Institute non inclue as permutas de bens imóbeis e de valores bursátiles, as transferéncias por cabo fraudulentas, etc.



James Petras acusou de corrupción os principais bancos mundiais.

Para Petras a cifra incompleta de diñeiro negro (diñeiro lavado de orixe delitiva e corrupta) inxectada nas caixas fortes dos bancos estadounidenses durante a década dos 90 ascenderia a uns 3 a 5.5 billóns de dólares. O cadro é incompleto, pero facilita unha base de estimación do "factor diñeiro negro" na economia dos Estados Unidos.

As conclusións de Petras ao respecto son espeluznantes: "en primeiro lugar, resulta evidente que os fluxos sumados de diñeiro lavado e diñeiro negro cobren boa parte do déficit da balanza de pagos norteamericana (que atinxe centos de miles de millóns de dólares por ano). Na actualidade, o déficit comercial norteamericano se achega aos 300.000 millóns de dólares. Sen o diñeiro negro, a balanza exterior seria totalmente insostíbel, o nível de vida derrubariase, o dólar perderia valor, o capital de investimento e empréstito disponíbel contrairiase e Washington seria incapaz de manter o seu império global."

Estimase tamén que a importáncia do diñeiro lavado continuará medrando. Petras cita a un ex directivo dun banco comercial, Antonio Geraldi, quen pronosticou unha importante medra do lavado de diñeiro por parte dos bancos dos Estados Unidos, na sua intervención ante un subcomité do Congreso. "Segundo as previsións, o monto do diñeiro lavado atinxe billóns de dólares, cunha medra desproporcionada respeito aos fondos legais."

Petras sustén que os 500.000 millóns de dólares de orixe ilegal que ingresan nos principais bancos estadounidenses e circulan por eles superan os ingresos netos de todas as compañias de computación dos Estados Unidos, e por suposto os seus beneficios. Esas entradas anuais sobrepasan todas as transferéncias netas realizadas polas principais compañias petrolíferas e militares e as fabricantes de avións. Os maiores bancos dos EE UU –Bank of America, J.P. Morgan, Chase Manhattan e en particular Citibank– obteñen unha alta porcentaxe dos seus beneficios bancários dos servizos emprestados a estas contas de diñeiro suxo de orixe criminal. Os grandes bancos e instituizóns financeiras estadounidenses son o suporte do poderio global dos EE UU, mediante as suas operacións de lavado de diñeiro e de xestión de fondos estranxeiros de orixe ilegal.

Os bancos dos EE UU e o império do diñeiro negro

Petras desmiuza os complicados sistemas de lavado de diñeiro que utilizan os bancos estadounidenses. Segundo o profesor Petras, os bancos estadounidenses desenvolveron unha sofisticada gama de métodos de transferéncia de fondos ilegais cara os EE UU e para o seu investimento en empresas lexítimas ou en bonos do Tesouro, o que os lexitima. O Congreso dos Estados Unidos celebrou numerosas audiéncias e elaborou detallados informes sobre as práticas ilícitas dos bancos; aprobou leis e ten exixido un mais rigoroso cumplimento das mesmas por parte das autoridades bancárias de supervisión e dos banqueiros privados. Sen embargo, os principais bancos continuan coas suas práticas e as cantidades de diñeiro negro medran exponencialmente debido a que nen o Estado nen os bancos teñen a vontade nen o interese de pór fin a unhas práticas que proporcionan píngües benefícios e serven de respaldo a un império que doutro modo seria fráxil.

Petras conclue que o primeiro que se precisa destacar do negócio de lavado de diñeiro, sexa este de orixe criminal ou corrupto, é que o pratican os máis importantes bancos dos Estados Unidos. En segundo lugar, que as práticos dos seus directivos implicados no lavado de diñeiro contan co respaldo e o estímulo das máis altas esferas dentro das instituizóns bancárias, é dicer, que non é obra de empregados que actuen pola sua conta. Este ponto resulta evidente no caso do lavado por parte do Citibank da fortuna de Raúl Salinas (irmán do ex presidente de México), por un total de 200 millóns de dólares. Tras a detención de Salinas e a descoberta do seu saqueo a grande escala de fondos guvernamentais, o seu banqueiro particular no Citibank, Ami Elliott, manifestou aos seus colegas que "este asunto chega até o máis alto nível do banco; están ao corrente os peixes mais gordos. Nós somos os pións do asunto.

Petras afirma que Citibank é a primeira lavadora de diñeiro: "é o maior banco dos EE UU, con 180.000 empregados en todo o mundo, distribuídos en 100 paises, 700.000 millóns de dólares de depósitos coñecidos e máis de 100.000 millóns de depósitos de particulares en contas segredas; e realiza operacións de banca privada (xestión de carteira de investimento) en máis de 30 países, o que fai deste banco o que máis preséncia global mantén de todos os bancos dos EE UU."

A investigación de Petras aclara en que consiste a "banca privada". Trátase dun sector do negócio bancário que xestiona as contas de clientes imensamente ricos (clientes que realizan depósitos dun mínimo dun millón de dólares). As grandes entidades bancárias carregan a estes clientes unha cota pola xestión dos seus activos e por lles facilitar os servizos especializados de banca privada. Estes servizos van mais alá dos servizos bancários habituais e inclúen a asesoria de investimentos, a planificación imobiliária, a asisténcia fiscal, as contas *off-shore* e complicados métodos destinados a garantir a confidencialidade das transaccións financeiras. O atractivo que o sistema de banca privada oferece para o lavado de diñeiro consiste en que proporciona confidencialidade aos seus clientes portadores de diñeiro negro. Segundo Petras, os grandes bancos utilizan dous métodos de lavado de diñeiro: a banca privada e as corresponsalias bancárias. Na banca privada utilízanse normalmente nomes en clave para as suas contas, contas de concentración (que misturan os fondos bancários cos dos seus clientes, o que evita todo rastro escrito de transferéncias a distáncia por valor de miles de millóns de dólares); camuflan o movimento de fondos dos seus clientes; e oferecen o concurso de corporacións privadas de investimento *off-shore*, situadas en paises que contan con estritas leis de segredo bancário (Illas Caimán, Bahamas, etc.)

As corporacións privadas de investimento son criacións dos grandes bancos destinadas a manter e agachar os activos dalguns dos seus clientes. Os directivos, administradores fiduciários e accionistas desas corporacións son á sua vez corporacións fictícias controladas polo banqueiro privado. A corporación privada de investimento convértese en depositária de várias contas bancárias e de investimento cuxa propriedade por parte do banqueiro privado fica enterrada nos rexistos de territórios como as Illas Caimán. Os banqueiros privados das principais instituizóns financeiras manteñen corporacións privadas de investimento preparadas e listas para entrar en funcionamento en canto un cliente lles solicite unha. O sistema funciona á maneira das bonecas rusas: unha corporación fictícia dentro doutra pantasma dentro doutra igualmente inexistente, etc., impenetrábeis a calquer tipo de proceso legal. ♦

A firma galega coloca no mercado máis do 20 por cento do seu capital

INDITEX procura rachar a tendéncia á baixa da bolsa

CÉSAR LORENZO GIL

A conxuntura dos mercados internacionais seguramente non é máis axeitada para lanzar os títulos de Inditex neste momento. Mais a fortaleza do grupo galego e a necesidade que teñen os investidores de atoparen un produto de garantias poden rachar as estatísticas negativas da bolsa en 2001.

Os números de Inditex póñenlles os dentes longos aos investidores. A firmeza que demostrou a compañia radicada en Arteixo nos últimos 10 anos é a sua mellor arma para intentar cativar o mercado e obter os beneficios desexados. Na sua contra, ademais do temor e a desconfianza diante da posíbel crise económica ocidental, tamén está a volatilidade atribuída polos expertos ao sector da moda.

O grupo Inditex posue arestora 1.080 tendas en 33 países, ademais de várias factorias de produción en catro continentes. As suas marcas comerciais: Zara, Bershka, Massimo Dutti, Pull & Bear e Stradivarius obtiveron o ano pasado uns gaños netos de 43.133 millóns de pesetas, un 27 por cento máis que durante 1999. Nese mesmo período, a sociedade abriu 158 novas tendas, algunhas en países tan dispares como Áustria, Dinamarca, Andorra ou Qatar.

Outros investimentos destacados da compañia foron a edificación da nova sede central do Grupo Inditex en Arteixo, a criación dun centro de produción de Indipunt e do centro de distribución de Pull & Bear, ambas as duas en Narón. Nas localidades catalanas de Tordera e Sallent, ubicáronse os centros principais de Bershka, Stradivarius e Massimo Dutti.

O fundador de INDITEX, Amáncio Ortega (no centro), acompañado por Francisco Vázquez (direita) e Manuel Fraga.

Con estes dados, a empresa que fundara en 1975 Amáncio Ortega, quere dar agora o seu paso máis importante e facerlle fronte ao futuro coa tranquilidade dos bons resultados bursátiles. Entre eses programas por vir, destacan a ampliación do seu mercado no estranxeiro (que hoxe representa xa o 53 por cento das suas vendas) e a consolidación da sua cota de mercado no 10 por cento (actualmente é do 7 por cento do mercado español).

Outra compañia galega no Ibex 35

Hoxendia só Zeltia representa a Galiza no grupo de empresas que cotizan na elite da bolsa española (o Ibex 35). A intención de Inditex é unirse tamén a este selecto club. No seu intento, a oferta pública de valores (OPV) que apresentou na Comisión de Valores, fixou un prezo aproximado de entre 13,50 e 14,90 euros (2.246 e 2.479 pesetas, respectivamente).

Inditex colocará na bolsa o 22,7 por cento do seu capital nun primeiro momento, ainda que finalmente, esta cifra poderase ampliar até o 26,1 por cento, se a sociedade utiliza a sua opción de compra. Esta porcentaxe supón unha cantidade de investimento próximo aos 400.000 millóns de pesetas.

O vindeiro 7 de Maio, os investidores interesados poderán solicitar a reserva dos seus títulos. O 14, determinarase o prezo máximo para os investidores minoristas. O 21 de Maio, coñecerase o prezo definitivo das accións e o 23, Inditex comezará a cotizar no parqué.

O reparto do investimento é diverso. Os minoristas poderán acceder ao 44,6 por cento. Os mandatos de compra dos particulares oscilarán entre as 200.000 pesetas e os 10 millóns. O 38,9 por cento resérvase para os investidores estranxeiros. Un 13 por cento corresponde aos investidores institucionais do Estado español. Un 3,5 por cento estará destinado ao reparto gratuíto entre os empregados. Finalmente, un 3,4 véndese aos bancos BBVA, BSCH, Morgan Stanley Dean Witter e Schroeder Salomon Smith Barney, en compesación polos traballos de colocación dos valores.

Como enganche para os posíbeis investidores, Inditex anunciou que destinará o 20 por cento dos seus dividendos ao reparto entre os accionistas. Se esta medida se levase a cabo durante o pasado ano, o valor engadido de cada acción representaria 70 pesetas brutas, un dos rendimentos máis altos do actual mercado. ♦

CHEGARON AS REBAIXAS

JORDI CLIVILLÉ

Parece ser que por fin aflora a realidade. O Fondo Monetário Internacional, a Unión Europea e o ministro de economia do governo español, apeáronse do burro e recoñeceron publicamente que a economia americana marca a economia mundial e que o seu estancamento, pareceria excesivo que dixera recesión, necesariamente, tiña que repercutir na economia mundial e concretamente na europea e consecuentemente, como non podia ser doutra maneira, na española. Afirmo que as correcións en canto a crecimento, retroceso na criación de postos de traballo e demais parámetros deberán reducirse de novo antes de finalizar o presente ano. Nos seguintes parágrafos intentarei analisar as consecuéncias tanxíbeis, que para o povo chan, deberán suportar debido ao novo panorama económico.

Intentarei analisar, de forma entendedora, o descenso do crecimento do PIB, indicador da riqueza do país, asi como as consecuéncias que afectarán a todos e como sempre de forma máis acentuada ás clases menos favorecidas. O Fondo Monetário Internacional (FMI), cifra o descenso, a nível mundial, do 4,8% previsto, ao 3,2%, 1,6 pontos por baixo. A Unión Europea preveu finalmente un incremento do PIB, para o ano 2001, do 2,5%. O governo español, pasou dunha previsión inicial dun crecimento do 3,6% previsto no presuposto do 2001, ao 3,2%, catro décimas menos. Porén debemos ter en conta que se o comparamos co crecimento experimentado no ano 2000, o descenso é de oito décimas.

■ **CAÍDA DO CONSUMO.** A primeira causa deste descenso é a caída relativa do consumo, no ano 2000 este medrou un 3,7% e no presuposto do 2001 estaba previsto unha suba do 2,9%; as novas previsións do governo situano nun 2,6%; debemos sinalar que este consumo inclue tanto o gasto público como o consumo familiar ou privado. O consumo privado prevese que descenda sete décimas sobre o previsto e 1,7 pontos sobre o crecimento do ano pasado. O consumo público, governo central, autonomias, concellos, tiñan previsto unnha míngua respeito ao ano 2000 do 1,4 pontos. Curiosamente as novas previsións increméntano en oito décimas, probabelmente para paliar, no posíbel, o descenso do consumo privado e aminorar as consecuéncias negativas da situación. Para non cair no tédio das cifras, non detallo o descenso en investimentos, bens de equipa e construción, todos eles significativos.

> "Por cada traballo eliminado polas grandes empresas, elimínanse outros catro de empresas subsidiárias"

Cales son as consecuéncias desta nova situación que non se nos explica? Nos Presupostos Xerais do Estado para o ano 2001, constatamos que o capítulo de ingresos máis importante é o do imposto sobre o valor Acrescentado (IVA). Este imposto nútrese única e exclusivamente do consumo; polo tanto os ingresos do Estado diminuirán sensibelmente e os seus investimentos deberan ser correxidos á baixa. Como se poderán enfrontar se os ingresos mínguan? Esta é a cuestión clave sobre todo se temos en conta que por lei, o déficit debe ser cero, polo tanto para facer fronte aos investimentos previstos deberian recorrer ao endebedamento, o que comportaria o incumprimento do déficit. Por outra parte o descenso das inversións privadas e de consumo comporta un retroceso na criación de novos postos de traballo. O governo xa anunciou que se crearán 60.000 postos de traballo menos dos presupostados. Cuantificar este parámetro é praticamente imposíbel posto que os estados de conciéncia do capital son imprevisíbeis. O estado, teoricamente, pode prever os postos de traballo que se deixarán de criar, pero non os que se destruirán. Cada dia os meios de comunicación anúnciannos despedimentos masivos de traballadores en grandes multinacionais. Debemos admitir, posto que está contrastado, que por cada posto eliminado polas grandes empresas, elimínanse outros catro de empresar subsidiárias, o que nos leva a pensar que o descenso do consumo, sempre ligado aos ingresos dos asalariados, é imprevisíbel, sobre todo se temos en conta que os incrementos salariais están por baixo da inflacción e, como xa dixemos noutras ocasións, isto comporta un descenso de consumo mesmo para aqueles que conservan a sua ocupación.

■ **TIPOS DE INTERESE.** O FMI presiona ao Banco Europeu para que reduza os tipos de interese como fixo a Reserva Federal americana. Por primeira vez o FMI recoñece que a Unión Europea é a segunda poténcia económica mundial, por isto presiona a Europa para que impulse a economia mundial favorecendo unha política de investimentos que pasa pola rebaixa dos tipos de interese. O Banco Central Europeu atópase ante a disxuntiva de que, se baixa os tipos incrementa os investimentos ao mesmo tempo, mais provoca inflación sobre todo en países como España. Certamente que aos EE UU lle interesa unha Europa inflacionária posto que a inflación comporta unha perda de competividade favorecendo asi o predomínio no mercado mundial.

Temos outros indicadores próprios que fan pensar que a crise, en que xa estamos imersos, será máis dura en España, sobre todo debido a que o governo non ten nengun tipo de sensibilidade social e aproveita a sua maioria absoluta para espirse do seu disfraz de centro, desmantelando calquer protección da clase traballadora e facendo do poder económico, ao que representa, o ditador do país. Franza entendeu o problema e rapidamente tomou medidas para contrarrestar o impulso do capitalismo, o governo español, polao contra, téndelle unha alfombra de flores. ♦

JORDI CRIVILLÉ é economista

Presos que traballan máis de 40 horas semanais

Os reclusos traballan dentro do cárcere e, segundo sinalan na asociación PreSOS, máis de cuarenta horas semanais. Alomenos no caso do cárcere de Monterroso, en Lugo, onde dos 320 internos uns 200 estan traballando no taller de cableado para coches de Citroën que depende da empresa ourensán *Labauto Ibérica*. O feito, que pode ser descoñecido para a maioria da sociedade, non teria nada de especial xa que o artigo 25.2 da Constitución recoñece que os condenados teñen direito a un traballo remunerado e aos benefícios correspondentes á seguridade social. Pero segundo este colectivo de axuda aos presos, en Monterroso trabállanse dez horas diárias, sete dias á semana e cun salário que abala entre as vinte e as trinta e cinco mil pesetas mensais. O horário é de nove da mañá a unha e media e, na tarde, de tres a oito.

"Neste cárcere din que o traballo é voluntário, pero obrigan aos presos a traballar baixo a ameaza de perder os seus direitos carcerários tendo á xente atemorizada e chantaxeada. Quen non quer traballar no taller non ten permisos nen posibilidades de liberdade condicional", contan en PreSOS. Cales son as empresas que se benefícian do traballo dos reclusos? Segundo os dados da asociación, algunhas tan fortes como *El Corte Inglés, Champion, Mamut, Alcampo, Fagor, Camper* ou *Eroski*.

A dirección do centro aprovéitase ademais de que a metade dos reclusos sexan extranxeiros con ou sen papeis, segundo a denúncia. "Teñen preferéncia pola xente que non entende o idioma e non sabe nen ler nen escreber", din. Para rematar coa situación de Monterroso, demandan que se garanta o acceso ao traballo digno na prisión, que sexa voluntário, que se cotice á seguridade social –neste momento os presos só dispoñen dun seguro de acidentes–, que a remuneración non sexa inferior ao salário mínimo e que se traballe un máximo de trinta horas semanais.♦

SOCIEDADE

A mobilización, que este ano se centra no ensino, demandou o pasado ano, na foto, meios de comunicación en língua própria. A manifestación quer devolver o carácter reivindicativo ao *Dia das Letras*. A. PANARO / Arquivo

A mobilización pola língua reclamará o 17 de Maio a normalización no ensino

Para que o galego deixe de ser matéria pendente

➪ P. BERGANTIÑOS

En contados centros educativos o galego é algo máis que unha simples matéria. Na maioria está ben lonxe de se converter na língua veicular do ensino. Está é a radiografia que leva a diferentes organizacións comprometidas coa normalización do idioma a escoller este ámbito como o protagonista da manifestación que se vai celebrar o 17 de Maio en Compostela. Igual que en anteriores convocatórias a cita quer encher de contido reivindicativo a celebración institucional do *Dia das Letras Galegas*.

"A desídia da Administración é tal que incluso non é quen de garantir o cumprimento da lexislación sobre o galego no ensino que concreta o Decreto 247/1995 e que desenvolve a Lei de Normalización Lingüística no ensino non universitário", afirman as organizacións autoras da convocatória en base ás próprias notas da consellaria de Educación. Un estudo feito por este gabinete no ano 1998 revelou que só nun 30% das aulas de Educación Infantil e nun 17% das de 1º ciclo de Primária se están a facer leitura e escritura en galego, e que nun 46,3% das aulas de BUP e COU non se estaban a cumprir os mínimos legais de uso do idioma próprio.

Dados dabondo ao entender destas organizacións para adicarlle esta efeméride á situación do galego no ensino, un ámbito de especial importáncia para a recuperación dos usos sociais da língua, sobre todo entre as xeracións máis novas. A mobilización sairá ás doce e media da Alameda de Santiago e está convocada polo BNG, CCOO, CIG, EdeG, *A Mesa pola Normalización Lingüística* e a *Plataforma polo Ensino en Galego*.

A denúncia destes colectivos a respeito do escaso interese que a Xunta pon no avanzo da normalización lingüística neste terreo non é nova. En especial a Plataforma polo Ensino en Galego –un foro no que ademais da própria Mesa, CC OO e CIG, participan o Sindicato dos Traballadores do Ensino de Galiza, a Nova Escola Galega e a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega– protagonizou diferentes campañas nas que critica que desde a promulgación da Lei de Normalización Lingüística, no 1983 a Administración se centrara exclusivamente en lexislar sobre o uso do galego nas aulas, e que non elaborara un plano de normalización lingüística que garanta avanzos significativos respeito da língua e da cultura.

Máis alá, estas organizacións sinalan que todas as actuacións "responderon á presión exercida e a mobilización popular máis que a existéncia dunha vontade política claramente normalizadora". Lembran a este respeito a manifestación de Decembro de 1997 en Compostela na que máis de 25.000 persoas se xuntaron baixo o lema *Aprender en Galego non é un delito.* Desde a publicación do decreto do ano 1995 a Plataforma reclamou de Educación "a posta en marcha de medidas efectivas para garantir o seu cumprimento e facer asi real o tímido avanzo que a publicación deste supoñia –explican. Lonxe diso a Consellaria non só non fixo nada por garantir ese cumprimento senón que nun primeiro momento interferiu no regulamento dun centro que tentaba cumprir o estabelecido nel".

Non menos preocupante resultan para estas organizacións "os esforzos do Governo do Estado por unificar os contidos de diversas matérias en detrimento dunha maior atención á realidade máis próxima do alunado". Neste sentido, recolle o manifesto que se vai ler ao final da mobilización "resulta fundamental para o proceso de recuperación do uso do idioma que o ensino reforce o coñecimento da nosa história e da nosa cultura para darlles aos nosos alunos e alunas unha formación que lles permita entender o mundo desde a sua condición de galegos e galegas, algo co que parece non coincidir, por exemplo, o espírito da reforma das Humanidades".

Correlíngua

Nos dias prévios á celebración do *Dia das Letras* celebrarase en sete vilas o *Correlíngua*, unha maratón en defensa do idioma no que participarán máis de 20.000 escolares. Comeza o dia 8 en Vigo e Ponteareas e vaise celebrar nos seguintes seis dias en Ourense, A Coruña, Cambre, Culleredo, Betanzos, Oleiros, Sada, Ferrol, Tui, Oia, Guillarei, Pontevedra, Lugo e Compostela. Participaran deportistas recoñecidos, escritores e xente do mundo da música. Ao tempo están programados outros eventos de caracter musical, artístico e literário.♦

Convocan os prémios *Alecrín* e *Alacrán*

Tras trece anos de história, o Grupo de Estudos sobre a Condición da Muller *Alecrín* convoca os prémios Alecrín e *Alacrán* para distinguir a persoas, grupos ou institucións que se caracteri-cen pola defensa dos direitos das mulleres, ou no caso contrário, que atranquen os avances na igualdade. Até o 20 de Maio poden apresentarse propostas que serán estudadas por sete integrantes de *Alecrín*. No mes de Xuño celebrarase a entrega de prémios. Nos últimos anos teñen sido distinguidas co *Alecrin* Mª do Carme Kruckenberg, Marina Mayoral, Aurita González e Carmen Sarmiento.♦

Unha *haima* en Redondela para irmandarse con Edcheŕa

Do 6 ao 10 de Maio na Alameda de Redondela estará colocada unha haima, tenda na que viven os refuxiados saharauitas, na que se realizarán actividades e exposicións para comemorar o irmandamento desta vila con Edchera, situada na província de Aaiun, no Sahara. O pleno do concello ven de aprobar esta iniciativa, xurdida tras unha viaxe dos concelleiros redondeláns no mes de Decembro ao Sahara. Estiveron en Edchera Xavier Núñez e Mª Carme Rodríguez, do PSOE, Manuel Puentes, do PP e Xosé Luís Grande, do BNG. Desde hai vários anos, famílias de Redondela acollen a cativos do Sahara durante o verán no programa "Vacacións en paz".♦

Marihuana para uso terapéutico en Catalunya

Incluído o PP, todos os partidos políticos con representación no Parlamento catalán suscribirón unha proposición o pasado 25 de Abril na que se insta á Generalitat a realizar as xestións necesária para que o governo de Madrid autorice o uso terapéutico do cannabis. A utilización da marihuana teria como destinatários todos aqueles enfermos que padecen fortes dores. Na orixe desta proposta parlamentária tiveron moito que ver as muller que integran a *Asociación de Afectadas polo Cancro do Mama*, en especial Nuria Noguera, unha xornalista da televisión que reivindicou o uso da do cannabis até a sua morte pola doenza. O PP negouse a aprobar unha proposta semellante no Congreso hai un mes por existir outras alternativas efectivas para a dor.♦

ESTRÉS ANIMAL

XAVIER SEOANE

¡Por fin! ¡A homologación que tanto desexabamos! O tránsito definitivo do rural ao urbano, das catacumbas á modernidade, quén nolo ía dicir, simbolizado na neurose das vacas.

Porque a presumíbel loucura que se lles atribúe e nos equipara a un novo parámetro da Europa occidental, tal vez non é máis que unha suma de neurose e depresión producida polo estrés: enfermidades modernas e urbanas. Que algunha secuela tiña que traer un tránsito histórico tan rápido nunha sociedade que non fixo a revolución industrial e agora se ve impelida, en poucos anos, a realizar unha vertixinosa homologación coas novas perspectivas económicas e tecnolóxicas da globalidade.

Pero non hai por qué desesperar. Na vida todo ten arranxo. E a depresión e o estrés son combatibles, cando menos, desde a Grecia clásica. E Galicia sempre tivo curandeiros e médicos ilustres, e remedios hainos. Se cadra o que procede é que, dada a gravidade da cuestión, o presidente da Xunta, que é de Vilalba, e desde cativo vivenciou o bucólico muxir das marelas polos prados chairegos da súa infancia, faga algunha posible comparecencia no Parlamento dentro da media ducia que lle correponden para o milenio entrante, coa fin de presentar un proxecto do Sergas que implique unha ampla dotación de servizos psiquiátricos ao *rus* galaico.

Que certos aspectos do neo-liberalismo causan estrés, está dabondo demostrado. É moita a competitividade. Moito o curriculum, a itinerancia e o leite diario a bombear nesta vida canalla. E o *factor humano*, e mesmo animal, da producción, resíntese se non é ben compensado, como demostran as últimas análises en intelixencia emocional e psicoloxía laboral, coa súa secuela de traballadores *queimados*..

Contra o mal, pois, ademais de psiquiatras, e *valium*, cómpre tamén unha maior remuneración e unhas mellores condicións de traballo do noso gado. No caso das vacas, desde logo, a inclusión dun algo de *peripatetia* ambulante. ¡E que se lles deixe saír a pastar, carafio, se non é moito pedir, novamente polos prados!

> "Un comezaría por preguntarlles aos veterinarios galegos se teñen coñecemento de se algún porco do país foi bautizado como *Napoleón* no último ano..."

Sempre tiveron unha tendencia natural ao academicismo aristotélico-platónico as nosas vacas, e a saudade de non practicalo xenéralles unha profunda angustia existencial e un grave trauma psicolóxico de consecuencias impensábeis. ¡Ah, se o culto, e latino, Aquilino Iglesia Alvariño, e o doutor Nóvoa Santos, se levantasen da tumba, e as vesen tan, tan tristes, tras das reixas das granxas, salaiando polo verdor dos prados!

Que o das vacas, ademais, ten o perigo potencial de ser tan só a punta do iceberg dun malestar xeralizado no reino animal. E se cadra non tardarán en secundalas os porcos e as galiñas, os salmóns e os rodaballos... E pódese armar a de San Quintín nas nosas piscifactorías e granxas. Que quén sabe se non terá constituído a contraseña de tal revolta o pase televisivo do exitoso Gran Irmán...

Por se acaso, un comezaría por preguntarlles aos veterinarios galegos se teñen coñecemento de se algún porco do país foi bautizado como *Napoleón* no último ano... ♦

HENRIQUE HARGUINDEY

O FÍO DA LINGUA

Corroborar

A fórma unánime en galegoportugués para denominar a árbore de nome científico *Quercus robur* é *carballo*, palabra de orixe prelatina. Hai ocasións en que en Galiza sentimos dicir *roble* pero o contexto indica en xeral que se trata dun españolismo.

Con todo, é ben saber que en galegoportugués existe tamén a palabra *roble* (antigamente *robre*), derivado do latín *roborem*. A forma antiga para o conxunto de *robres* era *roboredo/roboreda* que se transformou en *reboredo/reboreda*, forma moi corrente en apelidos e topónimos. Igualmente relacionada con estas é a denominación dunha variedade de carballo: o *rebolo*.

Como o carballo ten sona de duro, xa dende a Antigüidade existe a expresión *forte coma un carballo* (ou *coma un roble*). De aí que xa en latín aparecese o adxectivo *robustus* ("forte") que deu lugar ao verbo *robustecer*. Por outra banda, tamén o verbo latino do mesmo significado *roborare* deu orixe a *roborar* ("robustecer, fortalecer"). Del procede *corroborar* ("afirmar conxuntamente con alguén, ratificar o que di"). E a *corrobla* é unha festiña que se facía, con viño e algo de comer, para celebrar o remate dunha obra ou da vendima, a súa consolidación. Cando se trataba dunha casa, os canteiros adoitaban poñer no pincho, no remate, unha ponla de árbore ou arbusto, polo xeral loureiro (símbolo de victoria). Polo Morrazo sinálase tamén así o *furancho* –é dicir, que se furou o pipo de viño– para que os veciños saiban que poden ir bebelo á casa de quen afurancha.

En troques, non forma parte da familia de *robur* a palabra *rubor*, moi próxima fonéticamente. Esta procede do latín *rubeum*, "vermello".

Os derivados galegos de *rubeum* conservan o significado orixinal. Non é raro oír *Púxose todo rubio* ou *Levaba unha saia rubia*. Lembremos tamén o peixe chamado *rubio*. *Roibo* é un resultado con metátese, desprazamento de sons, e de aí procede *roibén*, cor vermella do ceo ou das nubes moitas veces ao mencer ou no solpor. É ben significativa a abundantísima presencia dos derivados de *rubeum* na toponimia e nos apelidos galegos: Roibal/Ruibal, Roibás, Roibeira, Rubia, Rubián, Rubiás, Rubio, Rubiós, Pena Rubia, Parderrubias, etc.

Rubor, como diciamos, ten a mesma orixe, e o cultismo *ruborizarse* é "poñerse rubio". Igualmente cultismos son *rubicundo* (lembremos a cor da pedra preciosa chamada *rubín*), *rubro* (vermello forte) ou *rubéola* (polas manchas no corpo).

Curiosamente, o substantivo *rúbrica*, hoxe fundamentalmente entendido como sinatura ou sección dun xornal, ten orixe na tinta *vermella* (rubia ou roxa, que ven sendo o mesmo) pois nos antigos libros de leis, os títulos das seccións imprimíanse nesta cor.

Corroboramos e rubricamos. ♦

JUAN GERVASIO PAZ, IN MEMORIAM

MANUEL VILAR - MIRO VILLAR

Temos ainda nalgun recuncho das nosas memórias esa lembranza de, sendo nenos, como, de cando en vez, ás nosas casas chegaba unha carta dalgun familiar emigrado na América. Ás veces estas non traian máis que a triste nova da morte dalgun parente que nen sequer coñeciamos fisicamente. Imediatamente íase falar co crego para que dispuxera unha misa e asi asentalo na parróquia dos nosos mortos. Hoxe, e grácias ás novas tecnoloxias, a triste nova que antes tardaba semanas en chegar, agora faino coa frialdade de segundos. Hai uns dias, con esa frialdade, chegounos a triste nova do falecemento de Juan Gervasio Paz Narbaiz, fillo dun emigrante muxián, o poeta Gervasio Paz Lestón, da estirpe dos Xalleiros de Serantes (Moraime-Muxia).

Puidemos coñecer persoalmente a Gervasio hai un par de anos cando se desprazou até Galiza por mor da publicación do volume *A poesía galega de Xervasio Paz Lestón*. Estoutro Gervasio, o fillo, surprendeunos non só pola sua imensa estatura física, senón tamén pola sua grandeza moral e pola sua erudición intelectual. Estoutro Xalleiro nacera xa na Arxentina o 23 de Marzo de 1929, viña de facer pois os 72 anos, era médico de profisión e comunista de corazón. Autor de vários libros de ensaio e de tese política (que mesmo foi compañeiro de aulas de Ernesto *Che* Guevara), viña de publicar un libro de relatos que xa non puido ver distribuido. Como tampouco poderá ver a estatua que a concelleira de cultura muxiana prometera para honrar a memória de seu pai, como o segundo escritor en importáncia do concello, despois de Gonzalo López Abente.

Estoutro Xalleiro descubriu a poesia de seu pai e atopouse coa terra dos seus antepasados, en parte, porque nós o acurralamos para pedirlle información. Mais iso foi só nun principio, despois viu que na poesia do pai tamén estaban ideais polos que el loitara e sofrera durante a ditadura dos "milicos": o progreso social, a liberdade, os direitos humanos, a dignidade. Ideais polos que ainda temos que loitar en lugares onde o caciquismo pretende ser a única forma de expresión política. Gervasio chamaba ou escribia (tamén coas novas tecnoloxias) para dicirnos que se tiña que facer algo para que a xente coñecese a poesia de seu pai, pero atopouse cunhas institucións que o único interese que teñen é recoller votos baixo as pedras da miséria da emigración e non toda a memória que ali temos. E por esa memória que nos fará máis libres traballou Gervasio e traballou arreo o seu pai a prol do asociacionismo na emigración bonaerense. Con Gervasio perdemos un chanzo que nos unia a esoutra parte de nós que está ao outro lado do océano, océano que debería unirnos, pero que ainda nos afasta porque non interesa que saibamos quen somos e como fomos. Con Juan Gervasion Paz Narbaiz perdemos todo iso, pero sobre todo perdemos un ser humano leal e xeneroso. ♦

MANUEL VILAR é historiador e MIRO VILLAR, escritor

P | R | E | S | E | N | T | A | C | I | Ó | N
EN
SANTIAGO
DE
"ARREDOR DE CASTELAO"
DE Mª PILAR GARCIA NEGRO

EDICIÓNS A NOSA TERRA

XOVES 10 DE MAIO ÁS 20 HORAS
NA GALERIA SARGADELOS COA INTERVENCIÓN DE
Mª PILAR GARCIA NEGRO,
ELIAS TORRES FEIXOO,
X. ENRIQUE ACUÑA.

Medo no PSOE ao que poda facer Aznar cando Mayor Oreja perda as eleccións

A campaña eleitoral basca realízase en clave española

B. LAXE

Son moitos os colectivos e partidos políticos, incluido o PSOE, que denúncian a manipulación sen precedentes que se está a dar na campaña basca por parte do PP, que puxo e marcha todos os resortes e todos os poderes. Son os mesmos que temen as medidas de Aznar cando Mayor Oreja perda as eleicións. Os inquéritos, "sen correccións pola variante do medo", danlle ampla maioria ao PNV.



Ibarretxe descolocou a PP e PSOE propondo un debate con Mayor Oreja.

A campaña eleitoral basca comezou hai dous anos cando o PP conseguiu maioria absoluta no Estado. Decidiu daquela impulsar o nacionalismo español máis reseso. Para logralo debia porlle proa aos nacionalismos periféricos. Eukadi era a "primeira batalla". A "batalla do norte", como a calificou algun asesor de Aznar. Agora estamos chegando ao final dun batalla, a eleitoral de 2001. Pero nada máis.

Nembargantes, en Madrid abordan estas eleicións coma un referendo. Cando, se temos que calificar de referendo algunha contenda eleitoral ordinária, serian as eleicións anteriores en Euskadi, celebradas baixo a trégua de ETA e a firma do Pacto de Lizarra.

Pero agora, o PP decretou que "é preciso vencer, fundir, machacar e triturar ao nacionalismo democrático, e non repara en medios para logralo", afirma Iñaki Anasagasti, voceiro do PNV no Congreso. Joaquín Leguina, ex presidente da Comunidade de Madrid, é do mesmo parecer.

"Governo, xuices e fiscais, empresários, financieiros... e os directores da orquesta: os donos e señores da prensa escrita, radiada e televisada próxima ao PP, apoiando ao candidato Maior Oreja en plena campaña eleitoral. Unha exibición de poder, de verdade obscena e tamén ameazadora", escibiu en *Deia* Leguina.

O político socialista considera que, "agora ao poder non lle importa que se manipule a información, que se pase por encima de todo, a calquer prezo, incluso a costa das formas que son garantes da convivéncia". Leguina pergúntase porque agora se defenden como posíbeis, actitudes que antes non o eran, argumentos que antes se atacaban por antixurídicos. "Que mudaron das leis penais? Que mudou na aplicación destas? Porque agora sí é lexítimo saltarse todas as barreiras e esquecer a debida independéncia institucional para xuntar todas as forzas ao carón dun proxecto político de dereitas?"

Todo vale. Situase, asi, ao PNV nunha aposta independentista, de Lizarra, da Udalbiltza que non mantén, aplicándolle os mesmos calificativos e a mesma "indústria da exclusión" que se aplicou a HB até 1998. Pero con novos métodos. Agora poñen en marcha a "exclusión persoal", identificativa, deseñada pola CIA para derrocar a Milosevic. A vítima agora é Arzallus. A encarnación da persoa a derribar. Porque non se apela aos argumentos políticos da xente, senón aos sentimentos máis primários manipulados colectivamente. Foi un método ensaiado nos estádios americanos e que o PP ten preparado para Beiras na Galiza, ainda que haxa políticos do PP que afirman que se van negar a esta estratéxia.

Falan os poderes do Estado dun momento histórico no que se celebran as eleicións. Pero non son quen de explicar eses "grandes cámbios". Unicamente propoñen "derribar a Arzallus e ao seu nacionalismo" como única solución.

É unha mensaxe simples, capaz de penetrar na sociedade española, impulsada por un aparato propagandístico antes nunca visto. Porque o PP, a quen verdadeiramente se dirixe nesta campaña eleitoral basca, comezada hai dous anos, é ao seu eleitorado español. Foi esta mensaxe o que o levou á maioria absoluta. É esta mensaxe coa que pretende ancorar ao PSOE no nacionalismo español, decretando por consenso o parón do proceso autonómico para lanzar a unidade de España como destino universal.

Pero se o PP sabe que en Euskadi a sua postura é minoritária, a opinión pública española, sorprendentemente, tampouco se asemella na sua opinión á opinión publicada. Un inquérito realizado polo Instituto Opina para a Ser pon de manifesto que menos do 50% dos españois consideran necesário desbancar ao PNV. Un 20% responde que non o olla preciso. Entre Mayor Oreja e Redondo Terreros suman unicamente o apoio do 47,3% .

Os inquéritos en Euskadi, pola sua banda, dan ao PNV-EA como vencedores e ao PP e PSOE incapaces de superar aos nacionalistas. Asi as cousas, a pergunta é que pasará despois do 13 de Maio. A chave semella que vai tela o PSOE, pero como é histórico xa neste partido, até despois das eleicións, nunca anúncia a sua postura. Neste caso tampouco a ten decidida, pois as divisións internas son moi fortes.

Hai moitos socialistas, comezando por Felipe González, que teñen medo ao que poda facer Aznar despois da derrota. De momento, Aznar denúncia que ETA pode estar a preparar outra trégua, mentres EH afirma que non permitirá que governe Mayor Oreja, mais, igual que o PSOE, agarda polos resultados eleitorais para decidir. ♦

O *Defensor del Pueblo*, acusado de coaccionar informes xurídicos

O *Defensor del Pueblo*, Enrique Múgica, está acusado de oferecer máis de un millón de pesetas a aqueles catedráticos de Direito Constitucional que emitisen informes xurídicos favorábeis á Lei de Estranxeria aprobada polo governo Aznar. Segundo informacións obtidas pola *Cadena Ser*, Múgica procurou un colchón académico para xustificar a sua negativa a recorrer diante do Tribunal Constitucional esta normativa, a pesar de que o *Defensor* recibiu máis de 400 pedimentos para que asi o fixese. Desde a oficina de Múgica negouse que houbese coacción sobre os profesores universitários. Os informes apresentados por este foron asinados por Pedro de Vega, Francisco Fernández, Alberto Pérez e Enrique Álvarez. ♦

O PS deberia buscar substituto para Guterres, segundo un inquérito

Un inquérito publicado polo xornal portugués *Diário de Notícias* revela que o 49 por cento dos lusos desexa que o actual primeiro ministro, António Guterres, non se apresente á reeleición en 2003. Da banda contrária sitúase un 42 por cento, que considera que o líder socialista é o mellor candidato do seu partido para esa próxima cita eleitoral. Por franxas de idade e clases, son os máis novos e ricos os que máis desexan que Guterres deixe o primeiro plano da política. O inquérito manifesta ainda máis claramente que os portugueses non desexan eleicións antecipadas (o 68 por cento dos perguntados). ♦

Detectada en Catalunya unha rede de corrupción na Guarda Civil

A Fiscalia de Lleida confirmou a preséncia de irregularidades nas contas do cuartel da Guarda Civil de La Seu d'Urgell. Segundo a memória do ministério público, vários axentes e mandos aceitaron subornos dos contrabandistas de tabaco a cámbio de informacións que lles permitan burlar os controis policiais na rota cara a Andorra. A información, desvelada polo diário *Segre*, dá conta dun plano para infiltrar na rede corrupta un funcionário da policia xudicial, que fracasou ao non contar con todas as garantias legais. ♦

NOVIDADE

As chaves do tempo

de Luísa Villalta

Colección
Froita do Tempo
A NOSA TERRA

As chaves do tempo abren e pechan as portas do amor e do medo, da liberdade e o sometimento. De cando había reis na Galiza, houbo un que tivo fama de nobre e de bon corazón. Durante o seu reinado nada lle faltou ás xentes, nin o millo, nin o peixe, nin o gando. Tiña dous fillos que destacaron como moi bons tanxedores de zanfona e lira... mais tamén para os dous chegaron días de guerra.

historia xeral da LITERATURA GALEGA

Historia Xeral da Literatura Galega nace co obxectivo de sintetizar, nun manual con carácter divulgativo, aqueles episodios, obras, autores e autoras fundamentais na configuración do noso sistema literario.

Achará aquí, pois, o público leitor un contributo actualizador da produción literaria da Galiza, ben sexa canto á novos estudos bibliográficos, ben canto ás novas creacións poéticas, narrativas e dramáticas, que na actualidade se están a producir. É por todo isto que este traballo vai dirixido a toda aquela persoa que estea interesada en achegarse á cultura literaria do país.

Oferta de lanzamento para os nosos suscriptores

2.800 pta.

P.V.P. 3.500

Desexo recibir o libro *Historia Xeral da Literatura Galega*

Nome ..... Apelidos .....

Enderezo ..... Código Postal .....

Teléfono ..... N.I.F. ..... Poboación ..... Provincia .....

Desexo recibir ☐ *exemplares acollendome á oferta de lanzamento para os subscriptores de A Nosa Terra* **2.800** *ptas.*

PAGAMENTO DOMICILIADO

Banco / Caixa de Aforros

Conta ou libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐

Titular .....

Sucursal ..... Poboación ..... N.I.F. .....

Sírvanse atender con cargo á miña conta o recibo que ao meu nome lle sexa presentado por Promocións Culturais Galegas S.A.

Data ..... / ..... / ..... Sinatura

Remitir unha vez cuberto a A NOSA TERRA. Apartado postal 1371 - 36200 VIGO. Máis información no teléfono (986) 43 38 30

A NOSA TERRA

AUTORES

Mercedes Queixas Zas

Anxo Gómez Sánchez

CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS

Formato: 165 x 240 mm. Cuberta plastificada maté en tapa dura 384 páxinas a cor con máis de 300 ilustracións.

Federico Mayor Zaragoza

'Gastamos moito en protexer as nosas fronteiras e nada en paliar a inxustiza social'

Ponte... nas ondas! 2001 **unirá Galiza e Portugal através da rádio o vindeiro 4 de Maio. Esta iniciativa educativa e cultural denúncia este ano a escravitude infantil. Dentro das actividades previstas, alunos galegos e lusos entrevistaron a Federico Mayor Zaragoza, ex secretário xeral da UNESCO, desde a Rádio Municipal de Tui. A conversa emitirase no transcurso da xornada escolar. Aqui extractamos a sua parte máis destacada.**

Cales son os motivos para abordar a problemática da escravitude infantil e cales os obxectivos da campaña da UNESCO "Rota dos escravos"?

O de esclarecer un dos períodos máis abomináveis da história. Debemos evocar esta traxédia de miles e miles de persoas que, nun momento determinado, eran vendidos ao peso, para faceren esta rota trasatlántica, para ir realizar, sobretodo, traballos agrários, que os que colonizaran aquelas terras non querian facer. Hai que aprender daqueles tempos, de que a mestura de desamor e racismo acabaron no escravismo máis terríbel, realizado, en ocasións, polos mesmos cidadáns que habitaban zonas en África naquel momento, uns dunha tribo, outros doutra, uns, vencedores, outros, vencidos, en contendas internas. Cómpre explicar como se vivia aquela emigración forzada, en barcos horríbeis onde homes e mulleres eran dispostos para ocuparen o menor espácio posíbel e que, a medida que morrian, tirábanos ao mar.

De que forma as escolas poderán tratar este tema?

As escolas son fundamentais porque precisamente é o espácio onde, desde moi nenos, se van aprendendo estes grandes trazos da história da humanidade. Podemos ser conscientes dos grandes erros que cometemos, non para xulgalos, que non é o noso papel, senón para comprender o necesário que é respectar todos os seres humanos por igual. Debemos comprender que as feridas que se fixeron na história hai que restañalas. O que foi un auténtico xenocídio da raza negra debe permirtirnos agora aprezalos coma irmáns nosos sen distinción nengunha, para tamén entender que teñen que acceder dunha maneira rápida aos máximos níveis de desenvolvimento porque África debe pasar a ser unha prioridade. Estamos explotando os seus recursos naturais, os mellores talentos, 30.000 africanos da zona do Subsáhara, están hoxe traballando nos mellores laboratórios e hospitais do mundo, no Norte, lonxe de onde realmente farian falta. A isto é o que as escolas teñen que contribuír desde curtas idades, para que ninguén sinta fachenda da cor da sua pel, nen ninguén diga "que ben que eu son deste país!" nen doutro, porque ninguén elixiu nen a cor da pel, nen nacer nun lugar ou noutro, nen ter un berce alto ou baixo. Todo isto, agora está claro, non é o noso mérito. O mérito de cada neno non é a sua nación senón o que fai a cotio porque isto é da sua responsabilidade.

Que relación ten a "Rota do escravo" co racismo?

Non é que teña relación, é que é o racismo en si mesmo; é un racismo dos máis perversos que temos constáncia na história, un racismo que se leva até o extremo da venda e do desprezo. Isto é moi importante que o saibamos. Non os consideraban seres humanos. Houbo voces moi sensatas, como a de Frei Bartolomé de las Casas ou, máis tarde, o Padre Hidalgo, en 1808, en México, que reclamou a igualdade legal entre brancos e índios. Sul e Norte loitaron nos EE UU para que se considerasen os direitos dos negros. Diso non hai nen 200 anos.

Vostede cre que a emigración actual ten algo a ver coa "trata transatlántica de escravos?

Creo que é praticamente o mesmo. En España coñecémolo ben. Sabemos que nos anos 60 e 70 emigraron á Europa da abundáncia 3.000.000 de cidadáns españois porque entón esta fronteira da prosperidade non se situaba no Mediterráneo senón nos Pirineos. Entón, españois e portugueses iamos a realizar os labores que os franceses, os alemáns, os suízos, os suecos, xa non querian facer. Eles eran os privilexiados, os ricos, e entón iamos á vendima e a limpar ruas. Agora pasa o mesmo, agora veñen a España persoas que viven en situacións inumanas, resultado desgraciado dunha enorme asimetria social. Aqui estamos a viver nunha espiral de consumo, no supérfluo, mentres que eles non teñen nen para comer nen para electricidade. Dixémoslles en 1974: "Imos axudarlles. Destinaremos o 0,7% do noso PIB para que vostedes poidan aprender a explotar os ricos recursos naturais". Non o cumprimos. Temos unha forte débeda con eles. Hai que procurar vias de entendemento. Por exemplo, a idea de pescar nos caladoiros do Terceiro Mundo é boa pero temos que saber compartir mellor os gaños desa pesca. Se só explotamos, ao final temos unha grande miséria e críanse uns fluxos de emigración enormes que levan á situación actual e que ainda pode ser moito pior. Non pode ser que uns teñan tanto e que outros teñan tan pouco.

África do Sul, con Nelson Mandela, é un bon exemplo de como pode evolucionar un sistema racista. Os pretos estaban apartados e marxinados da vida política e, en cámbio temos a alegria de ver o segundo presidente de raza negra. Pouco a pouco, o Artigo 1º da Declaración Universal dos Direitos Humanos: " todos os seres humanos son libres e son iguais en dignidade, todos están dotados de razón e deben entre eles ter relación de fraternidade" vai acabar por triunfar.

Existen formas de escravitude no mundo actual?

Por desgracia existen. Non hai máis que mirar ao redor e darse conta de que os nenos da rua son, desgraciadamente, o resultado dunha situación social inxusta. As adolescentes que teñen que oferecer o seu corpo son as escravas da inxustiza social actual. Os nenos soldados, os nenos que traballan en vez de iren á escola; as mulleres explotadas que traballan 10 ou 12 horas diárias 7 dias á semana, mentres os médios lles chaman os seus países, os do "milagre económico". Estas son as caras da nova escravitude e que temos todos, moi rapidamente, que facer que desaparezan. E témolo que facer porque gastamos moitísimo diñeiro en defender as nosas fronteiras e pouquísimos cartos en defender a dignidade en todos os seres humanos. Cada dia gastamos 2.000 millóns de dólares en armamento e, sen embargo, que pouco investimos para que estes novos escravos do noso tempo imediatamente encontren unha man que os axude a saír da sua tan humillada condición.

Que papel tivo España na rota dos escravos?

España participou dela através da colonización das Américas, pero non foi un papel tan activo como o de outros países. Foi un papel de complicidade, ben é certo. Mais como dixen antes, as primeiras voces que protestaron pola inxusta situación foron as de grandes personaxes hispánicos. Contodo, España foi un país tolerante con esa prática porque non fixo todo o que tiña que ter feito e coa rapidez que as circunstancias exixian naquel momento.

O programa interescolar *Ponte... nas ondas!* realízano alunos e alunas de escolas e institutos da Galiza e Portugal. Este ano escollemos o tema de "A rota dos escravos" e participan tamén escolas de América e África através da internet. Que pensa desta experiéncia?

Creo que é unha experiéncia moi positiva e aplaudo os que tiveron a idea desta iniciativa, os que están colaborando na sua realización porque hoxe a rádio segue sendo o sistema de información máis capilar, o que chega a todas as partes e en todas as situacións. Esta é unha experiéncia que pode contribuír á toma de conciéncia por parte de todos os nenos do mundo dun dos fenómenos históricos que temos que desterrar para sempre.♦

Protestas na Franza contra *Danone*

Logo de que a compañia alimentária francesa Danone anunciara o despedimento de máis de 2.000 empregados das suas diferentes factorias, o país galo reaccionou con vários actos de protesta e boicot aos produtos que comercializa esta empresa. Várias organizacións iniciaron campañas públicas para solicitar dos consumidores que non compren Danone ou marcas asociadas, como Lu. Dentro desta série de reivindicacións, o partido nacionalista bascofrancés Abertzaleen Batasuna organizou a ocupación pacífica da finca que o presidente de Danone, Franck Riboud, posue en Arcangues (Bayonne).♦

Folga e bloqueo de estradas en Bolívia

A *Confederación Sindical Única de Trabajadores Campesinos de Bolivia* (CSUTCB) iniciou o pasado 29 de Abril unha folga e o bloqueo de camiños en todo o país. Esta medida foi apoiada pola *Central Obrera Boliviana* (COB), tras rachar as negociacións que mantiña co presidente Hugo Bánzer. Estes dous sindicatos protestan contra o incumprimento do governo de La Paz das medidas de mellora de vida para os indíxenas e pola decisión de queimar grandes plantacións de coca en diferentes rexións. Ao abeiro destas mobilizacións, 300 xubilados comezaron unha folga de fame para exixir subas nas suas pagas e miles de cidadáns con empréstimos pendentes reclamaron a condonación da sua débeda.♦

Rebelión a prol de Estrada nas Filipinas

O governo de Manila, dirixido por Gloria Macapagal, decretou o estado de rebelión e mobilizou todo o seu exército para controlar a insurrección dos partidários do ex presidente Joseph Estrada, agora na cadea por vários delitos de corrupción. Os rebeldes tentaron tomar o palácio presidencial, pero a policia impediúllelo, co resultado de tres mortos e máis de 20 feridos. Macapagal reaccionou rapidamente e ordeou deter vários políticos opositores, entre eles Juan Ponce Enrile (un dos máis destacados insurxentes contra o ditador Marcos). Ao peche da edición deste xornal, governo e rebeldes tentaban unha negociación para a fin do conflito.♦

Solucións á crise da Sanidade Galega

Nos derradeiros dias acendéronse as luces de alarma nos meios políticos sobre da situación do noso Servicio de Saúde. Hai dous temas que están no candeeiro:

As Incompatibilidades dos médicos: a lei de Incompatibilidades na Función Pública e a sua aplicación no Servicio Galego de Saúde (Sergas), e nos centros privados concertados.

Non se trata de perseguir a alguns médicos do SERGAS coa policia, senón de non concertar con aqueles hospitais onde estes traballen a tempo parcial.

- Denunciado o seu incumprimento polo deputado Anxo Guerreiro, o Parlamento Galego aprobou a creación dunha comisión que se encargue da análise do problema e da busca de solucións.

- Os déficits detectados na sanidade da Area de Vigo, a traveso dun informe encargado polo Concello á Plataforma para a defensa da Sanidade Pública.

O debate das incompatibilidades está xa superado nalgunhas Comunidades, proba diso é o Proxecto de Lei de Saude de Extremadura remitido polo governo rexional á asemblea autonómica para a sua tramitación parlamentar. Neste documento adóptanse as medidas lexislativas para rematar coas incompatibilidades. En primeiro lugar neste proxecto de lei proíbense os concertos coas Clínicas nas que presten actividade laboral persoal con dobre dedicación ou ben formen parte do seu accionariado. Non se trata de perseguir a alguns médicos do Sergas coa policia, senón de non concertar con aqueles hospitais onde estes traballen a tempo parcial. Isto non debe supoñer unha proibición dos concertos, que dito sexa de paso seguen a ser necesários mentres a infraestrutura pública siga a ser deficitária con respeito ás necesidades sociosanitárias, senón de fomentar que estas Clínicas e Hospitais privados, contraten a médicos do paro, que hai moitos. Tamén se trata de evitar que o sector privado "parasite o público como esta a acontecer ata o de agora en Galiza", cando alguns profesionais deixan algunha hora por facer da sua xornada na pública para chegar a tempo á privada ou non se axilizan dabondo os trámites nas consultas para inflar unha lista de espera que remata enchendo as arcas da privada.

As solucións que estabelezo son ben distintas ás propostas as que chegaban Anxo Guerreiro, Juan Ducet (Subdirector de Inspección Sanitaria), e Víctor Crespo (Sindicato médico de Pontevedra). Nun debate publicado no *Faro de Vigo* os contertúlios chegaban a solucións que pasaban polas compensacións económicas para os médicos. Miren vostedes, os médicos son os únicos profesionais do Sistema Sanitário que xa cobran un complemento de exclusividade. Ademais penso que as remuneracións na Función Pública deben obedecer ao grupo a que se pertence: A,B, C, D, E , e non estar suxeitas ao prestixio social das diferentes profesións, o que levaria a gravísimas desigualdades. Se vostedes queren poderiamos fixar unha porcentaxe do salário en función dos obxectivos que cumpran na empresa pública, pero nunca lles deberiamos ter que pagar polo mero feito de que non traballen na privada, porque iso márcao a Lei. Ademais poderianos levar a situacións tan disparatadas como a de que algun cobre o complemento de exclusividade sen "traballar" nen na pública nen na privada.

Outro dos grandes problemas para a sanidade galega como deixaba claro o informe da Plataforma para a defensa da Sanidade pública referido á Área de Vigo, son a falta de persoal e a falta de de coordenación, entre os distintos níveis asistenciais, atención primária e especializada, que leva a que se dupliquen servícios, ou non haxa unha planificación conxunta dos recursos e dos servícios. A solución para o primeiro pasa por unha maior dotación orzamentária, pero a solución para a falta de coordenación pasa, creo que indubidabelmente, polo desenrolo dunha Xerencia Única por Area de Saude co obxectivo de mellorar a coordenación coa Atención Primária, especializada en atención sociosanitária, e ao mesmo tempo se potenciaria a autonomia dos Centros Sanitários.♦

MANUEL MAÑÁ GONZÁLEZ
(PONFERRADA)

Suso Sanmartin

A noite foi varrida da terra

É este o nome dunha exposición que está habendo estes dias na Igrexa da Universidade, en Compostela; versa esta sobre a celebración dos 150 anos da obtención da luz eléctrica por primeira vez nas Españas, un experimento celebrado con éxito por un profesor da Universidade que dou conseguido acender algo semellante a unha bombilla e asi escorrentar as tebras da escuridade: a noite foi varrida da terra; a exposición mostra diversos aparatos da época e fai un percorrido, cunha excelente posta en escena, pola técnica daqueles tempos, como divulgción científica é excelente, e non cabe dúbida que ainda que todo iso o entende moito mellor xente formada nese ámbito de coñecemento considero que val moito a pena botarlle unha ollada que o tempo empregado en aprender de nengun xeito é tempo perdido.

Pero como xa ben se demostrou a ciéncia non ocupa un lugar neutral na nosa sociedade, nen tampouco a sua proclamación, nen moito menos a sua aclamación: hai detrás toda unha série de valores ideolóxicos, soterrados, aos que é imposíbel chegar se nos quedamos na epiderme da realidade, por iso merece que nos paremos un pouco na seguinte reflexión:

1- A exposición está centrada sobre si, en relación coa ciéncia a nível europeu, que naquel intre era como dicer mundial, polo tanto estase a criar un contexto fictício relacionando cousas semellantes pero illadas: o experimento en cuestión non é máis que unha anécdota experimental que non forma parte para nada da estrutura evolutiva da ciéncia europea e de todos os seus avances: o desenvolvimento científico é moi difícil sen o deselvolvimento económico que o sustente.

"Tiñamos un problema e xa está solucionado
J. M. Aznar

O Primeiro de Maio foi unha clase viva de xornalismo. Os líderes de CIG e UGT denunciaron que protestas, folgas e peches non aparecen na *información oficial*, ou sexa, nos diários e emisoras aos que Xunta **compra** a sua independéncia.

A lei do silenzo e da manipulación co cú ao aire na praza pública. Todos queren asinar un documento de protesta contra o uso **privado** que o PP fai da Televisión e a Rádio autonómicas.

narrativa



Ernest Hemingway
Unha festa móbil

«Se tivéche-la sorte de vivir en París de mozo, a cidade seguirá contigo a onde queira que vaias durante o resto da vida, pois París é coma unha festa móbil.»

O derradeiro Hemingway
nun extraordinario libro autobiográfico

gotelo blanco

Galicia @ punto é o primeiro que fixo Fraga cando chegou no 89: *apuntar* nas listas negras a **xornalistas** decentes.

E despois da teoria da información, clase prática: ás manifas máis esmirriadas médranlle os asistentes coma os porcos á cocha parida; as denúncias máis aplaudidas **desaparecen** das crónicas.

Os diários son unha institución de interese democrático e como tal receben cuantiosas subvencións públicas. Ainda que siléncien as protestas do Primeiro de Maio contra a mentira e a **manipulación**, non poden ignoralas.

Joaquín Leguina non comprende que se poidan entregar as institucions públicas a quen busca desprestixialas. É o caso de Enrique Múgica ao que nunca se lle coñeceu que defendese ao povo desde os moitos cargos **públicos** que ocupara.

Televisor do bar na estación da Coruña. Pola pantalla pasa un AVE tan veloz que non da tempo a velo e deseguida a lenda *Galicia @ punto!* Dous minutos despois arranca o tren *Costa de Galicia* co seu concerto de **ferros** vellos.♦

2.- Hai seis anos, co gallo do espúreo V centenário da nosa universidade divulgouse a idea tremendamente adulterada (como demostrou o profesor Bermejo) de *Gallaecia Fulget*, na que a Unversidade irradiaba coñecemento e luz através de moitos séculos: a técnica da celebración hiperbólica é a mesma: unha cousa que no seu tempo non ten maior trascendéncia, incúlcaselle desde o poder actual e os valores presentes unha dimensión que na história non coñeceu en canto non existiu.

Que unha bombilla se acenda no laboratório dun físico da universidade non quere dicir absolutamente nada.

3.- A descontextualización histórica é tan brutal que en nengun lugar aparece a Galiza de entón: un povo maioritariamente campesiño, as cuestións da desamortización, o baixo nível técnico da agricultura galega, os intentos de supresión do sistema foral... que unha bombilla se acenda no laboratório dun físico da universidade non quere dicir absolutamente nada.

4.- Alén de todo contexto, suspendida nunha brétema irreal, quen a ve ben pode facerse coa idea que se desprende de todo princípio (porque a exposición celebra un início), do desenvolvemento posterior da enerxia eléctrica, porque se a orixe acontece nun lugar é lóxico que o que traia no seu seo siga neses mesmos cauces.

5.- A realidade actual ocúltase perfectamente detrás deste constructo histórico: no noso país que se di exportador de electricidade, están a despedazar con dúcias de centrais hidroeléctricas os nosos ríos, e sen embargo no noso rueiro falla en época invernal de xeito constante o suministro eléctrico (en pleno século XXI).

6.- Perguntas: Ao servicio de quen está o desenvolvemento científico? Como é posíbel explotar os recursos dun povo cando este non os pode disfrutar? Non é esta a clara estrutura socieconómica dun país subdesenvolvido?♦

MAXI REI
FACULDADE DE XEOGRAFIA E HISTORIA (COMPOSTELA)

A *Fuxan os Ventos*, polo país que nos une

Hoxe en dia no noso País onde os nosos mariñeiros navegan nunha cáscara de noz, que vacilante polo regato abaixo vai, afondando ao pasar o Peñón (deles).

No noso País do millón de vacas, sin leite, sin carne. Que farán os nosos vellos agora! Quen se sentara enriba dos penedos mirando sin ollos? Mirando pra dentro! Quen asubiara o Tis, para que torne as vacas! Quen baixara a Fonteboa, a Fonlor...?

Ainda reconforta o espírito escoitar un grupo de xente, que Sempre e máis Despois, puxeron en cada canción, un moito de sensibilidade.

No noso País a cada ano máis empedrado, fume negro que ateigan os nosos montes, xa case que igual no inverno que no verán.

Neste País de rias embadurnadas.

Neste País dos mil rios que encheron de escadas de cimento armado.

Neste País desarmado, desarmado, desarmado!

Neste País nunha tarde de Abril, fermosa de sol, sentado ao carón dunha fiestra, ollando a estación Empalme de Ourense, por onde dín que algún dia Mister Marshall, mandará pasar o AVE (Cesar).

Neste serán, neste meu País ainda reconforta o espírito escoitar un grupo de xente, que Sempre e máis Despois, puxeron en cada canción, un moito de sensibilidade, ben faguer e Amor por este Noso País.♦

ALEXANDRE NAVEIRA CASTELO
(OURENSE)

Éche cousa de tolos

...e despois mándannos á cola, a que? Xa non hai respecto. Vivimos nunha mentira que aceitamos e pagamos por ouvir. Todos somos culpábeis. Temos a culpa de non poder vivir sen medo:

Medo ao paro. Medo ao cancro, á sida... Ao mal das vacas!!!

Isto xa é o máis innovador, agora temos medo a comer e por medo deixamos que..., maten?, incineren?, ou deixen morrer agonizando as nosas vacas. Porque desaparecer desaparecen, non se sabe como, o caso é exterminalas; os nazis cos xudeos, nós coas vacas.

Si, temola culpa todos; porque antes disque era a educación, pero agora imos todos á escola, dende os de tres ata ós de trinta.

Todo o mundo sabe que estamos "sobradamente preparados" para que?, se polo menos nos servera para meditar un pouco quizais fariamos algo cando é necesário; pero nós non, bebémolas coma o cuco; cada un á súa vida; que haiche moito estrés, e moito apuro, e moita depresión, e moita auga...

Dende Rosalia aos nosos dias poucas mellorias:

Vendéronlle os bois
Vendéronlle as vacas

Tiveran sorte, agora:

Queimáronlle os bois
quemáronlle as vacas

"Manda nabo" disque están tolas, tolos andamos nós!; non sabemos o que facemos e non facemos nada porque non sabemos.

Morreu María Pita e
Desembarcaron os Ingleses
Se Maria Pita vivira xa
Verian eses

— "Gallego" "cerrado" ¡que mal nos iba!

— "Coma na miña casa en ningún sitio"

As nosas marelas, pintas, rubias, morenas... matáronas. E as da Thatcher?, seguro que queda algunha para sementar. Pois agora a pagar, si señor! Que estamos en *Cas Europa* e haiche moito onde tirar.

Todo o mundo sabe que estamos "sobradamente preparados" para que? se polo menos nos servera para meditar un pouco quizais fariamos algo cando é necesário

E o sufrimento e a psicoloxias da alma amais do material canto vale?

Pedide ben que non hai quen o pague. E todo isto para desculparme con todos os gandeiros pola miña ignorância e solidarízome coa sua busca dun futuro mellor, porque saiades sempre adiante apesar das trabas dos que non saben mandar os meus mellores desexos.♦

ESPERANZA PÉREZ
ESTUDANTE DE VETERINARIA

SUBSCRÉBASE!!

Nome ..... Apelidos .....
..... Enderezo .....
.....
Correo electrónico: subs.anosaterra@terra.es

Cód. Postal ..... Teléfono.....
Povoación ..... N.I.F. .....
Província ..... País .....

Suscrébome a *A Nosa Terra* por un ano/semestre ao prezo de:
☐ Galiza/Estado/Portugal 9.000 pta/ano 4.500 pta/semestre.
☐ Europa 11.000 pta.
☐ América e resto do mundo 14.000 pta.

a) Subscricións para o Estado español ☐ Talón bancário adxunto.
b) Para o resto do mundo
☐ Xiro internacional a nome de *A Nosa Terra*. Apdo. 1.371 Vigo.
☐ Cheque bancário adxunto.
☐ Visa.

Pagamento domiciliado
Banco/Caixa de Aforros .....
Conta ou Libreta ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐ ☐☐☐☐☐☐☐☐☐☐
Titular .....
Povoación ..... Província .....
Sérvanse tomar nota de atender até novo aviso, e con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lle sexan apresentados por *Promocións Culturais Galegas S.A. (A Nosa Terra)*.
Data Atentamente (Sinatura)

Pagamento con cargo ao meu cartón de crédito
Visa Nº ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐ ☐☐☐☐
Data de caducidade do cartón (imprescindíbel) .....
Nome do titular .....
Sinatura do titular (imprescindíbel):

A NOSA TERRA
O Proxecto
2010 contradi

A literatura galega vive 'a ditadura do simplismo', afirma Xosé Carlos Caneiro

CIG-Ensino e AS-PG denúncian a 'insignificante difusión' do libro galego nas *XI Xornadas de Língua e Literatura*

CARME VIDAL

A literatura galega vive baixo a ditadura do simplismo. O ensino recomenda téxtos fáciles e proscribe aos clásicos. Non existe consideración social para os nosos criadores. É difícil ser escritor de libros que non entran nas aulas. Son algunhas das afirmacións do escritor Xosé Carlos Caneiro na mesa redonda sobre *Literatura e ensino* celebrada o pasado Venres dia 28 nas *Xornadas de Língua e Literatura* na que participou xunto coa profesora Mª Pilar Garcia Negro e o escritor Agustin Fernández Paz.

A. PANARO

Marta Dacosta, Xosé Carlos Caneiro, Mª Pilar Garcia Negro e Agustin Fernández Paz na mesa redonda Literatura e Ensino.

Partiu o escritor Xosé Carlos Caneiro da constatación de que as suas obras nunca entrarán nos libros recomendados do ensino. Os títulos de Caneiro non se len nas aulas, nen no ensino medio nen sequer no superior. Desde este ponto de saida, o premiado autor de *Ébora* permitiuse lanzar as máis rotundas afirmacións arredor de como o sistema educativo está a condicionar a criación literária. "As miñas obras non se recomendan porque pasan das trescentas páxinas e resultan difíciles. O ensino baixa o listón dos libros recomendados, eliminando os que pasan de certo número de páxinas. Escrébese para obter o favor do público" afirmou na primeira intervención da mesa redonda das xornadas organizadas pola ASPG e CIG-Ensino.

Criticou deste xeito a dependéncia da literatura galega do mercado do ensino, o que provoca a criación dunha escrita "fácil, coa excusa de que vai gustar". Diante dun auditório formado maiormente por ensinantes, Caneiro denunciou a auséncia de consideración social dos escritores galegos que, coma el, teñen "a sensación de que a língua imprópria é o galego". De seguir asi, aventurou o escritor, "remataremos lendo a tradución de *Fray Perico y su borrico*".

Como é difícil para un escritor galego manterse fóra das recomendacións do ensino e como no ensino se están a aconsellar leituras *fáciles*, Xosé Carlos Caneiro acusou a "falta de ambición" dos escritores contemporáneos e desexou un futuro no que "o país debe deixar de ser cobarde, na narrativa tamén".

O ensino e a sua forza para conformar o mundo editorial están a condenar, segundo Caneiro, a escritores como Proust, Joyce, Ferrin ou Otero Pedrayo. "Os clásicos están proscritos", denunciou, e nesa mesma idea se manifestou a profesora e investigadora Mª Pilar Garcia Negro nun discurso no que reclamou a revalorización da historia da literatura galega. "Os escritores contemporáneos terian que ser os máis interesados na reapropriación da tradición literária galega, son imprescindíbeis para os leitores achegárense aos últimos produtos", dixo Garcia Negro.

Especialista nos estudos literários galegos, con importantes traballos sobre a didáctica das letras, Pilar Garcia Negro afirmou que o mesmo debate daba conta da situación de crise dunha literatura non normalizada que contrasta ao tempo co que definiu como un momento "vigoroso" da criación literária. Recomendou aos ensinantes "comunicar entusiasmo, senón as nosas letras fican devaluadas" e, pola contra, condenou o que chama "filoxización" da literatura empregada, tantas veces "para a disección forense do idioma e iso é un disparate". Á marxe desta correción didáctica, a intervención de Garcia Negro tivo un dos seus pontos fundamentais á hora de convidar aos ensinantes a se esforzaren por comunicar as claves que acheguen a literatura ao público, funxindo do que chamou "pensamento cómodo" e integrando unha "imprescindíbel historización".

Un dos escritores con maior sorte no ensino, Agustin Fernández Paz, escolleu as aulas como un dos lugares máis acaídos para a literatura se atopar con novos leitores. Con que textos facelo, con autores canónicos ou libros de literatura infantil e xuvenil?, perguntouse a si mesmo o autor de *Cartas de inverno* sen que a resposta se inclinase por unha ou outra opción: "Hai que ler obras de calidade contrastada, o profesor debe intervir na proposta que ten que ser ampla e variada", dixo. Laiouse Fernández Paz de que o sistema educativo non está a favorecer a leitura, agravando un momento de crise favorecido pola "preocupante" situación da língua no ámbito educativo e tamén pola "invisibilidade da nosa literatura, a que os meios de comunicación ningunean".

Mulleres xa non intercambiábeis

A mesa redonda tiña lugar na terceira e última sesión das XI Xornadas de Língua e Literatura. A escritora Pilar Pallarés puña o ponto final do encontro cunha conferéncia no que salientou o protagonismo das mulleres na actual poesia, con propostas "radicais" e diversas. Para Pallarés, as escritoras conseguiron nos últimos anos participar no mundo literário "en pé de igualdade" sen que, como tempo atrás, a condición de *escritora-muller* fixera que cada unha fose substituíbel por outra. A inclusión no canon de autoras como Maria Mariño ou Xohana Torres ten, segundo dixo, moito que ver co papel que as mulleres xogan no sistema literário e, do mesmo xeito, a participación feminina nos xuris está a mudar un universo até hai ben pouco dominado polos homes. ♦

O ensino en galego, a matéria pendente

A CIG-Ensino e a Asociación Sócio-Pedagóxica Galega (ASPG) puñan fin á undécima edición das *Xornadas* coa leitura das conclusións nas que tamén se daba conta da preocupación pola "insignificante difusión do libro galego, dos nosos escritores/as e da nosa criación literária nos meios de comunicación". As duas entidades organizadoras exixian do governo da Xunta a "promoción e difusión do libro galego e de espazos nos meios públicos para o que producimos como galegos e galegas".

As conclusións, feitas públicas por Anxo Louzao, daban un repaso pola normativa que regula a preséncia do galego nas aulas. "A Consellaria de Educación tivo que admitir o incumprimento da sua própria lexislación" e, mesmo asi, non deseñou "nen a máis mínima actuación encamiñada a un cámbio de rumo na política lingüística", afirman. Lamentan asi que se invistan 111 millóns de pesetas na campaña *Entre nós, en galego* mentras minguan as axudas ás Equipas de Normalización Lingüística, co "obxecto de ocultar a realidade e oferecer unha visión deturpada e intencionadamente optimista da situación do galego". Despois de reclamar o cumprimento do decreto que sinala as matérias que teñen que ser impartidas en galego, Anxo Louzao afirmou que "o ensino en galego segue a ser a matéria pendente" e convidou aos participantes no encontro a se manifestaren o 17 de Maio en Compostela. ♦

Os poetas de Bacon

RAMIRO FONTE

Entre as sombras, a de Francis Bacon. Busqueina e, sen sabelo, atopeina na French House, nun dos pubs do Soho, no que entramos por azar na nosa primeira viaxe a Londres. Logo, ó pouco de chegar, a dúas estacións de metro, aquí en Kensington, desmontaban para levalo a non sei que museo, o caótico estudio que o pintor tiña en Reece Mews. Eu non sei se o de buscar as sombras dos artistas ten que ver coas mitomanías ou con querer ver o ser humano que se esconde detrás dunha grande obra. Cando comecei a afeccionarme ás biografías, volvéndome un pouco reticente ó que se denomina narrativa de ficción, tamén lin unha de Bacon. Nunha das miñas voltas a Vigo, apuntei o nome da rúa. Busqueina no London do A ó Z, e era unha das que eu sospeitaba. Volvo alí algunhas veces e, entre a media ducia de casas que haberá nesa rúa traseira, imaxino detrás de que porta estaba aquel taller. A moitos dos seguidores da traxectoria do pintor, quedounos gravada a imaxe fotográfica daquel espacio submetido a unha poderosa desorde: unha verdadeira e convincente instalación, que diriamos hoxe, e como tal deberán comprendelo, nese museo de de Dublín.

Unha das pequena lendas que Francis Bacon alimentou sobre o seu propio traballo era a de que el creaba directamente no lenzo, sen debuxos e sen bocetos previos. A diferencia de calquera outro pintor da súa familia artística, Bacon non deixara ese tipo de obras, en apariencia menores, nas que soen habitar as obsesións das obras maiores polas que os recoñecemos. Pero velaí que pouco antes de morrer, Bacon fixo entrega a un amigo seu, chamado Barry Joule, dun cartafol que contiña centos e centos de papeis. Submetidos polo de agora ó xuízo dos autentificadores, amósanse, por vez primeira, nunha exposición, e vale a pena achegarse unha mañá do sábado á despoboada *city*, para velos no Barbican. "O ollo de Bacon. Traballos en papel atribuídos a Bacon", así a titulan prudentemente.

Sexan ou non de Bacon, o que si parece claro é que calquera deles é o que representa ser: unha das pezas salvadas do caótico estudio. Hai algúns debuxos torpes, sucios, nos que sen embargo intuímos bocetos das súas obras maiores e hai moitos recortes de fotos de prensa e de reproduccións de grandes obras, cofeados, enrugados, luxados por unha man que se non fose a do pintor, debería selo. Hai algo selvaxe, doloroso, nesa apropiación que o pintor fai dos recortes das obras deVelázquez, Goya, Degas, Picasso, porque non hai grande obra que non queira ler e pelexar coas obras dos precursores. Hai fotos de boxeadores, ciclistas, futbolistas, toreiros. Hainas (non podía ser doutro xeito) de claro contido homoerótico. Hai fotos na prensa do propio Bacon, que el pintarraxeaba, como se buscase as deformacións dos seus autorretratos. A poética da ruína do corpo está presente neses obxectos, e un convéncese de que está perante a súa obra mesma e non perante unha mostra de falsarios, o que tantas veces acontece no lamacento tereo da arte. Pero a min lembráronme as fotos de deportistas franceses, que un atopa nas paredes da French House, onde bebía aquel pintor mundano e onde conspiraran, durante a segunda guerra mundial, os franceses de Londres. E, entre as fotos, as dos personaxes que crearon as traxedias do século XX: Hitler, Stalin... E outros recoñecidos poderosos. Non podía ser doutro xeito, tratándose de quen quería repetir a imaxe daquel Inocencio X, como se estivese a acoitelala. ♦

■ Concedido o *Trasalba* a Méndez Ferrin

"Porque o seu brillante traballo intelectual estivo sempre ao servizo de Galiza, da sua cultura e da sua lingua", o xúri do Prémio Trasalba, presidido por Agustin Sixto Seco, acordou concederllo este ano a Xosé Luís Méndez Ferrin. O prémio, que será entregado pola Fundación Otero Pedrayo o 24 de Xuño no pazo de Trasalba, resalta a mestria exercida polo autor de *Arredor de si* sobre Méndez Ferrin. O Prémio Trasalba chega este ano á XXIX edición.♦

■ Carlos Mosteiro gaña o Prémio *Abril* de Literatura

A novela *Manual de instruccións para querer a Irene* foi a gañadora do Prémio Abril de literatura, no que competiron 38 orixinais procedentes de todo o Estado. O seu autor, Carlos Mosteiro, é o primeiro galego en acadar un galardón que outorgan sete editoriais, representativas das línguas do Estado, e Ámbito Cultural de *El Corte Inglés*. O prémio inclue a publicación nas diferentes línguas do Estado. Mosteiro, que naceu en Xeve hai 45 anos, traballa como profesor na Póvoa do Caramiñal. Xa publicara en 1999 o seu primeiro libro *O dia que Miguel Indurain pasou por Gonderande*. Na novela gañadora do *Abril* narra a iniciación no amor e na dor de Irene, unha rapaza de catorce anos.♦

■ Xornadas sobre o galego exterior

Abríronse o 2 de Maio na Casa da Cultura de Vilafranca do Bierzo as Xornadas sobre o Galego Exterior co obxectivo de analisar a situación idiomática nas zonas arraianas. Organizadas pola área de Filoloxia Galega e Portuguesa da Universidade de Salamanca, o departamento de Filoloxia Galega e Latina da Universidade de Vigo e a asociación cultural "Fala Ceibe" do Bierzo, desenvólvense até o 4 de Maio. Concha Costas, presidenta da Mesa pola Normalización, Carlos Varela, da Mesa pra Defensa do Galego de Asturies, Alberto Gómez, de "Fala Ceibe", Xavier Frías, do colectivo "Cotarelo Valledor" e Francisco Macias, de Edicións Positivas, son alguns dos participantes. Das posibilidades de cooficialidade do galego en Asturias, Castela León e Estremadura trata o profesor Henrique Costas, e sobre as características do galego da terra Návia-Eo, Francisco Fernández Rei, da Universidade de Compostela. O papel dos municípios analisarase o último dia coa preséncia de Gaspar Méndez, concelleiro de Veiga de Valcarce, Felipe Lubián, alcalde de Lubián, Máximo Gaspar, alcalde de San Martín de Trevejo, Alfredo Rodríguez, Mesa pra Defensa do Galego do Bierzo e Xabier Lago, de Fala Ceibe. Pechan as xornadas a homenaxe a Frei Martin Sarmiento e Xosé Luís Pensado.♦

■ Xornada pola liberdade de expresión con Borobó

O Xoves 3 de Maio comemórase a *Xornada Mundial pola Liberdade de Expresión* e os xornalistas do coléxio galego celébrana cunha conferéncia de Raimundo Garcia Domínguez *Borobó*. Ten lugar ás seis da tarde na Faculdade de Xornalismo. Colaborador de *A Nosa Terra*, Borobó foi o promotor de publicacións como *La Noche* ou *Chan*. O Coléxio Profesional de Xornalistas de Galicia, que preside Xosé Mª Garcia Palmeiro, celebrou a sua primeira asemblea xeral o pasado 21 de Abril na que se aprobaron as contas do ano pasado e o orzamento do presente.♦

■ *Dixebra*, *Los Berrones* e *Felpeyu* pola cooficialidade do asturiano

O Teatro Campoamor de Ovieu acolle o Venres 4 de Maio os actos da Academia de la Llingua na celebración do XXII Dia de les Lletres Asturianes. Acollerase a un novo académico de honra, Michael Metzeltin, e unha nova académica correspondente, Lourdes Álvarez Garcia. A música de *Dixebra* pecha o acto. Por outra parte, fora xa das institucións, o Sábado 28 de Abril celebrouse en Ovieu, da man da *Xunta pola Defensa de la Llingua Asturiana*, o concerto pola oficialidade, que reunia a *Los Berrones*, *Dixebra*, *Balandrán*, *Corquiéu* e *Felpeyu*, entre outras bandas. Este concerto chegou a sua XIV edición. Este ano o Dia de les Lletres Asturianes está adicado ao escritor Pachín de Melás.♦

■ Apresentado o Festival de Títeres *Errequerre* de Redondela

Apresentouse o Martes 24 de Abril en Redondela a segunda edición do Festival Internacional de Títeres "Errequerre", que comezará o vindeiro 28 de Maio e se desenvolve até o 3 de Xuño. A programación, coordenada por Miguel Borines e Eduardo Alberto Rodríguez "Tatán", divídese nas funcións escolares, de rua, e para o público. *Cachirulo*, *Los titiriteros de Binéfar*, *Les marionetes du Tournefou*, *Karromato*, *Marionetas do Porto*, *Pelele Marionnettes*, *Tittitritran*, *El Chonchón*, *La*



Alberto Rodríguez *Tatán*, responsábel da programación.

Pícara Locuela e *A Caixa do Elefante* son algunhas das compañias que forman parte da programación. Esta cita en Redondela supón a oportunidade de ver as diferentes técnicas e elementos que utilizan as compañias, como bonecos de espuma, obxectos de mesa, títeres de luva ou marionetas contacontos.♦

■ Vintecatro orixinais optan ao *Álvaro Cunqueiro* de teatro

Finalmente vintecatro títulos concurrirán á edición do Prémio Alvaro Cunqueiro de Teatro, que convoca o Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais (IGAEM). Antes do 14 de Xuño emitirase o fallo do prémio, que inclue a publicación do texto, un millón de pesetas e a posibilidade de levalo á escena. Forma parte do xúri o gañador da anterior edición, Roberto Salgueiro, autor de *Eliana en ardentia ou Bernardo destemplado*. Entre os gañadores das anteriores edicións están Manuel Riveiro Loureiro, Raul Dans, Eulóxio Ruibal e Roberto Vidal Bolaño.♦

■ *Falar x falar* de Quico Cadaval no festival Des de la Paraula

O espazo cultural O Mercado das Flores de Barcelona acolle do 4 ao 9 de Maio o Festival Internacional de Narradores Escénicos *Des de la Paraula* (Desde a palabra). Dentro da programación do primeiro dia está incluido o espctáculo *Falar x falar* de Quico Cadaval ás nove e media da noite. Ademais de Cadaval, contan histórias neste festival Hakim Dekkar, de Alxéria, Alberto Borja e Jota Villaza, de Colómbia, e Soledad Felloza, do Uruguai, entre outros.♦

Quico Cadaval.

■ Semana da prensa no instituto *Maria Casares* de Oleiros

Arrancaron o Mércores 2 de Maio as actividades da semana da prensa que organiza o instituto Maria Casares de Oleiros ao redor do Dia das Letras. O dia 7 inaugúrase unha mostra sobre periódicos do mundo e unha exposición ao redor de Eládio Rodríguez. O Luns 7, Xurxo Souto imparte unha charla sobre a cultura galega; o Martes 8, celébrase unha conferéncia sobre a situación actual da música galega; o Mércores, o parlamentário europeo Camilo Nogueira explicará aos alunos como vai a Europa unida; e o Xoves 10 os estudantes do centro participan no Correlíngua. O teatro ten un oco o 25 de Maio cunha actuación do grupo do instituto. Cos mellores momentos destas xornadas elaborarase un programa de rádio.♦

■ Estréase *Lena*, rodada en Vigo con Manuel Manquiña

O 2 de Maio Vigo acolleu o preestreo de *Lena*, o primeiro traballo cinematográfico de Gonzalo Tapia, un director natural de Avilés, en Asturies. A película está protagonizada por Marta Larralde, estudante de Imaxe e Son que protagoniza o filme, e por Manuel Manquiña, que interpreta ao seu pai, un afeizoado á bebida ao que Lena terá que sacar de problemas. As máfias do narcotráfico aparecen de telón de fundo ainda que o director asegura que non quixo tratalas a fundo xa que "teria sido outra película". A fita está producida por Antón Reixa.♦

Xurxo Souto participa cunha conferéncia na Semana da Prensa do instituto de Oleiros

■ Os Maios chegaron ao século XXI

Hai trinta anos estiveron perto de desaparecer das nosas rúas e prazas. Bateron duro contra os maios quen via neles un síntoma de atraso social e tamén o testemuño dunha a língua a extinguir. Viviron no pasado século épocas mouras que os levaran á prática extinción das nosas cidades. O asociacionismo popular salvoulles a vida e mesmo, en número, vívese unha restauración positiva. Mais hoxe os perigos son outros e ben distintos. Alguns dos maios de Ourense, Redondela e Poio van camiño de convertirse nun remedo das fallas valenciás a xeito de excesos escultóricos e decorativos. Unha monumentalización que os separa da tradición e da natureza para convertilos nun mero espectáculo concursivo.♦

Leituras

A vida como unha ferida

Título: Presencia da fenda.
Autor: Xosé de Cea.
Edita: Letras da Cal.

Presencia da fenda é o título do poemário que gañou o 1º Prémio de poesia *Letras de Cal*. É tamén a presentación de un novo poeta: Xosé de Cea, pseudónimo de Xosé Garcia Rodríguez. Pouco máis de trinta poemas que debuxan, sobre o branco do papel, con moldes de tinta negra unha vida, a vida, como unha ferida omnipresente que te atrae e da que non se dá fuxido. Polo tanto é tamén a crónica dunha rebeldia de aquel que se decata e quere escapar do abismo que é vacuidade de un existir infecundo, ermo, gris. Pura filosofia existencialista para fotografar con palabras e desesperanza que habita nos corazóns e nas mentes de quen non pasa por este mundo como simples, pasivo e neutro espectador, senón que se molla na auga dos dias e no devalo das noites e contrapón a sua paixón vital á desídia vexetal en que se volveu a vida duns humanos que máis parecen compracidos xoguetes que seres dotados de intelixéncia, sensibilidade e corazón, ou entregados años que sorrintes se deixan conducir ao matadoiro e que ninguén lles diga que aquilo non é mesmo benzón divina. Pero non, non son as festas do patrón, que diria Celso E. Ferreiro. Pero non, as mentes lúcidas berran *Quen nos defende a nós dos idiotas?* (Igor Lugrís). Outro , outro berro é esta *Presencia da fenda*. Non é o único,

séntense a cotio na República Libre da Letras Galegas, lembran o conto da "Carapuchiña vermella e o pobo feroz" (*Males de cabeza*; Fran Alonso)?, por falar de algo moi actual. Esta Pedra da Verdade non a dan rillado os lobos, atravésaselles e provócalles náuseas porque aqui non serven as suas pelicas tinxidas.

Preséncia da fenda apreséntase estruturado en tres partes: "A fenda", "Na fenda" e "Tras fenda". A primeira parte é a que máis poemas contén (contamos 23), a segunda é moito menor (6) e na terceira hai só dous poemas. Como unha cabeza de frecha, asi é a sua disposición, como a cabeza dunha frecha que presinte a fenda, que se aproxima a ela, que penetra e a deixa atrás. Vexámolo. O poemário comeza co suxeito lírico preñado de vertixe, pendurado nos cantís, presentindo. O segundo poema explica que é a vertixe e como no mar está o corazón da fenda. Logo, no terceiro, aparece o baleiro, "O peso/da xerfa/ é/ a evidencia/ do baleiro", sensación de ameaza que non abandonará. Iniciamos o periplo, procura de Itaca que se identifica co desexo, mar adentro, como un istmo. O mar é a vida, é un. A fenda esta rodeada de mistério. Quizais sexa a mesma vida. Na ecuación mar=vida é onde realmente se inícia a vida. Deducimos que no amor, dedución moi clásica que no poemário nunca se desminte. Convidados a seguir por este camiño, quen trae o amor é, tamén desde o punto de vista clásico, a muller.

> Crónica dunha rebeldia de aquel que se decata e quere escapar do abismo que é vacuidade de un existir infecundo, ermo, gris.

Muller que é frecuente atopar, na literatura, como un ser volúbel, igual que este mar, igual que esta fenda. Nos inícios predomina a sensación de vertixe que produce o abismo-mar aos nosos pés. É un cru poema o que nos situa xa dentro, na fenda: "Co báculo da extinción/ non habitou ser algun / as vísceras de alcatrán / deste

(Pasa á páxina seguinte)

conta de libros

Narrativa de Enma Pedreira

Sae Enma Pedreira da poesia, o seu campo habitual de expresión, para apresentar once relatos baixo o título **Bestiario de Silencios**. Considera a autora que o conto ten a medida oportuna "para traizoar o silencio" e combatir o sentimento do medo. Di Pedreira que apresenta "once feridas que se abren á luz como corpos delicados e que anuncian o silencio das casas en chamas, o labirinto en lume que é o propio ser, a lenta soidade dun corazón que se desgasta, a dor procuradora do acubillo". A estrea narrativa da xoven autora da Coruña sae editada en Madame Mir.♦

Internet en Galiza

Advirten Daniel Romero e Isabel Vaquero que o seu traballo non é un manual sobre internet, senón unha contribución ao debate de cal é a posición do país galego na sociedade da información. **Da periferia á rede**, que aparece na colección universitária de Xerais, reflexiona sobre a importáncia de dispoñer de contidos próprios e en galego tanto na rede como noutros soportes de información. Isabel Vaquero é técnica de normalización lingüística na Universidade de Santiago, e Daniel Romero exerce este traballo no concello de Fene, ademais de ser un dos fundadores de Vieiros.♦



Poesia da derrota

"Virá o tempo/ que serei soa,/ soa eu e a miña/ morte soa". Estes son os versos escollidos por Medos Romero para pechar o seu poemário **O peso da derrota**, un libro no que o paso de tempo constata para o eu poético a condea da soedade. Medos Romero artella en duas partes o seu último traballo no que aniñan unha morea de lembranzas e do que Ramón Loureiro aponta no prólogo que é un refúxio e unha tormenta ao mesmo tempo. A escritora das Pontes publicara xa *Rendeome no tempo* e *Ámome en por min*. En Espiral Maior.♦

Para percorrer Os Ancares

Manoel Santos é biólogo e adícase á divulgación ambiental. Nesta ocasión apresenta **Os Ancares**, unha guia publicada por Edicións do Cumio na que inclue información sobre a fauna, a flora, o meio humano, os servizos dos que dispón o viaxeiro, etc. Santos considera que Os Ancares continuan a ser a asignatura pendente do conservacionismo galego. A guia inclue unha chea de ilustracións a cor e un mapa da serra.♦

PREMIO DA CRÍTICA ESPAÑOLA 2001

Non volvas
Suso de Toro

«Un libro de mulleres sobre mulleres, un descenso ás simas do noso interior. Velaí o Suso de Toro de sempre, o mellor.»
Dolores Vilavedra, *A Nosa Terra*

«...Unha moi fermosa novela; e terríbel, nas ocasións. Con habilidade soubo dar coas palabras xustas. Aquí non sobra ningunha.»
Javier Goñi, *El País*

«Novela imprescindíbel, xenuíno acto de amor sustentado en dores profundas.»
N. M., *Interviú*

«Como se fose escrito por un Torrente Ballester contemporáneo ou un Lorca de Fisterra (...) todo un periplo sociolóxico e histórico individualizado nun caso persoal que o lector vive con especial intensidade.»
Mitxel Exquiaga, *El Diario Vasco*

«Un relato complexo, visceral e, ante todo, onírico. Como sempre, este autor sorprende.»
Pablo Carballo, *Diario 16*

«A piedade de Suso de Toro polas súas criaturas de ficción (...) está enteira e inviolábel nese mandato que puxo como título a unha novela feroz. Está escrita en estado de gracia.»
Jordi García, *El periódico de Cataluña*

«Unha boa novela que soubo explotar o estilo indirecto libre mantendo o difícil equilibrio entre experiencia vivida e realidade soñada.»
Ángel Basanta, *El Cultural*

XERAIS
xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

O CORDEL

Caravel vermello / Cravo vermelho

Revista de encontros na Lusofonia

Nº 1. Ano 2001. Prezo 200 pta. en selos.
Dirixen: Xico Peña e Xerardo Dasairas.
Edita: Café-teatro do Real.

O 25 de Abril serve de excusa perfecta para iniciar a andaina deste novo proxecto que pretende criar pontes entre Galiza e os países de fala portuguesa. Entre os traballos incluídos, destaca un traballo sobre a figura de Castelao, por Xosé Vázquez Pintor, unha lembranza da revolución dos caraveis, por António Reis,un achegamento a Cabo Verde, por Luzia Fernández. Xico Peña recorda a figura do Zeca Afonso através da sua discografia. Pódese adquirir no enderezo remol@arrakis.es♦

O Paporrubio

Nº 22. Outubro-Decembro de 2001. Prezo 375 pta.
Dirixe: Francisco Tizón.

Son moitos os temas de interese ornitolóxico que se inclúen neste número. Alamanno Capecchi dá conta das suas experiéncias con estríldidos en catividade. Alfonso Babra explica os fundamentos da fitoterápia, a arte de curar coas plantas. Rafael Cuevas recolle normas para a didáctica e aprendizaxe nos concursos de canários de cor. Fernando Orozco prosegue o seu percorrido polas distintas razas de galiñas do Estado español. Agustin Ferreira narra as suas experiéncias ornitolóxicas no esteiro do Miño.♦



Círculo de dirigentes

Nº 34. Marzo de 2001.
Dirixe: Susana Pérez.
Edita: Grupo Vertebral.

O presidente da Junta de Andalucía, Manuel Chaves, explica como a comunidade que el dirixe conseguiu medrar grácias ao modelo autonómico. Guillerme Grandio, presidente da Autoridade Portuária de Ferrol, explica os seus proxectos para este ano. No capítulo de entrevista, Javier Irureta, confesa os seus medos e cavilacións tras tres tempadas no Deportivo da Coruña. Jesusa Pérez dá conta das axudas e subvencións máis interesantes para estes meses. Marta Pardo dá conta das últimas investigacións sobre xestión de recursos humanos.

Lucia Dans explica as novidades lexislativas na área de Direito Laboral. Ademais, inclúense seccións sobre turismo, motor, gastronomia, deporte, poxas de arte e actos sociais diversos.♦

Leituras

(Ven da páxina anterior)

monstro de petróleo/ Cómpre gaivota suicida / pra ter constancia do feito". Pero esta viaxe sen guia e sen mapas emprendémola todos e abandonala, deixar este labirinto, "conleva implícita/ renuncia/ ao achado/ do centro". E non hai talismáns nen miráculos artilúxios que nos salven do seu horror ou da sua glória. No camiño inclusive poderemos ver as mómias daqueles que non chegaron ao centro, como Amadis atopa estátuas, como a bíblica estátua de sal. Para rematar cun poema que é recolleita de símbolos e motivos empregados deica entón (o caderno de bitácora, astrolábios e sextantes, os cantís, a singradura, o baleiro, a fenda, os ciclos, a monotonia, a desídia, os ronseis, o sal, náufragos, istmo, oceano, inocular, fuscallo, suicídio, furnas, fisterras, nada) á vez que se conclue que unha vida non chega, unha viaxe non abonda. Os poemas son breves (o único extenso é o derradeiro, que vimos de comentar) e renuúncian á pontuación clásica. De tal maneria, o poema retórcese sobre si mesmo desbotando todo elemento supérfluo, e construindo auras de mistério, de indefinición, de vaguidade e, por suposto, de polisémia xa que permite várias leituras. Poema labirinto que nace da reflexión e que reflexión demando do leitor. Poema vela: con tal tema cada poema semella unha mariñeira vela ao vento. Adoptando diversas formas, xogando coas aliñacións, coa sangria. De versos moi breves que formalmente reproducen a verticalidade que orixina a vertixe. Todo disposto para darlle forza á palabra, para salientar a sua eséncia. Naturlalmente predomina o vocabulário do mar, as xerfas, os cantís, o salabardo, paquebotes, queila...

Os seis poemas da segunda parte ("Na fenda") empregan os mesmos recursos que vimos de comentar e que son comuns a todo o poemário. o poema gaña un chisco de horizontalidade, o ritmo tende a unha falsa ralentización que en calquera instante pode estoupar. E asi sucede nesta análise do que foi a estáncia na fenda. Non hai gozo, éxtase, xa na primeira parte se insinuaba que a meta podia ser a mesma viaxe (páx. 13) e agora constatámolo. O que nos queda é o saber, saber que indica a necesidade da rebelión que esnaquice o caos, a parálise, o siléncio, a nada de todos os dias. Saber que podemos caer en augas estancadas, saber que a pretensión "de ser alguien na ambigua certeza/ da paranoia críbel a aceptada" non é máis que un veleno que nos cega. A vida pasa agora a ser unha punzante condena, e a ánsia de rebelión unha loucura, e o suxeito lírico un monicreque cousificado conscente de que ten as raigames "na incerteza nómada da posibilidade/sachando vento/ remexendo vento" e que toda tentativa por escapar non será máis que outra miraxe que levará a outro eterno retorno á mesma desolación, que todo, desde o mesmo berce, é morte. Remata esta parte co poema máis críptico de todos: unha desgarrada queixa pola imposibilidade de berrar, de expresarse (de protestas, entendemos) Algunhas novidades si hai. Aparecen versos en inglés, por exemplo. Claro que o fundamental son as criacións léxicas: "a queilarquía", "o melmoria" ou o "ciclocancro".

Se na segunda parte se nota un certo distanciamento respeito da viaxe, da fenda e todo o que conleva, nos dous poemas da terceira parte ("Tras fenda") é máis notório. O primeiro sitúanos xa "rexeitado da tua mesa", e consiste nunha declaración de intencións onde o suxeito lírico expón que non dá por perdida a loita. E o segundo, o que pon remate ao libro, volve á forma en vela, á verticalidade, e deixa entrever esperanza sobre todo pola sua forma (que implicaria novo periplo, a sua proximidade ou posibilidade) pero é unha forma que transporta a desesperanzada conclusión de que o amor quizá non sexa nada do que imaxinamos, do que soñamos, e si algo ben máis prosaico. Como novidade respeito ás partes anteriores, engádese o uso de maiúsculas.

Inicíatico poemário que tamén é o primeiro editado deste novo poeta. Contén poesia nua, formalmente rexéitase toda figura que sexa só virtuosismo porque se busca a concentración, o significado pleno de palabra. Curiosamente é isto mesmo o que remata por conferilles aos poemas un cripticismo que obriga, na maioria dos casos, á releitura. O cal é un defecto, senón algo premeditado, buscado, porque sobre a paixón lírica sobrevoa sempre a razón, o cerebro.♦

XOSÉ M. EIRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. **FISTEUS ERA UN MUNDO**
Lupe Gómez
A Nosa Terra

2. **PAPAVENTOS**
Xavier Queipo
Xerais

3. **AS RULAS DE BAKUNIN**
Antón Riveiro Coello
Galaxia

4. **MALES DE CABEZA**
Fran Alonso
Xerais

5. **EU TAMÉN FUN COAS VACAS**
Afonso Eiré
Espiral Maior

NON FICCIÓN

1. **DON ELADIO RODRÍGUEZ GONZÁLEZ**
X.C. Lagares
A Nosa Terra

2. **ELADIO RODRÍGUEZ**
Marcos Valcárcel
Xerais

3. **GLOBALIZACIÓN E CAMBIO DE MILENIO**
Aula Castelao de Filosofia
Xerais

4. **ELADIO RODRÍGUEZ E A CULTURA GALEGA**
Ramón Mariño Paz
Sotelo Blanco

5. **ARREDOR DE CASTELAO**
Mª Pilar Garcia Negro
A Nosa Terra

Librarias consultadas: *Cartabón* (Vigo). *Couceiro* (A Coruña). *Michelena* (Pontevedra). *Pedreira* (Santiago). *Souto* (Lugo). *Torga* (Ourense).

conta de discos

A cabalo entre o folc e o clásico

Título: Raianos.
Grupo: Trasmundi.
Edita: Clave Records.

Apresentan o seu o traballo os *Trasmundi* como folc, pero "de nova dimensión", e como galego "pero aberto a influéncias que o enchen todo: árabe en rasgueos de guitarras, klezmer en ritmos sincopados que acompasan os instrumentos de vento, celta de aturuxos de gaita voando ao vento dos acantilados da Galiza ou Irlanda". A música de *Trasmundi* pertence ao "raiano". É o que colma a estes tres músicos chegados do folc, do jazz e da música clásica. O trio está formado por Rosa Gayoso, violin, zanfona e voz, Xosé Manuel Fernández, piano, e acordeón, e Moisés Quintás, frautas, guitarra e mandolina. Esta viaxe de ida e volta de almas que atravesan o ceo na noite ten a sua explicación nun meigallo que caracteriza aos galegos no mundo e que vai construíndo o disco, contan. Esa

atmosfera máxica é a que se pretende trasmitir a quen o escoite.♦

Máis alá das fronteiras

Título: Eiquí..., acolá.
Grupo: Obradoiro de Cultura Tradicional Ultreia.
Edita: Edicións do Cumio.

Os membros do Obradoiro de Cultura Tradicional *Ultreia* adícanse ao traballo de recuperación de elementos musicais e folclóricos de zonas que van máis alá das fronteiras políticas do país. Remítense a unha época pasada na que a influéncia cultural abranxia o Norte de Portugal, o Oeste de Zamora até Sanábria, e o Oeste de León e de Astúrias. No disco, gravado nos estúdios da Rádio Galega, xuntan cantigas, xotas e alboradas de Miranda do Douro, Pazos de Borbén, Entrimo, Límia e Chantada. Trátase do segundo traballo deste grupo integrado por sete músicos e oito pandereteiras. Para eles a labor etnomusical implica utilizar instrumentos non habituais na música galega como o rabel, a gaita sanabresa, a guitarra

portuguesa e o cabaquiño. Son dados que corren o risco de ser perdidos e que resultan imprescindíbeis na sua investigación.♦

Trece temas de *Zënzar*

Título: Todo vai ben.
Grupo: Zënzar.
Edición: Própria.

Rebélanse as vacas entrando pola forza na catedral de Santiago? Patean os *skinheads* os marroquinos con impunidade? Andan asasinos soltos pola rua ante a ollada pasiva dos policias? Ou *Todo vai ben*? Asi se chama o disco do grupo de Cerceda, *Zënzar*, cuxa portada amosa esa sociedade demencial na que vivimos baixo as palabras tranquilizadoras dos governantes. Trece novos temas desta banda que tanto canta as vivéncias cotiás na sua vila como berra denúncias sociais. Son un dos grupos máis veteranos do país, implicados coa música en galego e amantes das guitarras duras. Non teñen medo á gaita, inclúena en *Todos me queren* con Xan *Papaqueixos*.

Tamén se atreven co narco-corrido mexicano, nunha adaptación autóctona dun tema de Paulino Vargas. Axúdaos, en *A banda do coche*, o acordeón de Rómulo Sanjurjo dos *Diplomáticos*. Para todos os que esten interesados no disco e non o atopen poden chamar a Manolo no 981 681 400, ou a Bocixa no 981 686 183.♦

Coktail de músicas

Título: Usted.
Grupo: Dwomo.
Edita: Dro.

E pecha a sección un disco nas antípodas da guitarra. Antonio Iglesias e Jorge Loran forman este duo que descrebe a sua música como un "cosmic cocktail", ou sexa, unha mestura. Neste disco, un ep para ser exactos, respirase algo de punk, bastante de pop e moito de electrónica. O duo vai recollendo sementes nas discotecas de países europeos como Suíza e Itália, e os condensa neste compacto. Segundo eles, melodias folk batidas cun percorrido cósmico. Mellor xulgar ao escoitar.♦

A outra Elena Poniatowska

A editorial *Txalaparta* publica os seus retratos de sete *extraordinárias tolas* mexicanas

C.V.

Máis de trinta libros e case cincuenta anos de xornalismo están detrás do nome de Elena Poniatowska, a escritora mexicana gañadora do último prémio Alfaguara de novela. *La piel del cielo*, o título da obra trunfadora, será tamén a que lle dé nome no panorama literário español, avalada pola campaña do forte grupo editorial e xornalístico promotor do prémio. Pero detrás dese novo libro atópase un dos nomes máis importantes da literatura latinoamericana actual, do que a editorial *Txalaparta* ven de publicar *Las siete cabritas*, as crónicas literárias que retratan a sete *tolas* mexicanas, desde Frida Kahlo até Elena Garro.

"Nunha época na que mulleres van e mulleres veñen e escreben unhas acerca doutras nunha celebración xubilosa". Refírese Elena Poniatowska ao libro de Adriana Malvido sobre Nahui Olin, pero a máxima valeria tamén para calificar o seu traballo, en especial, este *Las siete cabritas*, no que a escritora recria as biografías de sete extraordinárias mulleres fóra de norma.

Son histórias intensas de mulleres que deron vida ao máis eufórico dos Méxicos, aquel que se convertiu en referente cultural da Europa progresista e que tiña nos artistas as principais personaxes. Naquel país revolucionário e atractivo, ou atractivo por revolucionário, viviron as rebeldes mulleres escollidas por Elena Poniatowska pero só a unha lle atopa o lugar que a sua grandeza merecia. Frida Khalo, convertida case en icono, foi a única delas coas que a débeda quedou saldada. As outras tiveron moita peor sorte.

Recuperar as avoas

E é con Frida Khalo con quen Poniatowska comeza o seu libro. Para a máis coñecida de todas elas é tamén a única para a que a escritora decide poñerse en primeira persoa, nunha sorte de confesión da pintora que tanto sofriu e viviu.

"Ti es unha pinche xornalista, eu unha deusa". A escritora Pita Amor proibíalle asi a Elena Poniatowska -filla dunha curmá- o emprego do segundo apelido que compartian. A arrogáncia da autora de *Polvo, Otro libro de amor*, ou *Décimas a Dios*non tirou para que a xornalista recoñecese a sua importáncia para "as xeracións vindeiras proque rompeu esquemas ao igual que outras mulleres da sua época catalogadas de tolas (...) Os casos de Nahui Olin e de Pita Amor son emblemáticos. O rexeitamento e a censura volvéronas cada vez máis contestatárias e as duas fixeron do reto e da provocación a sua forma de vida".

O reto e a provocación, esas semellan ser as características das mulleres que retrata a escritora e, entre elas, a excepcional Nahui Olin, a figura criada ao aveiro daquel país exultante de paixón criadora. Só nos noventa o nome de Nahui ia sair da escuridade, os últimos anos desta grande artista, imaxe da "antiheroina", pasaron en soidade, alimentando como unha tola aos gatos da Alameda.

"É un delicto nacer muller. É un delicto ainda maior ser muller e ter talento". Quen isto subscrebe é Maria Izquierdo, a artista que tivo a coraxe de se enfrontar aos *deuses* Diego Rivera e David Alfaro Siqueiros. O seu nome só resoará con forza a fins dos oitenta, mália ser Maria Izquierdo unha das máis firmes figuras da arte mexicanista para o que mira todo o mundo. "Maria guisa a mediodia o *huachinango* que pinta. (...) Maria Izquierdo cose os seus próprios vestidos, cura a sua família con herbas do monte, come a sua própria obra e non lle fai dano ao estómago", descrebe a escritora, nesa mestura do real e do máxico no mural que compón entre o literário e o xornalístico.

Tres escritoras máis povoan *Las siete cabritas*. Rosario Castellanos, Elena Garro e Nellie Campobello de quen di que se "fora home, México non teria deixado que desaparecera asi como asi un dos seus novelistas". Poniatowska móstrase contaxiada da emoción das vidas destas sete "cabras tolas", mulleres de vangarda nun México ao que se dirixian todas as miradas. Se tempo atrás recriara a vida da fotógrafa Tina Modotti na novela *Tinísima*, agora compón a escritora un fresco con sete grandes nomes de mulleres que nunca se axustaron ao molde.♦

MEU SANTO, MIÑA SANTIÑA

FRANCISCO ANT. VIDAL

Xénese e misterios de Santa Cruz

Pasaran máis de trescentos anos da morte e resurreción de Xesús, cando o emperador Cosntantino, tras vencer a un exército bárbaro levando como estandarte unha cruz, lle encomendou a súa nai, santa Helena, a procura da orixinal.

A historia da cruz de Cristo, a árbore sobre a que floreceu e madurou o cristianismo, non podía ser dun pao calquera, e como froito de nobre linaxe, a súa xénese remóntase a cando Adán estaba a punto de morrer e o seu fillo Set foi procurar do arcanxo san Miguel un pouco de óleo da árbore da Misericordia, e na vez diso, o santo arcanxo entregoulle un ramiño co aviso de que, cando ese fructificara, seu pai viviría.

Claro que o froito ao que se refería o arcanxo non era o biolóxico, senón o espiritual, e o ramiño plantado por Set sobre a tumba de Adán, converteuse nunha frondosa árbore que Salomón, cando andaba nos negocios da construcción do seu templo, mandou cortar para facer unha das trabes.

Pero non era ese o destino reservado por Deus para o madeiro, pois por moito que os carpinteiros axustaban as medidas, cortaban e pulían, non acertaban a encaixala en ningures; e ao final, por aquilo de darlle uso, acabou de pontella dun regato.

A primeira persoa que intuíu ao que aquel madeiro estaba destinado, foi a mesmísima raíña de Saba, quen ao querer pasar sobre el tivo unha revelación que lle impediu pisalo.

A raíña, advertiu a Salomón de que, sobre aquel tablón, alguén había de ser crucificado, e por tal motivo acabaría o reino dos xudeus.

Augurio que o rei sabio, sempre atento ao que a fermosa dama de Saba lle contaba, non dubidou en mandalo enterrar, o máis profundo posible.

Por algunha razón que só a providencia sabe explicar, sobre o lugar onde foi enterrado, cando xa todos se esqueceran do madeiro e do augurio, naceu unha lagoa que convocaba a un grande número de persoas, atraídas polas propiedades curativas das súas augas, ata que, pouco tempo antes de que Cristo fose condenado a morte, a trabe saíu a flote, e foi aproveitada para facer a santa Cruz.

Sen embargo, despois de prestar tantos servicios e cumprir fielmente os designios que a providencia lle outorgara, tras a crucifixión e posterior resurrección de Cristo, todos se esqueceron do madeiro, que nin para leña foi aproveitado.

Entrado xa o século terceiro da nosa era, Santa Helena, despois de longas pesquisas, encontrou no Gólgota as tres cruces do evanxeo, e para descubrir cal era a de Cristo e cales as dos dous ladróns, mandou deitar sobre elas a un moribundo, que en canto tomou contacto coa verdadeira, ergueuse como se a morte nunca chamara á súa porta.

(Mágoa que a milagrosa cruz ande hoxe esnaquizada polas igrexas de medio mundo, convertida en taquiños de madeira, carentes das milagrosas propiedades curativas que posuía o orixinal dunha peza).

Ocurria este descubrimento no último día da festa das Floralias, o tres de maio, cando os romanos honraban á deusa Flora, protectora das flores e das sementes, por iso non debe extrañarnos que, nas variantes desta celebración ao largo da xeografía galega, a festa relixiosa teña unha compoñente pagana, asociada a ritos de fecundidade, como en Aranga ou Laza, onde esta festividade cobra especial significado, sen esquecer, os Maios, que aínda que non están directamente relacionadas coa Santa Cruz, si o están coas Floralías dos devotos romanos.♦

A artista Pamen Pereira abre o seu Gabinete de traballo

O CGAC inaugura a sua exposición coas do suízo Peter Wüthrich e o brasileiro Efrain Almeida

C.V.

Mostra o seu espazo interior onde se destilan as emocións, transmutado en obxectos e materiais que rara vez pasarian por artísticos. A ferrolá Pamen Pereira abre no Centro Galego de Arte Contemporánea *Gabinete de traballo, o encontro coa sombra*, unha exposición que recolle pezas criadas desde 1989 e que mostran o universo persoal da artista afincada en Valéncia. Canda a mostra de Pereira, comparten sás do CGAC as montaxes con libros do criador suízo Peter Wüthrich e as esculturas simbólicas do brasileiro Efrain Almeida.

Precisa experiéncias vitais para a sua arte e por iso as referéncias da exposición son precisamente as interpretacións que ela mesma fai do mundo. Parte da intuición, da linguaxe máis emocional que remata nun proceso estético. A técnica asi "non é unha preocupación, é só un resultado" e, nese sentido, as suas pezas mesturan xéneros e materiais. Alabastro, granito, arroz, estopa ou graxa son empregados por Pamen Pereira para as suas composicións. "Gosto desa maneira de desconcertar. Mira esa reprodución dunha paisaxe montañosa que poderia ser do Tibet, unha montaña nevada, impecábel, e que, sen embargo, está modelada con graxa, con algo das entrañas, animal, orgánico e cálido" explica a artista.

Graxa e lume

Lume e fume presentes tamén ao longo de toda a mostra. "Non sei, é o alento, o calor vital. Noutra época aparecia mesmo con máis forza e ai estaban, por exemplo, o piano ou a mesa en chamas. Algo ten de purificación. O que acontece nos cadros de fume é que o que se representa xa non está, é como se marchase do cadro, queda só a sua preséncia".

Surprende na obra de Pamen Pereira o emprego de certos materiais que fan á arte perecedeira. Montañas de graxa pero tamén cuncos de arroz ou cráneos de chocolate compoñen algunhas das suas obras. Unha das pezas que o seu comprador cedeu para a mostra de Compostela simboliza a morte, tan presente na sua obra. Trátase dunha mesa de madeira sobre a que colocou unha barca chea de caveiras de chocolate. "Teño na casa o molde e, cando se estropean, volvo facer outras. Ao morrer deixareille o molde ao dono da peza. Mesmo a pedra se acaba, no fundo o tempo pasa coma unha frecha para todo. Non me preocupa a trascendéncia, o único que serve e existe é o momento presente" defende a artista, que atopa no zen a sua filosofia de vida.

Como se reflicte o budismo e a viaxe a Xapón na sua obra? "A xaponesa é unha cultura que valora o antigo. Un cunco vello dunha cerimónia de té que se rompeu é máis valioso que un novo recén comprado. Eu identifícome con iso, cun certo gosto polo ar *povera*, polo que non brilla, por obxectos, se cadra, máis domésticos". Tirados do cotiá son alguns dos elementos que compoñen a mostra, unha cadeira pendurada do teito, a chaqueta que vestiu no seu obradoiro, unha vella mesa ou os niños de paxaros que ficaron abandonados na sua casa. "Porque, ás veces, cando penso a peza teño a silla diante, reparo nela e xa está. Co castelo é igual, son dous niños que estaban no estudo. Xogo co meu neno de dous anos a facer un castelo de plastilina e, de repente, doume conta e digo *está aqui*. Non é preciso darlle máis voltas".

A. PANARO

A obra de Pamen Pereira é metafórica, carregada de simboloxia. Sen embargo, a artista non aceita que se trate dunha arte para interpretar, prefire que os visitantes "sintan" diante de cada unha das pezas da mostra, como cando "un poema de amor trascende a experiéncia vital do seu criador e calquer namorado pode sentir e mesmo identificarse con el".

Ten a sensación Pamen Pereira de estar sempre traballando e a arte é asi para ela, unha forma de viver. "Se es permeábel á vida -e eu son moito-, disólveste, desaparecen as fronteiras físicas, non existen compartimentos-estanco", sinala a artista para quen esa mesma apertura é tamén o principal valor da arte contemporánea na que, ao seu ver, "todo está permitido".

A mostra de Pamen Pereira inaugurouse o pasado Luns, 30 de Abril xunto coas do suizo Peter Wüthrich e o brasileiro Efrain Almeida. Espectacular é a montaxe de Wuthrich que emprega os libros como materiais de traballo para configurar as suas instalacións. Pinturas murais compostas por libros de diferentes cores até composicións case arquitectónicas que dominan os espazos das sás con toneladas de libros.♦

Túzaros, o grupo expulsado do *Luar*

O trio compostelán apresenta o seu segundo traballo *Trivial*

"Os peores inimigos do punk rock en galego son a rádio e a televisión galegas". Mario Cesar, do grupo compostelán *Os Túzaros*, arremete contra os méios públicos á hora de apresentar o seu segundo traballo *Trivial* (Edicións do Cumio). Levan dez anos xuntos. Xunto a Mário, Xúlio Boquete e Xoán López ensaian todos os dias, ao sair do traballo, no garaxe da casa do primeiro. "Xa temos claro que facemos música por pracer. En vez de estar no bar, xuntámonos e ensaiamos", sinala Mario Cersar, que engade que teñen temas novos para outro disco. E é que *Trivial* é un traballo que se remonta xa a princípios do ano pasado, cando os tres *Túzaros* viaxaban a Vigo os fins de semana para gravalo nos Estudios Fussion. O seu próximo directo terá lugar en Ordes, no pub Badulake, o Venres 11 de Maio. A hora da cita, ás dez e media e con entrada de balde.

Teñen unha morea de razóns para o ataque. "A censura está presente nos méios de comunicación. A política da rádio e televisión galegas é non apoiar aos grupos. Sei ben que algun responsábel da rádio xustifica a atitude dicindo que estamos moi *verdes*, que non hai calidade. Prefiren a calquere que cante letras tontas en inglés e *pasan*, por exemplo, de grupos de tanta calidade como *A Psicofónica de Conxo*, que están directamente censurados. Emiten *Chambo*, o único espazo que existia para a música na tele, e o eliminan ao pouco tempo", di.

Pero foi a sua participación no programa conducido por Xosé Ramón Gayoso, *Luar*, a pinga que rebordou o vaso da paciéncia do grupo do bairro de Sán Lázaro. "Chamáronos para o *Luar* da solidariedade do ano pasado, adicado a asociacións que traballan con nenos. Aceitamos, compartimos a causa, pero pedimos un listado das organizacións ás que podemos doar as 50.000 pesetas. Non nolo dan. Chegamos á gravación, ás nove da mañan; habia ali unha morea de rapaces, moitos deles gaiteiros, que levaban toda a noite sen un bocadillo nen un *cola-cao*. En troques outros artistas tiñan camerino e *catering*. Enterámonos que, mália a solidariedade, Gayoso non deixaba de cobrar polo programa. Para rematar, meten mal o *play-back* e chegamos tarde aos micrófonos. Ao rematar a canción, tirei co micro. Nese momento avisáronos de que asinaramos os papeis e de que estabamos expulsados. Xa non fixemos o segundo *play-back*", conta Mário. As 50.000 pesetas *túzaras* foron destinadas á *Asociación de Pais con Fillos Tetrapléxicos* da Coruña que, di o cantante, "realmente as precisaban".

Sobre o milagre que semella que un grupo galego de metal, que gosta das guitarras duras e que ten entre as suas preferencias a bandas como os *Cramps*, continue con ilusión, Mário Cesar aponta que "este non é un negócio para facer cartos, nas tendas non podemos competir cos grupos moi promocionados, sufrimos as consecuéncias do atraso cultural do país". *Parte o meu lombo*, *Anorexia* e *Non hai sitio* son alguns dos temas incluídos nun disco no que as cancións son máis curtas e contundentes e as letras máis directas. "Seguimos as recomendacións do noso público que nos pedia menos poesia e cámbios de ritmo máis curtos", aponta. Están frustrados con Compostela. "Sempre foi unha cidade tradicional, de curas. Non hai locais para tocar. Temos menos lugares para dar concertos que hai cinco anos. Proiben aos músicos da rua e poñen cámaras de video. En fin, que en calquera outra cidade apóiase máis a cultura de base que aqui, ainda que non sexan capitais culturais de nada", conclue Mário César.♦

ANACOS DE BOROBÓ

O exemplo de Manuel Otero Bárcena

Miña belida e simpática auriga, da *Fundación Castelao*, Carmen Varela, aportoulle a outro luns, en Santiago, ao recente autor de *Daniel, o noso*, que aquí escribe, o espléndido catálogo de seu pasamento. E tróuxome ademáis Carmen outros meirós da súa Fundación, entre eles a colección completa de *Cadernos Castelao*, que ista publica dende 1994.

Ao follear os *Cadernos*, interesoume o nº 8 que contén a monografía adrede de *Castelao e o Faro de Vigo*, orixinal de Clodio González Pérez. Xa que podería ser o punto de arranque pra situar nista páxina semanal o exemplo dun importante paisán, cuxa vida discorreu por uns cauces ben diversos dos solitamente literarios, polos que transcurréu a *inmensa minoría* que vou indo exemplarizando. Pero que, nen embargantes, tivo unha extraordinaria faceta xornalística, ao ser durante quince anos (16-XI-1929/1-IX-1944), director do mencioado xornal e semipropietario dil.

■ **O SEÑOR DA BOUZA.** Trátase de D. Manuel Otero Bárcena, a quen, por motivos familiares, coñecín dende neno; pois meu pai, don Víctor, era o médico de cabeceira da señora da Bouza, casi sempre doente na súa finca valguesa. Don Manolo, o señor da Bouza, mantiña unha sorte de cacicato, dende principios do século XX, no concello de Valga, do cal don Víctor era médico titular. Otero Bárcena exerceu personalmente a alcaldía de Valga, nos primeiros anos dez, coma queda reflexada nas páxinas de *El barbero municipal* (cuia flamante edición facsímil proporcionoume, xenerosamente, o bo alcalde de Rianxo, Pedro Piñeiro), nunha crónica do seu corresponsal en Padrón. Seguramente, D. Manuel Carballido, presidente dos conservadores padroneses, e médico de Castelao e de Manuel-Antonio, parteiro de C.J. Cela, e moito antes director de *Café con gotas*, onde por vez primeira escribeu Valle-Inclán.

Pois ben, dito corresponsal do órgano conservador rianxeiro, di do alcalde liberal de Valga, no nº 12 (1-IX-1910): "Manolo Otero, como familiarmente lle chamamos, é un cabaleiro fino, correcto e distinguido; un abogado xoven perfectamente destacado e culto; con tacto exquisito, con acerto sumo sabe dirixir o pobo cuxa admninistración e goberno lle está encomendado con beneprácito de todos. É un Alcalde".

■ **CONTRASTE ENTRE DOUS DEPUTADOS CUNEIROS.** Era xa Otero Bárcena o principal axente naquel municipio (que comprendía entón a miña parroquia natal de San Xián de Requeixo, ou San Lois de Cesures) do sempiterno e eficacísimo deputado a Cortes polo distrito de Caldas de Reis, D. Bernardo Mateo Sagasta; sobriño de D. Práxedes, o célebre xefe do Goberno décimonono. D. Bernardo e D. Manolo encarnaban á maravilla o costiano (de D. Joaquín) binomio da oligarquía e o caciquismo.

Precisamente, o corresponsal padronés ponderara nunha crónica anterior (no nº 2. 24-VIII-1910), a excelente xestión de Sagasta polo seu distrito, comparándoa coa nefasta de D. José Ortega Munilla, o pai de Ortega Gasset, que levaba catorce anos sendo deputado por Padrón, sen ocuparse ren dos intereses da demarcación electoral que representaba nas Cortes; mercede ao poder caciquil e oligárquico de seus cuñados Gasset.

Pola contra, Cesures disfrutaba dos desvelos de D. Bernardo ("continuador da beneficiosa obra de seu pai D. Pedro". Verdadeiramente o nepote sagastino foi un caso excepcional na teoría dos *deputados cuneiros*. Moitas obras públicas quedan ainda no distrito caldense, coma testimuño da preocupación por el do seu perenne deputado.

■ **OS OTEROS DE VALGA.** Otero Bárcena deixou axiña a alcaldía de Valga a quen viñera ocupándoa dentro da órbita sagastina, D. José Carlés Brañas. Pasou entón a ser D. Manolo, deputado provincial polo distrito caldense; xunto co Sr. Echevarría, cuñado de D. Bernardo, e pai do que sería gobernador xeral do País Vasco, na II República, as órdes de Casares Quiroga. O señor da Bouza non era oriundo de Valga. Asentara o seu dominio alí, cando herdou a finca así chamada. Por iso é disparatado emparentalo coa Bella Otero, coma lín non sei onde, xa que a valguesa era ben probiña de nacimento. Tampouco cabe confundir a D. Manuel Otero Bárcena con D. Manuel Otero Acevedo, o singular neurociruxano cesureño/arxentino, protagonista de *El fantasma de Valle-Inclán*; o libro no que narro como seguiu, dende Madrid, as pegadas do xoven Ramón del Valle polas rúas composteláns.

Fora Otero Bárcena, nun tempo, administrador do Real Hospital de Santiago, e logo adicouse aos negocios, con aguda e afortunada visión mercantil. Fundou a empresa de Frigoríficos de Galicia, que nos anos vinte contaba con moitos vagóns que circulaban polos carrís de cantas compañías ferroviarias ainda existían daquela. E contaba tamén cón xóvenes representantes nas estacións máis estratéxicas; alguns deles parentes meus.

■ **A DIRECCIÓN DO FARO.** A señora da Bouza era curmán de dona Mercedes Rubido, viuva de D. Eladio de Lema y Martín, propietario e director do *Faro de Vigo*, durante medio século. Cando morreu D. Eladio, no outono do 28, pasou a dirixilo o seu único fillo varón, pero algo *calivera*, pouco apto para levar a dirección dun xornal que gañaba diñeiro. Empezaron as perdas e a nai e as irmás de Angelito Lema, destituírono; dun xeito parecido ao que pasou hai pouco en *La Voz de Galicia*. O destituido director, estaba casado cunha filla de Pío Cuiñas, o redactor do vello *Faro*, máis famoso entón, por ser o autor de *La carabina de Ambrosio*, unha sección burlesca en verso, habitual na prensa de entón, coma a de Luis de Tapia, en *El Liberal*. Marchóu Anxelito, coa súa dona, a facer as Américas, e volveu a Vigo anos despois, sen facelas.

Nomeara deseguida dona Mercedes a Don Manolo, seu curmán político, director do "diario decano da prensa de Galicia e de maior circulación" (logo Leal Insua demostraría que, coma xornal, *El Correo Gallego* era máis vedrao). Confiaban as señoras Lema que Otero Bárcena, coas suas dotes de mando e talento empresarial, encarrilaria de novo o periódico. Asi foi, pois anque don Manolo non tiña nada de periodista, nin de Literato, poseía un excepcional sentido común, que non é nada común cando un boiante home de negocios se mete a empresario de prensa.

■ **A INSPIRACIÓN DE OTERO BÁRCENA.** A súa experiencia de político en situación pasiva, serviulle de moito a Otero Bárcena na nova tarefa. A dictadura do Marqués de Estella, deixara a oligarcas e caciques sen ter en quen mandar ou influir, esperandoas vir... Cando caeu o xeneral Primo de Rivera, e o sustiuíu o xeneral Berenguer, os políticos do turno de partidos liberal/conservador, recobraron a esperanza de proseguir sendo figuróns. O señor da Bouza, "*inspiraba* a ser senador", asegún comunicou a Ánxelo Novo, o seu monterilla de San Xian.

Era unha *inspiración* lexítima, ou mellor dito unha aspiración, pois Don Eladio, o seu predecesor no *Faro*, fora senador do Reino, dos vitalicios.

Coma habilísimo director do xornal naqueles anos inquedos, nos que a República víase vir e por fin chegou, Otero Bárcena rizou o rizo de tal xeito que conseguiu que os artigos de José Calvo Sotelo coincidiran cas *Cousas da Vida de Castelao*, un par de vegadas a semana, na mesma primeira plana do Faro, durante un trienio: dende febreiro de 1930 ate o 9 de abril de 1933, día no que o noso Daniel, publicóu súa derradeira caricatura no xornal vigués. Nela, os típicos labregos dialogantes dician:

— *A República xa veu*
— *Agora falta a Autonomía*

■ **O OCTAVO SABIO DE GRECIA.** As circunstancias políticas agraváronse, poñéndose tan tensas que fixo incomenente, pra os uns e os outros, a colaboración de Castelao no *Faro*; que xa existira denantes esporadicamente, a nunha primeira etapa, nos penúltimos meses de don Eladio, coma historia Clodio moi ben. O motivo da marcha do guieiro do galeguismo foi que o xornal dirixido por Otero Bárcena acentuara a súa burguesa condición, facéndose o maior voceiro galego da dereita no bienio negro. Colaboraban habitualmente o deputado gilroblista, Alfredo García Ramos, o emilianista Vicente Sierra, e o melquiadista Isidoro Millán. Don Manolo, de quen iste alocuente criminalista afirmaba que era "o octavo sabio de Grecia", asumía que dise modo a venda e a publicidade de seu xornal, ian vento en popa.

Xa era súa a mitade da propiedade do *Faro de Vigo*; pois a viuva de D. Eladio, asustada polas folgas e demais líos da República, lle vendera a súa parte por medio millón de pesetas. Por primeira vez non era Lema un dos donos do *Faro*. Pasou a República, estalou a Guerra Pluscuancivil e o *Faro* seguiu a ser un bo negocio.

Ata que xa nos primeiros anos da postguerra, Otero Bárcena douse conta de que os seus propios días estaban contados. E, pra evitar que o xornal fora logo do seu pasamento un niño de discordias entre a familia Lema e a dil, prefiréu vender a súa parte, que quintuplicara o valor, ás fillas de dona Mercedes que conservaban un tercio da propiedade.

O "octavo sabio de Grecia", finou ao pouco tempo; coido que o mesmo día en que morreu atropellado no peirao de Vigo, *Handicap* o célebre redactor deportivo do *Faro*. E tamén, no Sanatorio do Guadarrama, o administrador do xornal, o meu culto e inesquecible tío político, Alejandro Requejo Buenaga, profesor da Escola de Comercio.♦



A mulher no nacionalismo galego (1900-1936)
Ideologia e realidade
Noa Rios Bergantinhos
EDICIÓNS LAIOVENTO
ENSAIO

Telf. 981 564 767. Fax 34 981 572 339
Local na rede: www.laiovento.com
Hórreo 60. Apartado 1.072 / 15.702 Santiago de Compostela

Dille Berce ao Inimigo

Un ollo de vidro, segunda parte

Ninguén poderá condenar o autor que apresente unha obra con tal título. Defenderíase: "Lean a derradeira parte da história de Castelao. El di que o ollo de vidro quedou cun amigo do narrador e que pronto saberiamos que foi o que lle pasou. Simplemente, eu seguin o conto". Esta cena, que ben poderia parecer absurda, quizais non o sexa tanto. Nos últimos dias, apareceron continuacións de segunda man de libros tan dispares como *Os miserábeis*, de Víctor Hugo e *Foise co vento*, de Margaret Mitchell (da que se fixera outro libro máis, chamado *Scarlett*).

Estes escritores que chuchan en argumentos doutros son un tema de interese para entender o papel da literatura de consumo masivo neste tempo. Para que van levar traballo as editoriais na procura de novas propostas, personaxes diferentes e situacións orixinais cando se poden obter máis vendas copiando éxitos pasados?

Seguro que os que gostaron da obriña das memórias do esquelete de Castelao, estarán encantados en saber, por exemplo, que o amigo traxeado, acabado de soterrar, consegue, grácias ao ollo de vidro, contemplar o que pasa nos infernos e transcribilo no papel. Se este autor de continuacións fose ainda máis ousado, poderia acabar facendo outro *Divino Sainete* ao Curros enxuizando as vidas dos personaxes que acabaran a sua viaxe cara á eternidade onda a pota de Satanás. Polo prezo de unha, duas continuacións.

Xa o dixo Mario Benedetti, o renacimento da literatura, no mundo do ruído e da imaxe, será a segunda parte da Carapuchiña Vermella redescubrindo Europa desde América. Cando se fala de pláxio, alguns recuperan aquilo da intertextualidade. Se os herdeiros das obras de raíz queren cobrar direitos, lembrámoslles o Quijote de Avellaneda, a continuación que propiciou a segunda parte do próprio Cervantes. O caso é obter titular no xornal e facer gaño através da polémica. Algun pensará que é unha gran mágoa que Blanco Amor non deixase con vida a ninguén en *A esmorga*. Que boa continuación se perdeu aí! ♦

LeCeR A NOSA TERRA

• PÁXINAS COORDENADAS POR EVA MONTENEGRO PIÑEIRO •

O Trinque

Pescudar na memória con Borobó

Ler a Raimundo Garcia, *Borobó*, é descubrir a nosa própria memória como através dunha prosa estilizada de mestre xornalista. Ainda quentes están as suas duas últimas obras. *Daniel, o noso*, (Do Castro) é o recordatório dos artigos que lle adicou a Castelao en 50 anos. *A nacencia do socialismo en Galicia* (Galaxia) fai xustiza con Pablo Iglesias.♦

A cacatua verde

Cenificada polo **CDG** teremos esta obra de Arthur Schnitzler; na que a acción transcorre nunha cova que o autor apresenta en forma de taberna parisina nas vésperas do dia no que, simbolicamente, comeza a Revolución Francesa. Schnitzler escolle este momento para reflexar todas aquelas etapas históricas nas que as clases dominantes comezan a perder o control social e, en particular, para ilustrar a situación na que se atopa a sociedade da sua época, que nese fin de século avanza cara a I Guerra Mundial. En **VILALBA** estará o Venres 4 e o Sábado 5; e na **ESTRADA** o Xoves 10 e Venres 11.♦

Arteixo

■ **TEATRO**

DIDO E ENEAS
Ofélia Nieto cenificaráa no Auditório Municipal o Venres 4.

O Barco

■ **EXPOSICIÓNS**

INSTITUTO DE ESTUDOS VALDEORRENSES
Mostra fotográfica que podemos atopar no *Pazo do Castro*.

TEATRO NACIONAL DE CUBA
Sobre este tema poderemos ollar a mostra fotográfica na *Casa da Cultura*.

OS INSTRUMENTOS DO PÓRTICO DA GLORIA
Selección das réplicas en madeira dos instrumentos medievais esculpidos polo Mestre Mateu no Pórtico da Glória e reconstruidos pola *Fundación Barrié*, dentro dun proxecto que pretende a recuperación e difusión da música antiga da Galiza, fragmentos da cal podemos escoitar en www.fbarrie.org. No *Mosteiro de Xagoaza*, até o 18 de Maio.

Bueu

■ **ACTOS**

ALTERNATIVAS PARA A MOCIDADE
Dentro da campaña *Ti pensas, hai problemas. Ti decides, hai solucións* a asemblea comarcal de *Galiza Nova* organiza, para o Venres 4, dous actos: en primeiro lugar unha **charla-colóquio** coa participación de **Rubén Cela** (secretário xeral de Galiza Nova) e **Bieito Lobeira** (deputado do BNG) para explicar a política da mocidade do BNG, na *Casa da Cultura* ás 20 h. E despois, no pub *Aturuxo* teremos a partir das 22 h. unha **cea-festa** coa actuación de **Nelson Quinteiro** e máis grupos.

Cambados

■ **EXPOSICIÓNS**

XAVIER MAGALHÃES
Ten unha mostra pictórica, chamada *Obra recente*, na galeria *Borrón 4* (Avd Galiza 39), até o 15 de Maio.

Cangas

■ **EXPOSICIÓNS**

NINES VELÁZQUEZ
Até finais de mes podemos contemplar os óleos desta pintora salmantina na sala *Ángel Botello* da *Casa da Cultura*.

IMAXES DUNHA ÉPOCA
Na *Casa da Cultura* podemos ver esta mostra de pintura de **Xoaquin Carnero**.

O Carballiño

■ **EXPOSICIÓNS**

XAIME FUENTES
As suas pinturas de paisaxes están colgadas no *Muiño das Lousas*.

Carballo

■ **EXPOSICIÓNS**

O TROLEBUS, ONTE, AGORA E SEMPRE
Mostra fotográfica, organizada pola A.C. *Lumieira* co gallo do 30 aniversário da desaparición da liña Coruña-Carballo, sobre este médio de comunicación en Bergantiños, Galiza, o Estado e Europa, que nos permitirá coñecer o seu pasado e o presente, ao tempo que nos lembrará que non hai tantos anos contabamos coa liña máis longa do continente. Ademais pretenden organizar un seminário sobre o tranvia e trolebus que reuna expertos de todo o mundo.

Cedeira

■ **ACTOS**

AS LETRAS QUE NOS CONTAN...
as letras que nos contamos, programa de actividades, comemorativo do Dia das Letras, organizado polo Concello, que comeza o Luns 14 con **Estúdio de Teatro n + 1** sesión de contacontos para os máis pequenos, co bon facer destas *dicidoras* que complementan a tradición oral e escrita; na biblioteca *López Cortón*, ás 5 do serán. E o Mércores 16 o encontro **Xaquin Marin: a arte de ilustrar**, no mesmo lugar ás 11:30.

Cervo

■ **EXPOSICIÓNS**

FEDERICO RIBAS
Apontamentos inéditos, é a mostra 35 debuxos inéditos deste coñecido deseñador gráfico galego, morto en 1952, que poderemos ollar na *Casa Administración de Sargadelos*.

Corcubión

■ **EXPOSICIÓNS**

HISTÓRIA DE GALIZA
Mostra na que se fai un breve percorrido pola nosa longa vida como povo a través dos debuxos de **Pepe Carreiro**; na Sala de Exposicións Municipal até o 20 de Maio.

Máis de duascentas fotografías compoñen a mostra *Nós tamén fomos emigrantes*, que podemos ollar na *Sala de Exposicións de Caixagalicia* na CORUÑA.

A Coruña

■ **CONFERÉNCIAS**

A NUTRICIÓN DOS SANOS
Gregório Varela Mosquera falará sobre este tema na E.U. de Fisioterápia ás 19:30.

■ **EXPOSICIÓNS**

TAMÉN FOMOS EMIGRANTES
Até o 24 de Xuño na Sala de Exposicións da Fundación *Caixa Galicia*. Máis de duascentas fotografías e reproducións de periódicos sobre a emigración na segunda metade do século XX.

ÁNXELA P. MEILÁN
Pintora coruñesa, amosa un proceso criativo en constante evolución, plasmado na maior simplicidade nas formas e na consecución dunha gama cromática que contribue a potenciar o debuxo. A mostra, organizada pola galeria de arte *Imagen* na Sala de Exposicións do hotel *Tryp Mª Pita*, poderase visitar até o 26 de Maio.

TROMPE-LA-MEMOIRE
Disposición de temporalidade e posta en cena, na *Fundación Luís Seoane*.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR 2000
Até o 31 de Decembro poderemos ollar esta mostra na *Casa das Ciéncias*, froito do concurso máis prestixioso de fotografía da natureza que existe no mundo que organiza o *British Museum* e a *BBC Wildlife*. A colección amosa os principais prémios e as mellores imaxes de cada sección, ademais de contar cun audio visual.

Continua na sala de exposicións do hotel *Tryp-Mª Pita* da Coruña a mostra da pintora Ánxela Pérez Meilán.

EDUARDO NARANJO
Baixo o título *Realismo, sentimentos e soños* escóndense cincuenta e cinco cadros que repasan a vida e obra do artista, un dos máximos expoñentes do realismo pictórico. Do expresionismo ao realismo ou surrealismo, sempre na busca do sentimento. No *Quiosque Afonso* até o 6 de Maio.

PRECIOSISMO E SIMBOLISMO...
...Pintura valenciana (1868- 1940). Que vai estar no museu de *Belas Artes* até o 6 de Maio, é unha colección dun periodo especialmente produtivo da pintura que abarca unha época na que se desenvolveron dous movimentos, que en moitas ocasións funcionaron de xeito interrelacionado e dos que participaron autores tan destacados coma: **Sorolla, Antonio Muñoz, Emilio Sala, Cecilio Pla,** ente outros.

ARTE ROMÁNICA NA GALIZA E PORTUGAL
Dentro da colaboración entre a *Fundación Barrié* e a *Fundación Calouste Gulbenkian* de Lisboa, poderemos contemplar, na sede da *Fundación Barrié* até o 20 de Maio, esta interesante mostra sobre o románico, que tivo un estraordinário desenvolvimento, tanto no noso país como no viciño, dando un conxunto escepcional de construcións, esculturas, manuscritos iluminados e pezas de orfebreria, se ben, a disparidade do contexto no que se produce o asentamento e difusión explica a diversidade de manifestacións e a distinta evolución.

Carteleira

☞ **CAPITÁNS DE ABRIL.** A película de Maria de Medeiros relata a intensa xornada da revolución portuguesa do 25 de Abril. Personaxes da história real mestúranse con outros ficcionados para compoñer o fresco do xa mítico dia. Paga a pena vela para recriar a história recente de Portugal pero, sen embargo, o filme pérdese á hora construir o entramado dos protagonistas, cunha traxectória personal que non logra implicar aos espectadores. A revolución dos cravos poderia dar para moito máis.

☞ **RIOS DE COR PÚRPURA.** Deixando pistas sobre as razóns dos seus delitos, un asesino actua nunha universidade pechada e endogámica, ao tempo que alguén profana a tumba dunha nena. Suspense.

☞ **PREMONICIÓN.** Grazas a unha vidente, nunha lagoa aparece o cadáver dunha muller e as probas sinalan que o autor foi un mozo da vila, a quen xulgan e condenan, pero a vidente ten unha premonición. Intriga.

☞ **MISS AXENTE ESPECIAL.** Para atrapar a un terrorista, unha policia do FBI pouco preocupada polo seu aspecto ten que facerse pasar por unha aspirante nun concurso de misses. Topicazo prescindíbel.

☞ **DRAGÓNS E MAZMORRAS.** Un pérfido mago pretende derrocar a unha princesa e un e outra mandan aos seus na procura dunha vara máxica para dominar aos dragóns vermellos. Boa ambientación pero esquemática.

☞ **INIMIGO ÁS PORTAS.** O francés Jean Jacques Annaud recria o Stalingrado sitiado no inverno de 1942 para contar a história de Vassili Zaitsev (Jude Law), un francotirador ruso que a URSS convertirá nun heroe da resisténcia ante o nazismo. Filme espectacular, en clave de duelo ao sol, no que os rusos (ainda que só sexa uns poucos) son os bons.

☞ **AMORES CANS.** A violéncia da sociedade mexicana a través de tres histórias distintas nas que tres parellas con relacións atípicas e os seus respeitivos cans loitan por sobreviver. Interesante.

☞ **O QUE PENSAN AS MULLERES.** Un executivo machista ten un acidente que lle permite escoitar os pensamentos das mulleres, arma coa que trata de sabotear o traballo dunha muller que vén de coller un posto que el consideraba seu. Da comédia á patochada.

☞ **FAMILY MAN.** Temporalmente, un anxo muda a vida dun alto executivo para que coñeza o que lle falta: a família. Ao princípio non gosta do cámbio pero despois si. Comédia que defende a família e a clase média como ideal americano.

☞ **15 MINUTOS.** Nun Nova York no que xornalistas, policias e asasinos son estrelas da televisión, dous estranxeiros comezan unha louca carreira criminal polos quince minutos de grória que lles permitirán facerse ricos. Intriga.

☞ **CHOCOLAT.** Unha chocolateira nómada chega a unha vila da campaña francesa para seducir cos seus bombóns aos seus reprimidos e intolerantes habitantes. Fábula liberal.

☞ **TIGRE E DRAGÓN.** O roubo dunha espada mítica propriedade dun paladin chinés desata a persecución dunha malvada guerreira e da sua pupila, que actua de boa fe. Filme impregnado do misticismo oriental.

☞ **BILLY ELLIOT.** Durante as folgas británicas do thacherismo, un neno fillo dun mineiro enfréntase e vence aos receos familiares cando pretende estudar ballet. Retrato da dignidade do proletariado inglés.

☞ **HANNIBAL.** Unha policia persegue a un psicópata canibal fuxido co que colaborara hai dez anos. El facilita as pistas co fin de encontrarse coa policia, á que ama. Para gastrónomos sen prexuízos.

☞ **PROBA DE VIDA.** Un grupo guerrilleiro latino-americano secuestra a un enxeñeiro dos EEUU e exixe un rescate á sua família, ante o abandono ao que os somete a empresa. *Totum revolutum* con guerrilla, drogas, etc.♦

CONCELLO DE PONTEVEDRA

■ ACTOS

NOITES ABERTAS
Obradoiros e todo tipo de actividades como lecer alternativo nas noites da mocidade. O Venres 4, na *Casa da Luz*, obradoiro de coiro, e habilidades domésticas. No local da A.V. *Pontemuíños*, o Venres 4, cesteria, e visita guiada ao núcleo histórico da cidade; e o Sábado 5 obradoiro de gaita, e obradoiro de coiro. No Centro Sócio-Cultural *Sor Lucia*, o Venres 4, iniciación á fotografía, e internet adaptado a xordos. Na Praza de *Curros Enríquez* (de chover no coléxio *Froebel*) o Sábado 5, danzas étnicas, e romaria internacional. O Sábado 5 no teatro *Principal*, proxectaranse curtametraxes. No local da *Área comercial Zona Monumental*, iniciación á xardinería. Na cociña do Convento de *San Francisco*, elaboración de postres. Máis información no telf. 986 804 336, ou www.noitesabertas.com.

PEDRO VOLTA
O Sábado 5 vainos oferecer un espectáculo de máxia na Aula Sócio-cultural de *Caixa Galicia* ás 19 h.

TALLER LITERÁRIO
Entre os Luns 7 e 14, no café *Moderno* da man da Asociación de Escritores e Artistas Españois, ás 20 h.

■ CINEMA

EDUCACIÓN EN VALORES
O Concello organiza este programa a través do cinema, o Xoves 3 e Venres 4, de 10 a 12 h. dentro do plano de prevención de drogodependéncias.

■ CONFERENCIAS

INTERNET, NOVO TERRITÓRIO MEDIÁTICO
Dentro das tertulias do café *Moderno*, o Xoves 3 ás 19:30 h.

■ EXPOSICIÓNS

JESUS SÁNCHEZ TENA
Escritor e ilustrador, inaugura, este Venres 4 ás 20 h, unha mostra no Espazo pará a Arte de Cajamadrid onde poderemos contemplala até o 10 de Xuño. Telf. para visitas escolares : 649 870 596.

OS MEUS CONTEMPORÁNEOS
Baixo este título poderemos ver a mostra de **Daniel Vázquez Diaz** ño edifício *Sarmiento* do Museu de Pontevedra.

FRAN HERBELLO
A imaxe e semellanza titula a mostra no teatro *Principal*, onde poderemos ollala até o 7 de Maio. O artista do Morrazo amosa unha inquedante criatividade a través de imaxes acedas.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR 2000
Até o 3 de Xuño poderemos ollar esta mostra fotográfica nas salas de exposicións de *Caixanova*, froito do concurso máis prestixioso sobre a natureza que existe, organizado polo *British Museum* e a *BBC Wildlife*. A colección amosa os principais prémios e as mellores imaxes de cada sección ademais de un audiovisual.

■ MÚSICA

DE RAIZ
Ciclo musical no que actuará **Caridad Hierrezuelo** o Xoves 3 no *Pazo da Cultura*. E este mesmo dia, Xoves 3 tamén actua **I Musici** no *Pazo da Cultura*.

ANA TORRES ESTARQUE
Que é violenchelista, e **Carlos E. Pérez**, violinista, dan un concerto no *Edifício Fernández López*, do Museu de Pontevedra, este Xoves 3 ás 20:15 h.

BIG MAMA: TABLEAU DE BLUES
Esta é a posibilidade que o café *Moderno* nos oferece para o Venres 4 das 19:30 h. en diante.

VII FESTIVAL XUVENIL DA CANCIÓN MISIONEIRA
Organizado por Obras Misionais Pontificias, terá lugar o Sábado 5 ás 17 h. no *Pazo da Cultura*.

VIII FESTIVAL DE CANTO XOVEN DA NOSA TERRA
O Sábado 5 a partir das 20 h. vai ter lugar no *Pazo da Cultura*.

■ TEATRO

AGARDANDO A GODOT
Esta obra de Samuel Beckett, será cenificada o Luns 7 no *Pazo da Cultura* pola compañia **Lliure**.

COUSAS DO MAR
A compañia **Ultramarinos** vai interpretar esta obra o Domingo 6 ás 18 h. dentro do programa *Domingos do Principal*. O prezo da entrada é de 250 pta.

XOGAS?
Dentro deste programa **Migallas** vai estar o Venres 4 ás 18 h. no *Principal* para a presentar o programa ***¡Canta connosco!***♦

de e presicenta do Clube de Prensa), **Manuel Bragado** (director de Xerais) e os próprios autores. Nos tempos da globalización neoliberal a dotación de polítticas públicas é a única maneira de que países coma o noso se vexan representados na nova sociedade con identidade própria.

CONTOS PARA A MEMÓRIA
Xavier Alcalá será quen pretenda achegarnos a literatura, en especial o xénero do conto; estará no Centro de Maiores o próximo Xoves 10 ás 18 h.

■ MÚSICA

NOVOS INTÉRPRETES
A cargo dos finalistas deste concurso. O Martes 8 teremos ao piano a **Lorena Dapena Merlán**; o Mércores 9 ao **Duo Moriatov** ao violín e piano; e, para rematar, o Martes 15, **Blanca Mª Vázquez Hermida** ao piano. No C.C. *Torrente Ballester* ás 20:30.

Lugo

■ EXPOSICIÓNS

FERNÁNDEZ AMOR
Mostra as suas esculturas na sala *Bacabú* (Praza do Campo 1, 1º) até o 11 de Maio. De 19:30 a 21:30 os laborábeis e de 12 a 14 os Domingos.

XOAN XOSÉ
As suas fotografias estás poderemos olla-las no Arquivo Histórico.

GONZALO BIEITO
Os seus gravados están no pub *Goleta*. No café *Nevada* podemos ollar as obras de **Bordell**. No *Pirámide* os óleos de **Miguel Anxo Maciá**. E na sala *Almirante* as acuarelas de **Prada**.

1936...
...Seoane e os poetas fronte á sublevación, na galeria *Sargadelos*.

A IMAXE E SEMELLANZA
Fran Herbello mostra as suas fotografias no *Edifício Administrativo da Xunta*.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR 2001
Até o Sábado 5 poderemos ollar esta mostra fotográfica no *Museu Provincial*, froito do concurso máis prestixioso de fotografia da natureza no mundo, organizado polo *British Museum* e a *BBC Wildlife*. Os principais prémios e as mellores imaxes de cada sección ademais de un audiovisual.

SOEDADES BIOLÓXICAS
Mostra escultórica de **Iomarti** que poderemos ollar na sala de exposicións da *Capela de Sta. Maria*, até o 13 de Maio.

MING YI CHOU
Os gravados desta artista poderemos olla-los na sala *Augatinta*.

■ LEITURAS

CONTOS PARA A MEMÓRIA
Helena Villar Janeiro será quen pretenda achegarnos á literatura, en especial ao xénero do conto, no salón de actos de *Caixa Galicia* este Xoves 3 ás 18 h.

■ MÚSICA

NOVOS INTÉRPRETES
Concertos a cargo dos finalistas deste certame. O Luns 7 o **Duo Moriatov**, violín e o piano; o Mércores 9 **Roberto C. Noche Garcia** ao clarinete; e o Xoves 10, **Blanca Mª Vázquez Hermida** ao piano. No *Círculo das Artes* ás 20:30.

Monforte

■ EXPOSICIÓNS

OS RENOVADORES
A colección de arte de *Caixa Galicia* estará na sede da fundación até o 31 de Maio.

Muros

■ TEATRO

CONTOS PARA TODO O ANO
Teatro Buratini levará a cena esta obra, o Venres 4, no Centro Cultural e Xuvenil.

Nigrán

■ ACTOS

ÁFRICA NOS SENTIDOS
A outra cara de África, exposición sobre a realidade cultural e antropolóxica deste continente, organizada pola Concellaria de Cultura e o Coléxio de Vilameán, onde podemos ollala até o 17 deste mes, inaugúrase este Xoves 3 ás 19 h e servirá de cenário para o programa radiofónico **Ponte nas ondas**, impulsado polas comunidades escolares de ambas beiras do Miño, en conexión coas principais cadeas do Estado español e Portugal.

Noia

■ MÚSICA

TERRA A NOSA
Coro de Cámara que dará un concerto no Coliseu *Noela* o Venres 5 ás 20:30.

Ogrobe

■ CONTACONTOS

LAS PALIQUE Y EL BAUL JUNTOS
Espectáculo de contacontos desde o Peru, o Domingo 6 no *Vinilo* (Rua da Praza 28).

■ EXPOSICIÓNS

ADA YLLESCA
Mostra as suas pinturas na *Casa da Cultura* até o Domingo 6.

Ortigueira

■ EXPOSICIÓNS

APRENDE A MIRAR A PINTURA
Mostra que poderemos coñecer na *Casa da Cultura*.

Ourense

■ EXPOSICIONS

A FELICIDADE DA NADA
Mostra que poderemos ollar na Aula Sócio-Cultural de *Caixa Galicia*.

PAULO GOMINHO
Mostra os seus pasteis e óleos no café *Bohemio*. **Narciso Corral** ten no *Cátedra* ceras e acrílicos. **Xosé Álvarez** ten acuarelas no café *Isaac*.

Derradeiros dias para ver a interesante mostra de Xacobe Meléndez Fassbender na galeria *Sargadelos* de FERROL.

Fernández Amor mostra as suas esculturas na sala *Bacabú* de LUGO.

■ LEITURAS

NAVEGANDO NA TERRA
Apresentación deste libro de **Paloma Diaz Andina**, o Venres 4 no *Salón de Actos Artesáns*, ás 20 h., na que intervirán **Antonio Campos Romay, Daniel Cortizo Álvarez** e **Jesus Pablo Gzlez. Moreiras**.

■ MÚSICA

CLUB V
A sala *Mardigrás* servirá de cenário, o Venres 4, para esta banda; o Sábado 5 **The Galligows** será quen actue neste local; o Xoves 10 teremos a **Vagamundos**; o Venres 11 a **The Finkers**; e o Sábado 12 a **Narco**. Máis información en http://mardigras.8k.com.

ELEFTHERIA ARVANITAKI
Levará a súa música, o próximo Xoves 10, ao *Pazo da Ópera*. Esta cantante grega é a promotora e impulsora da música rebética, xénero que mestura a música tradicional grega con sons electrónicos. O prezo das entradas oscila entre as 1.000 e as 2.000 pta.

Culleredo

■ TEATRO

COMPAÑIA
Galeria Cia. de Teatro trae á vila esta obra que vai ser cenificada, o Venres 4, no *Edifício de Servizos Múltiples*.

A Estrada

■ EXPOSICIÓNS

ÁLEX VÁZQUEZ
Ten unha exposición na sala de *Caixanova*, que estará aberta até o 13 de Maio.

Ferrol

■ EXPOSICIÓNS

IDENTIDADEQUILIBRIO
Mostra fotográfica de **Xacobe Meléndrez Fassbender**, que teremos na galeria *Sargadelos* até o 5 de Maio, consistente en 22 obras nas que se nos apresentan animais en movimento, troncos mortos e vivos, paisaxes, cascos de vellos barcos metálicos... como metáforas da vida cotiá.

■ LEITURAS

"AZUL COBALTO
... Historia posible do Marqués de Sargadelos", libro do que é autor **Alfredo Conde**, será apresentado por el mesmo acompañado de **Isaac Diaz Pardo** e **Eduardo Fra Molinero**, este Xoves 3 ás 8 do serán n galeria Sargadelos.

DA PERIFÉRIA Á REDE
Internet na Galiza, língua e contidos. Apresentación deste libro de **Isabel Vaquero** e **Daniel Romero** o Mércores 9 ás 20 h. na galeria *Sargadelos*, coa intervención de **Francisco Rodríguez** (catedrático de Língua e Literatura e Parlamentário do BNG), **Xúlia Diaz Sixto** (directora da COPE na cidade, música rebética, xénero que

Maio xove en Ourense

A *Casa da Xuventude* de Ourense e o Concello organizan a XV edición desta actividade que trancorre durante todo este mes e na que participan 40 asociacións xuvenis da cidade e entidades relacionadas coa mocidade. As actividades, que se celebran maioritariamente na *Casa da Xuventude* son: O Xoves 3, ás 20h., un DEBATE sobre o futuro laboral da mocidade ourensá; e ás 20:30 h. e ás 23 h. proxectarase a fita ***Estación central do Brasil*** (1998, **Walter Selles**) que foi gañadora do Oso de Ouro no Festival de Berlin na Sala da rua do Concello 11. O Venres 4 inaugurase unha exposición sobre CASTELAO para comemorar o Dia das Letras e que permanecerá até o 15 nos locais da asociación *Amencer*; este mesmo dia, ás 17:30, comezarán unhas XORNADAS SOBRE NOVAS TECNOLOXIAS E COMUNICACION que continuarán até o Domingo. Para o Sábado 5 temos un DESCENSO AO RIO CERVES combinando várias técnicas; á mesma hora haberá un torneo de XOGOS DE CARTAS "Festa Pokemon" para o que hai que inscribirse en *Mazinger*; máis cinema ás 16:30 h. cun colóquio de **Óscar Suarez** sobre O CINEMA DE XÉNERO e a proxección das suas curtametraxes ***Amazonas 2000*** e ***The last patrol***. O Domingo 6 ás 17 e 19 h. proxectarase o vídeo ***Get Real***, dirixido por **Simon Shore**. Para o Luns 7 temos unha exposición de PINTURA INFANTIL de 19 a 21 h. O Martes 8 haberá unha COMPETICION DE TÉNIS VIRTUAL na sala de informática; ás 19 h. poderemos ir de compras e degustar produtos solidários neste mes internacional das TENDAS SOLIDARIAS. O Mércores teremos un achegamento ao MERGULLO DEPORTIVO cunha mostra de material e charla que será na sala de video. E o Xoves 10 os CAF organizan un CONCERTO INTERCULTURAL no café-cultural *Auriense* das 22:30 h. en diante.♦

Salvemos o rio Lérez

O Sábado 12 de Maio, das 10:30 h. en diante, vaise celebrar esta festa popular en protesta polos encoros de Unión-Fenosa en Parada de Tenório (Cotobade). Entre as actividades nas que poderemos participar hai un roteiro pola beira do Lérez, haberá polbo, música tradicional, fallarase o concurso fotográfico e realizarase unha baixada de *rafting* polo rio para o que hai que se inscribir no telf. 981 570 099 ou adega@ctv.es, cunha cuota de 3.000 pta., que servirán de donativo á coordenadora.♦

FERNANDO ALMUIÑA
Ten as suas pinturas na galeria *Estudo 34*. Aqui tamén podemos atopar as pinturas de **Serpa del Collado**.

CARTOGRAFIA DE GALIZA
Na Aula de Cultura *Caixanova* onde poderemos ollar numerosas cartas mariñas e mapas. Até o Domingo 6.

AS MULLERES GALEGAS NO TERCEIRO MILÉNIO
Fotografias de **Aurora Montes** no *Liceu*.

CONCURSO NORTEMPO
Na sala de exposicións da *Casa da Xuventude*, até finais de mes, con obras de Xosé Caamaño, Vicente Cañón, Xoán P. Eiras, Miguel G. Muñiz, Javier Martin, Tatiana T. Mathews, Xosé M. Miguez, Diego Opazo, Cláudio Orozco, Elisa Pereira, Carlos Puga, Txema Salvans, Txomin Txueca, Xosé Varela, Eva Várez e Jesús Yagüe.

■ MÚSICA

NOVOS INTÉRPRETES
Alguns dos finalistas deste certame darán os seguintes concertos: o Luns 7, **Marta Garcia Teijido** ao piano; o Martes 8, **Isabel Rey Sanmartin** á guitarra; o Luns 14, o oboe de **Ricardo Pazo Garcia**; e o Martes 15, **Lorena Dapena Merlán** ao piano. Todos os concertos ás 20:30 na *Sociedade Liceu Ourensán*.

■ TEATRO

MOSTRA UNIVERSITÁRIA
O MITEU deste ano chega á sua VI edición. Comezou o Luns 16 e remata este Xoves 3, vinte espectáculos de cinco países, dos que viñemos disfrutando en distintos locais como *pubs* ou as próprias ruas, ainda que a sede é no teatro *Principal*, onde a representación ás 20:30 h.

Santiago

■ CINEMA

PELÍCULAS EN VÍDEO
Organizada polo *cin-clube de Xornalismo*, proxectarán este Xoves 3 ás 18 h. ***Vida en sombras***, dirixida por **Lorenzo Llobet Gracia**; o Martes 8 proxectarase ***Pink Flamingos***, dirixida por **John Waters**; e o Xoves 10 á mesma hora ***Arrebato*** de **Iván Zulueta**.

■ CONFERÉNCIAS

PESCA NA GALIZA. PERSPECTIVAS
Mesa redonda, organizada polo *Clube Nacionalista Alén Nós*, para este Xoves 3 ás 8 do serán no hotel *Meliá-Araguaney* e na que estarán **Xosé F. Arestin Vilas**, presidente da Organización de Produtores do Palangre; **Mª Carme Garcia Negro**, profesora de Economia Aplicada e directora do grupo de investigación de Economia Pesqueira da F. de Económicas de Santiago; **Fernando González Laxe**, catedrático de Economia Aplicada da F. de Económicas da Coruña; e **Xúlio X. Pardellas**, profesor da F. de Ciéncias Sociais e pertencente ao grupo de investigación de Recursos Naturais do Departamento de Economia Aplicada de Vigo.

REALIDADE GALEGA
Os CAF veñen organizando estas xornadas no campus con actividades en todas as faculdades. Xa finalizan na de *Filosofia, Psicoloxia e CC. da Educación* con **Felipe Senén, Marcial Gondar** e un representante da *Aula Castelao de Filosofia* que falarán sobre a ***Sociedade galega nos últimos 25 anos*** este Xoves 3 ás 19 h.

■ EXPOSICIÓNS

PRIMAVERA, A PESAR DE TODO
Mostra de **Jaqueline Lamba** no *Pazo de Bendaña* organizada pola *Fundación Eugenio Granell*.

"23"
Vídeo-instalación de **Antón Caamaño** no coro da Igrexa da Universidade até o 16 de Maio.

J.J. SAMPER PAMBLANCO
Mostra os seus lenzos na galeria *José Lorenzo* até o 14 de Maio.

GALIZA EN FOCO
A sede do *Colexio de Arquitectos de Galiza* acolle, até este Venres 4, a mostra que organiza o *Clube de Prensa de Ferrol*, e no que se atopan os traballos de corenta e catro reporteiros gráficos. A diversidade das obras escollidas oferece unha visión ecléctica da actualidade galega, ainda que tamén hai lugar para o ton intimista e artístico.

Primeira mostra individual no Estado do brasileiro Efrain Almeida no *Centro Galego de Arte Contemporánea* de SANTIAGO.

PEPE BOUZAS
A galeria *Espazo 48* acolle a nova obra deste artista, agrupada en *Gráfica dispersa*, traballos feitos sobre papel, nos que o artista ourensán coida especialmente a cor e a composición, tratando de expresar o seu mundo íntimo e transportar ao público aos seus soños. Até o Martes 8.

EFRAIN ALMEIDA
Primeira mostra individual deste brasileiro no Estado tomando como referéncia a iconografia de Santiago criará unha série específica para a sua mostra no CGAC, que poderemos contemplar até o 8 de Xullo. As obras, tallas en madeira de escala reducida, evocan lendas populares, episódios bíblicos ou anécdotas persoais, aportando un toque de ironia que se acentua ao descobrir o seu autorretrato como *leit-motiv*. Nesta ocasión terá como referéncia o Pórtico da Glória e os pecados capitais, os milagres do Apóstolo e a devoción galega ás ánimas.

PAMEN PEREIRA
Gabinete de traballo, o encontro coa sombra é o título desta mostra retrospectiva da ferrolana que contempla obra desde os princípios dos 80. A poética que desprenden os seus traballos: pintura, escultura, obxectos e instalacións porase ao descuberto. No CGAC até o 8 de Xullo.

MESTURAS
Vira apresenta esta mostra, até o 15 de Maio, no *Paraiso Perdido* (Antealtares 3 Soto).

PETER WÜTHRICH
O CGAC acolle, até o 15 de Xullo, a primeira exposición no Estado do suízo, que inclue unha retrospectiva de instalacións inéditas realizadas para a mostra e con relación co próprio edifício. Pintor, escultor e fotógrafo, usa os libros como matéria prima para construir ou arremedar obxectos e paisaxes. As solucións de ton post-miminal adquiren unha configuración pictórica nese xogo cromático.

A NOITE ESTÁ VARRIDA DA TERRA
Mostra con motivo do sesquicentenário da aparición da luz electrica no Estado, patrocinada polo Consello da Cultura Galega, Unión Fenosa e a Universidade Compostelá, na *Igrexa da Universidade*.

CARTACES DE CINEMA CUBANOS
Esta mostra, que podemos coñecer na galeria *Sargadelos*, até este Sábado 5, está organizada poa U.S.C. e abranxe o período comprendido entre 1964 e 1999.

BAZAR PAZOS
A galeria *Trinta* acolle esta mostra, até o 15 de Maio, con imaxes de **Carlos Pazos** e **Mic Mau**. Ademais tamén a apresentación de *Colliure sur mour*, que é unha tirada ilimitada de broncas domésticas producidas por **The chacha original**.

DESEÑO DE VANGUARDA 1880-1940
Escolma de pezas da colección Torsten Bröhan, adquirida polo Estado español e adscrita ao Museu de Artes Decorativas, que documenta o desenvolvimento e evolución do deseño industrial desde o início, nas escolas de arte e ofícios inglesas, até os nosos dias. O ponto de partida é a toma de consciéncia no seo dos movimentos modernistas da Europa industrial con obras de Dresser, Van de Velde, Josef Hoffman, Olbrich, Peter Berhres ou Hector Guimard, continuando cos plantexamentos racionalistas propugandos pola *Werkbund*, *Bauhaus* e o *Neoplasticismo holandés* e a sua influéncia no *Estilo Internacional* do periodo de entreguerras. No *Coléxio de Fonseca*.

XASTRERIA TEATRAL DO S. XX
Até o 15 de Maio temos esta mostra na igrexa de Bonaval.

DARIO VILLALBA
No CGAC, até o 27 de Maio, unha mostra na que se expoñen unha ampla selección dos Documentos básicos deste artista nacido en Donosti en 1939. Instantáneas que serven de base a un proceso de criación que atopa na co-existéncia de fotografia e pintura unha persoal via de expresión. O que foi pioneiro no emprego da fotogradia como médio artístico a mediados dos sesenta, emprega a imaxe fotográfica, como base para transmitir sensacións.

■ MÚSICA

REAL FILHARMONIA DE GALIZA
No *Auditório de Galiza* dirixida por **Maximino Zumalave**. O prezo da entrada é de 1.400 pta. para Xoves 3 ás 11 h. da mañá. Tamén o Xoves 10 ás 21 h. e baixo a dirección de **Antoni Ros Marbà** e con **Petra Lang** como soprano.

NICOLAJ ZNAIDER
Tocará ao violin acompañado ao piano por **Daniel Gortler**, este Xoves 3 ás 21 h. no *Auditório de Galiza*. Entradas a 2.000 pta.

LAIO
A sala *Nasa* acolle, o próximo Xoves 10 das 22 h. en diante, esta banda de recoñecido prestixio que procura levar o máis lonxe posíbel a evolución da sua música baseada na raíz galega.

■ TEATRO

FURGA GARABELA
O Venres 4 ás 22 h. e o Sábado 5 ás 23 h. vai estar a compañia **Volta e dalle** na sala *Nasa* para representar esta obra que é unha expresión na língua dos afiadores sobre a sociedade. Nesta mesma sala o grupo **Eis**, dentro do **Festival de Teatro Universitário**, vai representar a obra ***Polaroid***, de Suso de Toro, o Luns 7 ás 19:30 h.; e o Mércores 9 **Hac Lucc Univ. da Coruña** cenificará a criación colectiva **O *campo***.

THE QUEEN IS DEAD
Matarile Teatro vai estar no *Galán* representando esta obra desde o vindeiro Xoves 10 até o Sábado 19 ás 22 h. A directora, **Ana Vallés**, gañou o prémio *Maria Casares* 00 á mellor dirección.

Verin

■ EXPOSICIÓNS

MANUEL PADRÓN
As suas miniaturas poden ser olladas na *Casa do Escudo*.

Vigo

■ ACTOS

OS DESAFIOS DO NOVO SÉCULO
Tecnoloxia, desequilíbrios demográficos, emigración, globalización económica, marco xeopolítico e *novedosas* intervencións militares, desafección cidadá ante a política, ou a dificuldade na construción da cidadania europea son alguns dos temas que se abordan neste ciclo de conferéncias organizadas pola Universidade de Vigo. Comezaron o Martes 24 e proseguen este Venres 4 con ***Fragmentación do político: do nacionalismo ao partido único***, por **Ángeles Maestro** (IU), **Carles Campuzano** (CiU), e **José Vilas Nogueira**, catedrático de Ciéncias Políticas de Santiago, no Salón de Actos da ETSEI Telecomunicación ás 17 h. Pecha o ciclo, **Christof Agüiton**, do comité executivo de ATTAC-Internacional, coa conferéncia ***Unha resposta cidadá á globalización da economia, o movimento* ATTAC**, no Salón de Actos da F. de CC Económicas e Empresariais o Martes 8 ás 11 h.

CEA POLOS DIREITOS DOS ANIMAIS...
de laboratório, organizada na *Cova dos ratos* o Venres 4 a partir das 22 h.

■ CINEMA

ATMOSFERA CERO
O *Colectivo Nemo* organiza este *III Ciclo de Vídeo de Fantasia e Ficción Científica* e este Xoves 3 teremos esta fita de **Peter Hyams** (1981), ás 20 h. no café *Uf* (Pracer 19).

■ EXPOSICIÓNS

CAROLINA MARTÍNEZ
Baixo o título *Re-construcción de refugios* poderemos ver esta mostra, baseada na sua traxectória artística, na galeria *Visual Labora* (López de Neira 5) até o 24 de Maio.

CARTAZES SOBRE O 25 DE ABRIL
Cedidos polo PCP, poderemos contemplalos no local da Federación de Viciños *Eduardo Chao* na Praza da Princesa, até o 6 de Maio, de Luns a Venres de 17 a 21 h.

SOSTRES
O Coléxio de Arquitectos organiza nos seus locais (M. de Valadares 27) unha mostra sobre este grande artista da arquitectura moderna. Até o 30 de Maio.

AS BANDEIRAS DE PORTUGAL
A asociación de fraternidade "Galiza-Portugal" organiza esta mostra na casa *Arines* (Teniente Almeida s/n) que foi elaborada polo *Museu da República e Resisténcia* de Lisboa, e onde se trata de analisar a evolución histórica de Portugal.

PAISAXES EUROPEUS E CUBANOS
Dos s. XVII-XX na *Casa das Artes*, baixo o patrocínio do Concello e *Caja Duero*.

Convocatórias

ETICA, CULTURA E SOLIDARIDADE
A Fundación Barrié, con motivo do Ano Internacional do Voluntariado, organiza este ciclo de conferéncias no que participarán ponentes de talla internacional. Para participar é necesário encher o boletin de inscrición indicando a que conferéncias se quere asistir e envialo á fundación (Cantón Grande 9, A Coruña) ou a meio de internet no www.fbarrie.org. O prazo de inscrición remata o 2 de Maio. O programa do ciclo comeza o Martes 8 de Maio con Fernando Savater que falará da necesidade de *educar para unha cidadania solidária*; o 30 de Maio Joaquín Araújo Ponciano exporá *Do pensamento da natureza ao pensamento ecolóxico: un novo humanismo*; o 5 de Xuño o escritor Dominique Lapierre vai falar sobre *a solidaridade desde o amor*; *Vacina da malaria: unha actitude de vida* será o tema exposto por Manuel Elkin Patarrollo o 11 de Xuño; e para rematar co ciclo Federico Mayor Zaragoza fará unha exposición baixo o título *No mesmo barco*. Todas as conferénicas serán ás 20 h. no auditório da fundación e para acceder a el é imprescindíbel amosar o D.I. No caso de o necesitar, haberá servizo de interpretación para xordos.

CENTRO DE ARTESANIA E DESEÑO DE GALIZA
Os cursos de oleiro-ceramista, carpinteiro-ebanista artesán e de tecedor de tear manual xa están en marcha no centro e teñen unha duración de 740 horas (de Abril a Novembro). Os horários varian segundo o curso e incluen orientación laboral. Máis información na Deputación de Lugo ou no próprio centro (telf. 982 219 014).

IV EDICIÓN XOGOS FLORAIS
A sociedade cultural *Rio Condomiñas* de Cedeira convoca este evento para o Sábado 26 de Maio na igrexa parroquial de Santa Mª do Mar. Para poder participar, os poemas deben ser orixinais e en língua galega, un só por participante. Os poemas deberán enviarse, antes do 24 de Maio, á asociación: Avda. Fraga Iribarne, 10-baixo, 15350, Cedeira (A Coruña) e os participantes deberán presentarse, na data da celebración ás 16:30 h. para o recitado dos poemas. Os prémios que se estabelecen son, de 1º a 3º, unha violeta de prata maciza bañada en ouro, e duas violetas de prata maciza. Máis información no telef. 981 482 468.

XXXIV CONCURSO DE CONTOS "BREOGÁN"
Organizado polo Centro Galego de Bizkaia, en Barakaldo, co especial motivo do seu centenário. Poderán participar autores de calquer nacionalidade con obras inétidas en língua galega cuxa extensión sexa maior de 3 fólios e menor de 6. As obras deberán ir mecanografas por unha só cara e a dobre espazo e hai que as enviar ao centro (Rua de Galiza 3) por quintuplicado e baixo lema. Nun sobre adxunto indicarase o lema e figurarán os dados do autor. A data límite de recepción de obras será o 30 de Xuño e o 25 de Xullo coñecerase a obra gañadora que será publicada no boletin do centro "O Xistral". Máis información en CGBB.BARAKALDO@terra.es ou en www.euskalnet.net/cgbb.barak. ♦

En Rota

A FOTOGRAFAR O RIO BELELLE
Organizado pola A.C. *Alexandre Bóveda* da Coruña, terá lugar o vindeiro Domingo 6 de Maio, con acompañamento dun monitor de fotografia e outro de ADEGA para maior disfrute do percorrido. As persoas interesadas poden apontarse no local da asociación, Linares Rivas 49, 1º (de Luns a Venres de 17 a 21 h.), ou solicitar máis información, co mesmo horário, no telf. 981 244 355.

SERRA DO PINDO E RIO XALLAS
O Sábado 12 e Domingo 13 de Maio, organizado por ADEGA coa intención de coñecer o interese ecolóxico desta serra. Para máis información dirixídevos a ADEGA-Lugo: Miguel de Cervantes, 47 - Entrechán. 27.003 Lugo, no telf. 982 240 299 ou no correo electrónico adegalugo@wanadoo.es. ♦

O multipremiado grupo de folc galego *Luar na Lubre* apresentará o seu novo disco o vindeiro Sábado 12 en VIGO.

O CORPO ESTRANO
Mostra de **Carme Nogueira** que se poderá ver na *Ad Hoc* (Garcia Barbón 17) até o 18 de Maio.

■ **MÚSICA**

SINFÓNICA DE GALIZA
Consolidada coma unha das grandes orquestras do Estado e con xiras por todo o mundo, acturará no CC *Caixanova* este Xoves 3. Máis información e venda de localidades no telf. 986 238 051.

A Rede

CONCELLO DA CORUÑA
www.aytolacoruna.es

O enderezo electrónico do Concello da Coruña oferece unha mostra da teima de Paco Vázquez co L, pero tamén aloxa unha páxina trilíngüe ben feitiña que informa sobre a cidade, o concello, o urbanismo, a cultura municipal e local, a mocidade, o deporte, os servizos sociais e a facenda municipal.♦

LUAR NA LUBRE
Este grupo coruñés está a apresentar o seu novo disco cunha ampla xira tanto pola Galiza coma polo resto do Eestado. Desta volta poderemos gozar da sua música o próximo Sábado 12 no CC *Caixanova*.

DAR FUL FUL & KREIDLER
O Venres 4 os alemáns de Kreidler e o duo formado por Xavi e Marco van estar todos xuntos no *Vademecum*.

NOVOS INTÉRPRETES
Os finalistas deste certame darán os seguintes concertos: o Luns 7, **Roberto C. Noche Garcia**, clarinete; o Martes 8 **Marta Garcia Teijido**, piano; o Luns 14, **Isabel Rey Sanmartin**, guitarra; e o Martes 15, **Ricardo Pazo Garcia**, oboe. No *Auditório Martin Códax* do *Conservatório Superior de Música* ás 20:30.

■ **TEATRO**

LEVAME... XOGAS?
Dentro das actividades deste programa para os menores de 6 anos, o Venres 4 das 18 h. en diante **Rivel Animación** vai por ponto final ás actividades cun percorrido final por un mundo de fantasia contando e cantando histórias, con obradoiros e xogos moi variados.

SUCESOS
Esta produción de **Gustavo Pernas** vai estar no CC *Caixanova* o Venres 4 e o Sábado 5 representado por **Áncora Producciónss**.

ESPERANDO A GODOT
Esta obra de Samuel Beckett, vai ser representada por **Teatre Lliure** no CC *Caixanova* o Martes 8.

A LONGA AGONIA DAS CENTOLAS
De Ovidio Blanco, por **Teatro da Lúa** o Venres 11 e Sábado 12 no CC *Caixanova*.

Vilagarcia

■ **EXPOSICIÓNS**

IDEARIUM
Obras de **Guillermo Pedrosa** que podemos ollar na *Casa da Cultura*.

Barcelona

■ **CONFERÉNCIAS**

O GALEGO NAS TERRAS DO BIERZO
Xabier Lago será quen expoña o tema, o Venres 11 ás 20 h, no *Pati Llimona*, organizado pola Asemblea do BNG de Catalunya.

Anúncios de balde

■ **Alúgase apartamento para 4 persoas**, totalmente equipado, a carón da praia en Carnota. Telf. 981 761 144.

■ **Islam: Xornadas para un achegamento**. Terán lugar en Ourense durante o mes de Maio. Inscrición gratuíta escrevendo ao apdo. de correios nº 489 - 32080 Ourense ou chamando ao telf. 687 245 332.

■ **Profesor de formación vial ofrécese** para traballar en auto-escolas de toda España. José. Telf. 913 760 723.

■ **Vendo taberna-pub folc funcionando**, a 5 Km. de Bueu, con casa de pedra restarurada con calefacción e amoblada, terreo de 500 m² e manancial de agua. Telf. 600 717 628.

■ **Particular vende Clio 16 V** do ano 1992, impecábel. Razón no telf. 981 128 630 polas noites.

■ **O grupo Pozo de ideas busca "voces"**. Este colectivo literário reúnese na R.U. Monte da Condesa (Sala de Ensaios, 2º andar) de Santiago, para ler e falar de diversos temas. Estamos a prepara a publicación dun libro e vários recitais. Achégate ás reunións (Luns ás 22 h.) ou chama ao telf. 658 486 603 (Marga Espiñeira).

■ **Vendo remolque-tenda.** Bon estado, catro prazas. Telf. 986 243 870

■ Selos novos, con ou sen goma, usados mundiais e tarxetas telefónicas novas ou usadas. Merco. Libros de EXB, BUP, COU, maxisterio, leitura. Vendo baratos. Jose. Apdo. 32 004, 28080-Madrid.

■ Xa está en rede a séptima edición do **Bulletím Onda Nada**, magazine electrónico de cultura e actualidade, http://bulletim.tripod.com.

■ **Vendo forno xiratório**, para panadaria ou confitaria, de catro metros de diámetro. Dous anos de uso, en perfecto estado. Funciona con leña ou fuel, incluído mecheiro. Telf. 650 069 438.

■ **Alugo habitación en Compostela** (Avd. de Lugo) por 15.000 pta. Sen humidade, direito a cociña e lavadora. Preguntar por Luísa Mera no telf. 981 554 219 ou no móbil 686 732 242.

■ **A Asociación Cultural *Obradoiro da História* vén de publicar un tríptico e marca-páxinas** para comemorar o VIII cabodano da morte do crego nacionalista Moncho Valcarce. Os interesados en recibilo, de balde, poden solicitalo a: Asociazón Cultural "Obradoiro da História", apdo. 42, 15.680, Ordes.

■ **Véndese piso na Travesia de Vigo** (Vigo) de 111 m², todo exterior, alto, luminoso, 3 cuartos, 1 despacho, cociña nova, calefacción individual, garaxe e trasteiro. 19 millóns. Telf. 986 378 101.

■ **A peña deportivista *Pardo de Cela* tén á venda camisolas, puchas...** coa simboloxia da equipa branquiazul. Tamén organizamos viaxes en auto-carro a Riazor. Máis información no próprio local social: Bar San Pedro, Correlos 19, Mor Alfoz (Lugo).

■ **Alúgase casa amoblada por tempadas na Ribeira Sacra** (Nogueira de Ramuin). Telf. 986 376 022.

■ **Milhomes (grupo gai da Coruña) dá informació**n, apoio, brinda servizo de videoteca e biblioteca, e capta sócios para o activismo ou simpatizantes da liberación gai nos telf. 981 144 151 e 686 307 543, de 18 a 20 h.e todo o dia respectivamente, ou no Apdo. de Correios 24 c.p. 15.080 da Coruña. Tamén no correo electrónico: milhomes53@latinmail.com

■ **Música clásica para vodas.** Diferentes grupos de cámara e soprano. Telf. 981 507 925, simo32@teleline.es

■ **Técnico de son con experiéncia busca traballo** nese campo ou do que sexa. Disponibilidade total de mobilidade xeográfica. 981 200 229, Sérgio.

■ **Alugo piso en Compostela** totalmente amoblado. Tres cuartos, 2 baños e sala. Frente ao *Hipercor* (bairro do Restollal). Telf. 639 129 585 / 981 578 070.

■ Coleccionista **merca monecos Geyperman, Madelman, e Scalextric.** Non importa o estado. Pago moi ben. Telf. 699 590 273.

■ **Para non ter que emigrar ás Canárias**, diplomado en primária busca calquer traballo na Galiza. Manuel, telf. 616 354 911.

■ **Rapaz retornado da emigración desexa contactar con xente na mesma situación** para intercámbio de opinións, vivéncias, etc. e, de cadrar, criar un foro de debate sobre a imigración, retorno... Apdo 134 de Burela 27.880.

■ Se quigeres participar na **campanha contra as novas matrículas impostas polo Governo espanhol** solicita no apdo. 2.134 de Compostela o autocolante *GZ* para colocar em cima do *E* ou ao lado das matrículas velhas (deves mandar 150 pta. em selos por unidade). Podes también colaborar economicamente com o fundo de resistência da *Plataforma Cidadá Galeguiza a tua Matrícula* para sufragar as multas depositando a quantia que considerares portuna no nº de conta 2091/0316/91/3000206989 Caixa Galiza.

■ Busco **compañeiro/a de viaxes para facer o Transiberiano (Moscova-Ulan Bator-Beigin)** o próximo verao. Tamén agradeceria consellos e información de alguén que xa o fixera. Teño 36 anos. Interesados contactar no enderezo electrónico: Danpress@ozu.es

■ **Vende-se piso en Alacant** (zona centro), impecábel de 100 m² con 4 cuartos, 2 baños completos, salón-comedor, terraza e trasteiro, por 24 millóns negociábeis. Máis información no telf. 686 753 105 ás noites.

■ **Venden-se porcos alimentados na casa** (Melide). Telf.: 981 505 972 / 636 270 817.

■ **Vende-se temário orixinal oposicións Educación Secundária-Tecnoloxia** a metade de prezo. 71 temas específicos, 12 temas LOGSE. Telf. 981 284 837.

■ **Está na rua o número 1 de *Somos alguén,*** a revista galega de información, opinión e debate, comprometida co país. Información sobre conflitos, opinións plurais e artigos de recuperación da nosa memória histórica. 54 páxinas para reconstrución nacional da Galiza. Se desexas transmitirnos os problemas da tua comarca, escreve-nos. Tamén podes mandar artigos de opinión ou o que queiras. Primeiro número de balde. Podes colaborar enviando 240 pta. en selos a *Verbo Livre Edicións*, Apdo. dos correios 6123-36200, Vigo.

■ **Vendo libros cun 40% de desconto** sobre prezo en librarias. Pede o listado a librosvarios@mixmail.com.

■ A Assembleia da Mocidade Independentista de Ponte Vedra vem de reeditar ums **iskeiros co lema Independéncia,** em várias cores (branco, verde e negro). Para consegui-los só tes que mandar-nos 5 selos de 40 pta. ao apdo. dos correios 561-36080 Ponte Vedra.♦

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámos-vos nolas fagades chegar antes dos Luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Madrid

■ **ACTOS**

FRANCISCO RODRÍGUEZ
O filólogo, portavoz e deputado do BNG no Congreso, comemorará o Dia das Letras, adicado a Eládio Rodríguez, cunha conferéncia titulada ***Situazón social do galego e política lingüística oficial***, o próximo Xoves 10 de Maio ás 19 h. no Centro Galego (Carretas 14, 3º andar). Ademais haberá un ***Recital con representantes da Nova Xerazón Literária*** galega.

■ **FEIRAS**

BIOCULTURA
Semana Verde Internacional, Feira das Alternativas e o Consumo Responsábel, que se celebrará, do 4 ao 7 de Maio, no Palau Sant Jordi.

Porto

■ **EXPOSICIÓNS**

O SINDROME DE AUSCHWITZ
Mostra fotográfica que reflicte a crise pola perda dos valores da Modernidade na II Guerra Mundial, traduindo a ruptura cos humanismos tradicionais. En colaboración co *Arquivo de Rotterdam* programouse un ciclo de exposicións que oferecen un reflexo sobre aspectos significativos deste periodo (anos 30 e 40). Na *Cadeia da Relação* até Xuño.

Braga

■ **EXPOSICIÓNS**

GALERIA MÁRIO SEQUEIRA
Sita na Quinta da Igreja, Parada de Tibães, alberga unha mostra colectiva de artistas de diversas nacionalidades: **Frank Bauer, Gabi Hamm, Chantal Joffe, Naoto Kawahara, Wolfgang Kessler, Karin Sander, Dirk Skreber, Santiago Ydañez, Luís Coquenão** e **Sara Maia**, que presentan exercícios conceptuais con valores máis alá do aspecto formal. Simultaneamente, no *Espaço 2* desta galeria, **Natacha Marques**, xove pintora portuguesa, mostra retratos con aparencia fotográfica, entanto que na sala de proxeccións poderemos contemplar a vídeo-instalación do alemán **Andrea M. Kaufmann**. Todas elas até o 3 de Maio.♦

ESPIRAL MAIOR
a forma máis pura do motivado
ler é ser
LEA LIBROS
Á venda nas mellores librerías

Narrativa para saírmos da crise

O CAMIÑO DE PRISCILIANO
Ramón Chao

BREVIARIO DE CALAMIDADES
X.L. Martinez Pereiro

OS SÉCULOS DA LÚA
Xosé Carlos Caneiro

CAMPO DE MARTE
Xulio López Valcárcel

EU TAMÉN FUN COAS VACAS
Afonso Eiré

CASARRIBA
Euloxio R. Ruibal

O CUARTO DOS AUSENTES
Francisco A. Vidal

TALVEZ MELANCOLÍA
Xosé Carlos Caneiro

ÁBRELLE A PORTA AO MAR
Xavier Seoane

MEDICIÓN DEFINITIVA DO LIMBO
X.L. Martinez Pereiro

Impreso en papel reciclado Greenrecy 100 de 60 gr./m²

A NOSA TERRA

DIRECTOR: Afonso Eiré López EMPRESA XORNALISTICA EDITORA: Promocións Culturais Galegas S.A. PRESIDENTE: Cesáreo Sánchez Iglesias
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade (986) 43 38 30*. Redacción (986) 43 38 86 - 22 24 05. Fax (986) 22 31 01.

• 3 DE MAIO • 2001 • Nº 985 • ANO XXIV • IV XEIRA •

8 400021 303104 00985

A hipotética voda de Felipe de Borbón con Eva Sannum xera un afervoado debate político

Monarquia de salón

A. EIRÉ

Felipe de Borbón, herdeiro da Coroa española, anda parrafeando para maridar. As revistas "rosa" hai moito tempo que están á procura dunha noiva axeitada. Mentres aumentan as suas vendas, conmínano a casar canto antes. O debate sobre a futura raiña, pechado na xaula de *papel couche*, saltou ás editoriais dos xornais, ás tértulias e até aos círculos monárquicos. Eva Sannum é a culpábel. A Monarquia está en cuestión por un casório.

"Prefiro a República, cuxo presidente podo destituir votando se non gosto del, que unha Monarquia cunha raiña que non sexa profisional". Estas afirmacións de José Luis de Vilallonga, dan unha idea do debate que se instalou na sociedade española a respeito da futuríbel voda de Felipe de Borbón con Eva Sannum, unha modelo de Oslo procedente dunha família de clase médiabaixa.

Non é Vilallonga un monárquico calquer. É o biógrafo de Juan Carlos I. Ademais, como el puxo de manifesto nunha entrevista para *Antena 3*, antes de escreber estas afirmacións en *ABC* (xornal monárquico) remitiulle á Casa Real o seu artigo. "Se consideraran que non era procedente, terianmo feito saber", afirmou.

Tamén Carlos Seco Serrano, o académico da História tan próximo á Casa Real que é un dos autores de múltiples discursos do Rei, rexeitou que Eva Sannum "se poda convertir na futura raiña de España".

Estas posturas, como outras de articulistas que comparten a "defensa da Monarquia", levan a pensar que o seu parecer non é algo persoal. As presións sobre Felipe de Borbón para que non case con Eva Sannum, proceden do intento dos monárquicos, desprazados dunha Corte tradicional por Juan Carlos, de xogar forte para tomar posicións na Monarquia reinstaurada por Franco que, daquela, esqueceu aos monárquicos.

Semella que este veto a unha "plebeia" nórdica, para tratar de que Felipe de Borbón rache coas relacións xa antes de facerse estas oficiais, é unha nova batalla monárquica por recuperar protagonismo de certos estamentos coma os *Grandes de España*, que veñen reclamando perrogativas desde hai tempo, e certos indivíduos que sempre arelaron unha Corte tradicional e que Juan Carlos non puido ofrecerlles, rodeándose máis de banqueiros e de xente famosa con diñeiro ca de títulos nobiliários. Asi llo esixiron as circunstáncias.

Mudar os tempos

Esta desputa, cada vez máis encirrada, ten un forte transfondo político. A Constitución de 1978 derogou a pragmática sanción de Carlos II que proibia os matrimónios *desiguais*. Para proibirlle a Felipe de Borbón maridar con Eva Sannum ten que darse unha "expresa proibición do Rei e das Cortes" como recolle o artigo 57. Nen os monárquicos nen as suas institucións pintan nada nunha democrácia constitucional.

Os intentos de instaurar unha Monarquia tradicional nesta desputa semellan claros. É certo, como afirman, que a Monarquia é unha institución que non se rexe polas reglas "normais", pero tamén é certo que as reglas institucionais están claras.

Además, como defende por exemplo a editorial de "El Periódico", "Príncipe ou non, todo home ten direito a casar con quen queira. Felipe de Borbón foi educado para ser rei e a sua muller terá que cumprir co papel que lle ditan as leis e o protocolo".

Detrás do rexeitamento a esta *plebeia* de Oslo, subxace unha idea de Monarquia á vella usanza, que nada ten que ver coa que anúncian: unha rapaza con títulos garante unha mellor "calidade natural" para ser unha "raiña profesional" ao estilo de Sofia de Grécia, como reclama Vilallonga. Antigüallas de salón monárquico. Seria mellor perguntar: Cantas raiñas infaustas de linaxe real? Cantos monarcas, fillos de monarcas opróbio dos cidadáns? Cantos houbo que permitisen o avance social?

Todo semella indicar que nesta polémica que, por fin, permite falar da Monarquia e o seu papel, non están só os vellos monárquicos, senón que está alentada polo desagrado dos reis, máis concretamente de Sofia de Grécia, a que o príncipe case con Eva. Non se poden simplificar as tensións afirmando que "Sofia de Grécia sabe, por própria experiéncia, canto de fogosidade existe nos Borbóns" como afirma algun xornalista. Está en xogo a concepción da própia Monarquia e o seu futuro como institución útil para os tempos presentes. E o que afirman tamén os monárquicos.♦

Os rumores afirman que en breve se anunciará o moceo de Eva Sannum, na fotografía, con Felipe de Borbón.

Liberdade sen liberdades

XOSÉ RAMÓN POUSA

Os obstáculos políticos, sociais e económicos , seguen a ser as grandes trabas para o desenrolo da liberdade de prensa no mundo. Digo isto no día en que, sen pena nen gloria, o mundo celebra o Día Internacional da Liberdade de Expresión, noticia da que dá conta un vomitivo telexornal que, como cada día, ven de emitir unha información absolutamente parcial, manipuladora e tendenciosa sobre a campaña electoral que este días vive o País Vasco. Paradoxas da comunicación.

O Día Internacional da Liberdade de Prensa adícase este ano ao racismo xa que o 2001 é o Ano Internacional da Mobilización contra o Racismo, a Discriminación Racial, a Xenofobia e a Intolerancia. Dado que a ceremonia estase a celebrar en Windhoek (Namibia), mesmo semella que o problema é exclusivamente de quen padece as consecuencias do fenómeno, os propios africans. E que os europeo ficamos a salvo deste problema que envolve o mundo. Nós, que nos limitamos a recibir mediocento de pateeiros por telexornal e a redimilos dunha morte segura.

A Liberdade de Expresión precisa de máis dun día ao ano. Nunca estiveron moi ben as cousas para o oficio do xornalismo. Que llo digan senón ao galardonado deste ano, o xornalista birmano U Win Tin, encadeaado actualmente. Ex redactor xefe do cotidiano birmano *Hanthawati* e fundador da Liga Nacional para a Democracia, U Win Tin foi detido en 1989 e condeado a 14 anos de prisión por pertecer supostamente ao prohibido Partido Comunista de Mianmar. En 1996, U Win Tin foi xuzgado internamente na misma prisión e condenado a 5 años máis por ter escritos na súa posesión, o que infrinxía o regulamento da prisión. Ese mesmo ano foi trasladado á prisión de Myingyan, ao norte de Rangoon, onde non podía ser visitado pola súa familia e amigos nen recibir alimentos nen medicamentos. Enfermo, foi trasladado en 1997 ao Hospital de Rangoon donde se atopa actualmente en estado moi grave.

Prescott Low, representante da Asociación Mundial de Diarios (WAN), recibirá o Premio en nome do xornalista encadeado. En nome dos que, sen chegar a extremos, teñen algo que comunicar e non teñen onde.♦

VOLVER AO REGO

Cacharro Pardo ven de afirmar que a senténcia do Supremo sobre o canon eléctrico pode ser delictiva. O presidente de Deputación de Lugo usa un agónico recurso do auto de execución de senténcia, e lánzase ao corazón do alto tribunal. Todo por non pagar os 2.700 millóns que lle debe a 17 concellos lugueses. O que verdadeiramente *ten delito* son os alcaldes de Quiroga, Guntin, Sober e Chantada, tamén deputados provinciais, votando en contra de que lles paguen os centos de millóns que lles deben aos seus próprios concellos.♦